

# A NOSA TERRA



ANO IX • 10 DE ABRIL • 1986

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Nº 290 • 90 PESETAS

## LUGO: CATAACUMBAS PARA AUTOMÓVILES

### A febre dos aparcamentos subterráneos

O alcalde de Lugo Vicente Quiroga e o concellal-delegado de Tráfico Alfredo Mosteirín observan os restos da necrópolis romana da Praza da Constitución destruídos polas paleadoras que construen os aparcamentos soterráneos en Lugo



A pesar da entrada na C.E.E.

### Continúan as colas na fronteira de Tui

(páx. 3)

Alimentación ou negocio:

un dilema para a agricultura

### Na C.E.E. destrúense miles de toneladas de alimentos cada ano

(páx. 11)

#### SUMÁRIO

- Artigo de LL. M<sup>a</sup> Xirri-nacs ..... (páx. 7)
- Filosofía crítica contra filosofía positivista ..... (páx. 8 e 9)
- Convénios colectivos baixo o signo do paro ..... (páx. 14)
- O futuro das cámaras agrárias ..... (páx. 14)

#### EROTISMO E/OU PORNOGRAFIA NAS LETRAS GALEGAS

##### ESPECIAL 17 DE MAIO

A literatura debe ser como o corpo, algo para disfrutar, por iso este 17 de maio, Día das Letras Galegas, irá dedicado aos relatos breves erótico-pornográficos (segundo o termo que preferades, pois o debate terminolóxico deixáremolo para mellor ocasión).

Esquecédevos dos eufemismos e da moral convencional ou conservadora —que non ten porque ser a nosa— ademais na literatura non existe o pecado, só a hai boa ou má.

Se lle dades ben á pluma e vos apetece mandádenos un relato curto (non máis de 80 liñas mecanografiadas) a A NOSA TERRA, apartado 1371 de Vigo, para que o teñamos aquí denantes do 30 de Abril —contade con que Correos vai moi de vagar—. De entre o que nos mandades (ollo co machismo!!) faremos unha selección que xunto coa excitante colaboración de varios coñecidos escritores e dibuxantes esperamos que compoñan un especial que contribua á nosa saúde e á das nosas letras.

XOSÉ LUIS TEJERO



editorial

# A política nordeamericana en Centroamérica ao descuberto

O Goberno das Honduras admitiu oficialmente, por meio dun comunicado da chancelaría, que está sendo pressionado desde fóra e desde dentro para provocar unha guerra con Nicaragua.

Non é nada novo o feito das presións en si mesmas, pero si que sexa o goberno hondureño quen as recoñeza pública e oficialmente, quedando así totalmente ao descuberto as tácticas americanas para derrubar ao réxime sandinista de Managua. Dá igual que conte coa oposición dun país soberano, do seu goberno e sobretudo do seu povo, ao que quer utilizar como instrumento dos seus plans imperialistas e xenocidas. (Ver artigo de Fred Clarkson en páxina 6).

O Goberno americano e os bastións da industria armamentista que o apoian non dubidan así en recorrer ao enfrenteamento entre dous povos veciños para conseguir os seus obxectivos. Sabedores de que a "contra" non poderá derribar o sandinismo nen aínda que se aproben os 100 millóns de dólares (o asesor de Reagan, Coronel McFarlane ten xa manifestado que farián falta 500 millóns) e véndose imposibilitado, polo momento, de usar directamente soldados americanos, pois a maioría da opinión pública estadounidense segue rechazando esta medida, (non por non estar de acordo coa interven-

ción en Nicaragua nen co derribo do sandinismo, senón porque non queren ver morrer aos seus soldados) o que tenta é que Honduras e Nicaragua entren en guerra para así poder intervir dunha vez por todas. Naturalmente o povo hondureño funcionará de carne de cañón e marioneta ao servizo dos intereses imperialistas, aínda que tamén sería unha cobertura para a intervención directa nordeamericana.

Nas Honduras, sectores organizados de todo signo condenan un posible conflito armado con Nicaragua, pero a vinculación da política exterior local coa dos EE.UU. é cada vez máis estreita, polo que o comunicado oficial do Goberno, denunciando as presións, non parece ser outra cousa que o S.O.S. agónico dun povo que está a morrer por estrangulamento.

Dentro desta total vinculación dos intereses hondureños aos dos EE.UU. hai que inscribir as chamadas operacións para repeler a "agresión sandinista".

Sintomaticamente o conflito na fronteira xurdiu poucos días despois de que o Congreso americano rechazase a proposta de Reagan de conceder os 100 millóns aos contras.

O Goberno das Honduras "solicitou" apresuradamente axuda militar americana, especialmente no trans-

porte de tropas á zona fronteiriza con Nicaragua.

Os americanos proporcionáronlle de inmediato unha axuda de 20 millóns de dólares en "axuda militar de emerxencia", que agora queda ao servizo dos "contras".

Pero é máis, segundo noticias recibidas da propia fronteira, non houbo tal incursión sandinista, senón unha invasión de *contras* apoiados por tropas hondureñas. As forzas nicaraguenses o que fixeron foi repregarse fuxindo da confrontación directa e esperando a que se disgregase o inimigo (Honduras nunca se adentraría nestes momentos alén dos 10 quilómetros de repregue sandinista) e logo atacar aos *contras*. Estas fontes tamén recoñecen que a artillaría pudo bombardear nalgunha ocasión territorio hondureño.

Todo parece indicar que o "incidente" foi expresamente ordenado por Reagan para poder forzar unha axuda aos *contras* que o seu propio Congreso lle negaba.

Vemos así como a política imperialista vai día a día nunha escalada de tensión e desprezo polos povos e xentes do mundo, mentres os países de Occidente seguen aprobando tacitamente estas accións, cunha Internacional socialista máis muda que nunca.

# A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas.  
**Consello de Administración:** Presidente: Casáreo Sánchez Iglesias. Conselleiro-Delegado: Ramón Fernández. Secretario: Xosé M. Dobarro Paz. Conselleiros: Fernando Cuñarro, Francisco Carballo, Lois Diéguez, Francisco Trigo, Aurichu Pereira, Antón da Ponte.  
**Director:** Alfonso Eyré López  
**Redacción:** Xan M. Carballa, Manuel Veiga  
**Correspondentes e colaboradores:** Manuel Hortas Vilanova, Antón Baamonde, Francisco Carballo, Xesús González Gómez, Manuel Rivas, Xesús Vega, M. Chouza, R. Cid, X.M. Aldea, X. Larrosa Vila, Lois Diéguez, César Varela, L. Méndez, Carmen G. Ares, Xosé M. Salgado, Anxela Rodicio, J.A.M. Xesús López Támara, Xosé M. Carreira, Antón Fernández, Xosé Lodeiro, Manuel Miraglia, Fernando M. Vilanova, Xesús Torres, A. Loureiro, Paco Arriazo, S.A. Suárez, Laxe Grande, Suso Piñeiro, X. González Álvarez, Domingos Prieto, Carlos Durán, Xesús Cambre Mariño, Begoña Moa, Alfonso Rivas, Xaquín Aguilá, Fernando Carballa, M. Fernández, Vitor Vaquero, Antón Mascato, Xico Peña, X.M. Estévez Freireiro, Manuel Lusiño Rey, Anselmo López Carreira, Hernán Naval, A. Cordero, Lupe Ces, Francisco Ant. Vidal, Xavier Seoane, Ricardo Rivera.  
**Fotografía:** Xurxo S. Lobato, Tino Viz, Chus García, Moncho Rama, X. Marra, X. M. Albán, E. Reimón, Che, X. M. Fontán, X.L. Díaz, Nelson Gómez, Moncho Iglesias, Alexandra Díaz, Delmi Álvarez, Xosé Luis Suárez Canal, Manuel Sendón.  
**Ilustracións:** Xosé Luís, Pepe Carrizo, Cali, Carlos Silver, Ferreiro, Felo, Xulio Galiso, Anxo Baranga.  
**Axencias:** Novosti, ADN, Jana, Prensa Latina.  
**Deseño e montaxe:** Xoselo Taboada, Guilfermo Gómez.  
**Corrección Lingüística:** Fernando Carballa  
**Publicidade:** Xosé Fernández Puga  
**Redacción e Administración:** Rua Pontevedra, 4-5º. Apartado de Correos: 1371 - Vigo. Telfs.: (986) (Redacción) 222405 (Administración) 433624.  
**Imprenta:** E.C.C. - 3 1958  
**Depósito Legal:** C-963-1977  
**ISSN:** 0213-3105  
 A NOSA TERRA non se identifica necesariamente cos artigos de opinión publicados nas súas páxinas, respectando a independencia dos seus autores. Non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución, sempre que se cite procedencia.

**NOTA DA REDACIÓN**

A redacción resérvase o dereito a resumir aquelas cartas que excedan de trinta liñas mecanografiadas.

As numerosas deficiencias observadas na recepción do periódico por parte dos subscriptores son completamente alleas a A NOSA TERRA, tendo o seu motivo principal no mal funcionamento do servizo de Correos.

cartas

CONTRA O REAL MADRID

O Real Madrid xa é Campeón de Liga. Noraboa.

Noraboa aos esforzados xóvenes *fascistas* da Peña Ultra Sur. Noraboa ao "señor" Plaza e a todo o Coléxio Arbitral. Noraboa aos *afeixoados vigueses* que animaban a este equipo cando xogaba contra o Celta en Balaidos. Noraboa a todos os locutores, técnicos e directivos da SER, Antena 3, Rádio Nacional... e moi especial a TVE, sen esquecerse dos "chicos" da prensa. Noraboa a toda a Federación Española de Fútbol en conxunto. Noraboa, en definitiva, a todos os que hoxe se sinten orgullosos de que por fin despois de cinco anos gañase a liga un equipo español.

Sen a valiosa axuda de todos eles o éxito do Real Madrid non tido sido posíbel. *Gracias afeizón!*

O Madrid gañou a liga igual que o Pesoe o referendium da OTAN: *Gracias aos meios de comunicación, ao medo e á sorte, a sorte do campeón, que lle din.*

Os "mass media" levan, xa non desde principio de temporada senón desde hai cinco anos (ou desde sempre), facendo un insistente *labor de propaganda "desinteresada"* e, no caso de moitos pobres e infelices profesionais, case inconscientes, que para lembrar situacións semellantes teríamos de retroceder no tempo até épocas remotas (ou quizais non tanto) de maior "glória imperial".

O *medo* que nos meteron no corpo "*socialistas*" e os meios estes de comunicación coa "historia" da OTAN é moi parecido ao que inexplicable e incomprendiblemente sinten os equipos máis ou menos modestos da primeira división cando se enfrentan ó equipo branco, xogando sempre *acobardados*.

A *sorte do campeón* coñécese moi ben, entre outros, os

sofridos xogadores e "forfos" sevillistas, que temporalmente ven como *erros arbitrals*, supostamente non intencionados pero sempre favorábeis ao Madrid, non lle permiten nunca acadar unha vitoria case sempre merecida. Que estraña maldición ou condena pesa sobre eles? Pódese dicir que os do Sevilla teñen auténtica *má sorte*.

O Real Madrid xa é Campeón de Liga. Menos mal. Parece que as cousas tornan a ser *como antes*. José María García pode descansar tranquilo: Cando o ano que ven asista aos partidos da copa de Europa non terá de soportar a "horrenda visión" (Que pena, señores!) dos estádios cheos de bandeiras catalanas ou bascas, senon que só as verás *españolas*.

FASSBINDER  
(Compostela)

RESPOSTA A FRANCISCO SOUTO

Sen dúbida, o mais elegante sería calar. Pero o que se cuestiona, con manifesta torpeza, na "Carta aberta à A.C. "O Facho", asinada por Francisco Souto, e publicada no número 289 de "A Nosa Terra", non é a mellor ou peor sorte dun ciclo de poesía, senón a competencia, e mesmo a honradez, dunha agrupación cultural que leva xa mais de vinte anos traballando. Cumpre, pois, puntualizar algunhas cousas.

En primeiro lugar, é o Colectivo Edral, que funciona como grupo de traballo, e non "O Facho" como agrupación, quen programou o ciclo de novos poetas. Dito sexa isto para deixar ben claro que o empeño mostrado polo asinante do escrito para desacreditar a "O Facho" obedece a outras motivacións, e non porque o Colectivo Edral non fora apoiado en todo momento na organización dos recitais.

Este é o segundo ciclo de novos poetas que organiza-

mos, querendo repetir a experiencia do ano pasado, no que conseguimos reunir todos os vernos ao longo de catro meses, de xuño a setembro, a catroce poetas, que logo diron un recital conxunto na Aula de Cultura da Caixa de Aforros. Tratou-se dun ofrecemento que pretendía ser xeneroso, aberto a todo quen empezase a publicar en revistas os seus poemas. Tal é o noso "interés polos novos valores da poética local" polo que se pregunta o autor da carta.

Un dos criterios utilizados para a esollida dos poetas que asistirían aos recitais foi invitar a aqueles que participaran na revista "*Os habitantes do lago*", entre outras cousas porque nela escribe, fundamentalmente, xente d'A Coruña, e isto evitavá-nos gastos de transporte que non sempre nos podemos permitir, xa que o noso único medio de financiación é a aportación mensual das cuotas dos socios.

Non obstante, e pésie à modestia da nosa proposta (o cal non impediu que persoas como Lino Braxe, Henrique Rabunhal, Júlio Béjar ou Rivaldulla "Corcón" que, cando menos, xa tiñan na imprensa algo para publicar, aceptaran, desinteresadamente, participar) fixeron-se carteis e difundíuse por prensa e rádio con anticipación a celebración de todos os recitais. Neste sentido, non se dispensou trato de preferéncia a ninguén.

Do mesmo xeito, é falso que algunha vez coincidira unha xunta da directiva cun recital poético. A directiva de "O Facho" reune-se os xoves, precisamente para dar lugar aos recitais os vernos. Igual falsidade demostra-se ao afirmar que non houbo representación do Colectivo Edral nos recitais.

Nada disto lle era descoñecido ao asinante da carta, paradoxicamente colaborador habitual de "*Os habitantes do lago*" e participante no II ciclo de novos poetas, que, quizais

por falta de honradez (ou de neuronas) necesitou ruminar, un mes despois do seu recital no "Facho", un insultante libelo coa pretensión pueril de atraír para si a atención de todos.

Resulta difícil entender, mesmo causa estupor, que unha persoa cos miolos no seu sitio poda verter semellantes acusacións e impropiedades —"atitude vazia, anticultural, e sobretudo hipócrita"— contra unha asociación cultural como "O Facho", que goza dun prestixio e respecto na nosa nación, gañado a base de traballo, coherencia e responsabilidade na súa xa longa actuación.

COLECTIVO EDRAL (adscrito à A.C. "O Facho".

SEMANARIO

Paréceme ben o traballo que estades a facer e que penso que ten levado a A NOSA TERRA a algunhas melloras nos últimos meses, como por exemplo a incorporación de novos colaboradores de talla: Alfonso Sastre, Xirínacs ou Neira Vilas, aínda que a Saramago, que tamén anunciástedes, aínda non lle vimos o pelo. Paréceme ben tamén a supresión de moitas erratas, aínda que non de todas, porque había veces que xa facían ilexíbel o periódico.

O que non entendo é iso de seguir chamándolle *semanal*, cando sae cada quince días. Eu, que son subscriptor do periódico desde hai bastantes anos, podo comprender moitas cousas pero creo que se un periódico é diário quere dicir que sae todos os días e se é *semanario* todas as semanas porque senón é unha falta de respecto aos lectores.

Tampouco concordo con que poñades a sección de cartas a disposición personal dalguns lectores que parece que se teñen que dicir moito entre eles pero que aos demais, penso que á maioría, non nos interesan a non ser pola curiosidade, ben parba por certo, de ver como dous discuten e se tiran os trastos á cabeza.

X. HIDALGO  
(Barcelonal)



somos coñecidos na Galiza inteira, pola nosa especialización en libros galegos e portugueses

República de El Salvador, 9  
 Tel. 56 58 12  
 SANTIAGO  
 Praza do Libro  
 Tel. 26 63 77  
 A CORUÑA



Apesar da entrada na C.E.E.

## Continúan as colas quilométricas na Ponte de Tui

Por causa da adhesión á CEE podería producirse un aumento nas vendas de dúas vilas viradas masivamente ao comercio, a portuguesa de Valença e a galega de Tui, pero non.

A entrada en vigor dos acordos concede a cada portugués o dereito a facer compras, insenta de IVA e no extranxeiro, até cincuenta mil escudos, sempre que elas sexan mercadorias para uso persoal. Os galegos temos dereito a comprar nas mesmas condicións até un valor de vintecinco mil pesetas.

A cantidade aumentada sería significativa no caso portugués ao ampliarse en cuarenta e cinco mil escudos por persoal; antes a legalidade restrinxíase a cinco mil, para galegos e portugueses. A medida levantara esperanzas entre os pequenos comerciantes de Tui e Valença, pois a crise reducirá considerabelmente as vendas. Ao eliminarse os dereitos aduaneiros, nas compras para uso persoal inferiores ás cantidades sinaladas, podería producirse un incremento nas vendas. A desinformación xeralizada, a maniquea actuación dos responsábeis aduaneiros na súa libre interpretación de se a compras son para uso persoal ou para negocio impide o incremento das vendas.

Maruxa, dona dunha tenda en Tui, dicianos "e ti cres que é certo iso dos cincuenta mil escudos? Pois mira, onte unha rapaza portuguesa veume devolver dous litros de aceite, dúas botellas. Fixéronlle dar a volta por dúas botellas, levaba iso e unha follas de bacallau, total unhas dúas mil pesetas. Pensaban que sería para negocio ou qué? Anda home que vaian a aquel sitio co rolo!"

Na Alfândega aseguran que non é certo, que as colas de tres quilómetros xa remataron, "só moléstias por causa da ponte", a Ponte Valença-Tui, da que agora se conmemorou o Centenario cos Ministros do Transporte respectivos a pasear por ela.


O "vista" de servizo o día que fomos facer a reportaxe desfaciase en elóxios á CEE, "non dé o meu nome; é proibitivo para nós facer declaracións, a nivel persoal podo asegurarlle que tudo vai ben, muito positivo o acordo no que diz respeito da alfândega. Só acontece que a Ponte non serve ás enormes afluencias nos dous sentidos, non acho remedio viábel, a Ponte non serve xa, há de facer outra; pero o problema é por onde construír. Olle en Valença, a un lado a Fortaleza, monumento nacional, do outro a rede do Camiño de ferro. Non há hipótese. Só lonxe do que hoxe é o casco urbano, pero como van a reaccionar os comerciantes que xa teñen os negocios montados se lles desvian o tránsito? A mesma cousa para Tui. Aí é que van estar os conflitos. Nós non podemos problemas, non criamos dificultades, estamos cá ao servizo da xente". Todo son boas palabras.

Do outro lado da Ponte están aparcados camiões enormes, os condutores queiman horas nos dous bares da fronteira, á espera dos papeis para cruzar o río. "Como dis, que non poñen problemas, que agora todo é fácil?; mira, levo

aquí sete horas e sei que aínda estarei tres máis. Iso por darlle os documentos a un axente de aduanas que se me movo eu non saio daqui en dous días. Intermediarios que supoño darán propinas para acelerar a cousa. Xa renunciei a transportar produtos perecedeiros, peixe e cousas así, porque iso demora de catro a seis horas, non vexas como chega ao destino a mercancia". O Xan ten matrícula de Lugo, é traballador autónomo. Non notou a entrada na CEE, a non ser porque agora ten que levar "aínda máis papeis".

Na axencia de aduanas Estélez puxeron cara de poucos amigos cando entramos a pedir información sobre o asunto, "para a prensa? nada nada, estamos con moito traballo". Moi amábeis.

Tamén tiveron moi boas palabras na aduana de Tui, unha



Xurxo S. Lobato

A realidade non se corresponde cos novos acordos sobre o dereito a facer compras no país veciño

## Os que non entran nos cálculos

Fixeron da "entrada en Europa" un panexirico insensato, anos e anos a facer propaganda das vantaxes de estar en Europa, "modernidade", "desafío", "construción".

A Europa dos doce abandonou á Europa dos trinta e cinco estados; á Europa dos povos con reivindicacións nacionais.

Vários anos a facer apoloxia do milagre europeu, prendendo nas populacións a "terra prometida"; lambendo, os industriais, os lucros inmediatos; os gobernos sucesivos fixeron da adhesión unha enorme manobra de publicidade política, perfectamente deseñada a Campaña. Todo simples propaganda.

Entraron tan forte que xa non podían regresar, ao fin era máis importante rentabilizar os dividendos políticos do que facer defensa dos sectores económicos vitais para o País. Fecharon as negociacións en réxime de urxencia, pasando pola renuncia a defender os intereses económicos do seu Estado. O resultado de tanta desfeita comeza a mostrarse na súa auténtica condición, na súa condición de desastre.

Serve o aquí exposto, tanto para o goberno español como para o portugués, ambos actuaron da mesma maneira torpe. A entrada en vigor do Imposto do Valor Acrescentado (IVA) precipitou un brutal aumento no

custe da vida, perda de capacidade adquisitiva e inflación, primeiras consecuencias a partir de Xaneiro pasado.

Do lado portugués os problemas medran día a día, sendo pouco coñecidos na Galiza. Os conserveiros consideran tan desvantaxosos os acordos relativos á súa rama que, alén de mostrar descontento, forzan a unha completa revisión. Cando entraron en vigor ficou claro que beneficiaban á conserva de países que non sequer pertencen á CEE.

Os sectores de produción máis desfavorecidos presionan ao Executivo no sentido de renegociar os acordos, algúns industriais comezan a ser conscientes da inviabilidade da Europa que tanto anunciaron os gobernos. Os fabricantes de calzado, industria puxante en Portugal, ven fechadas as portas da exportación, as incómodas "regras de etiquetaxe" impostas por outros gobernos —entre eles, o español— que desprecian mesmo os acordos que firmaron hai uns meses. A intención é única, impedir como sexa a exportación, desinteresar aos industriais na venda dos seus produtos fóra das súas fronteiras.

O mesmo ven acontecendo cos fabricantes de cutelarias, reunidos en Guimarães para elaborar un "documento de protesta contra o goberno español" polo

decreto-lei que determina a obrigatoriedade da homologación de todos os obradoiros, co pretexto da "salvaguarda da seguridade, saúde e hixiene dos consumidores". Cando a realidade é ben diferente e céntrase no "impedimento da libre circulación dos produtos portugueses de cutelaria no mercado español" como denunciaron os fabricantes no documento.

A mesma "tónica de trancas" está a ser imposta polos países da "Europa solidaria" aos produtos do Estado español. Regulamentacións parellas impeden a circulación de produtos que podan facer competencia. Os gobernos respectivos propagandearon coa libre circulación de traballadores (lémbrese que era a "única vantaxe para Galiza, povo secularmente emigrante") e produto, está amostrándose que era simples palabrería á procura de plusvalía política.

O goberno portugués e o goberno español cederon en todos os terrenos de xogo, negociaron contra tempo, acosados pola súa necesidade de presentarse triunfadores; agora as industrias respectivas, Galiza e Portugal, están destinadas á ruína dos seus sectores económicos. Os intereses dos seus parceiros europeos seguen ben protexidos, a Europa dos monopólios tamén é Imperialista.

A.M.

Administradora ocupadísima que non pode atender preguntas e poucos funcionarios para atender os coches que son obrigados a aparcar, previa retención do D.N.I.. Fomos testigos da demora de cuarenta e cinco minutos a que se veu sometida a condutora dun "dous cabalos" que transportaba tres estanterías de madeira, rústica, e dous tallos. Declarou ter gastado catro mil pesetas, mostrou unha factura e puido seguir viaxe. "Só miran o bulto, se levas diamantes ou cocaína non tes problema, sonche ben listos". Pero manteñen a palabra de que agora até vintecinco mil non há problema, sempre que sexa para uso propio, non comercial.

Antes era frecuente a paralización dun coche, a revisión e a obrigatoriedade de pagar unha taxa por dereitos aduaneiros, agora introduciron unha nova modalidade, "non paga nada, colle as súas bursas e vai dar a volta a Portugal, devolve todo onde mercou e regresa". Unha saia, unha chaqueta, un chándal e un par de zapatos con susceptíbeis de "comercialización posterior", tres mil setecentas pesetas en roupa poden ser para vender e por iso ten que dar a volta e ir devolver todo. "Tanto falar do mercado comun para isto, voume pór rica se vendo isto en Sanxenxo, si home".

Os rapazolos de Tui saben de economía sumerxida, os que teñen bicicleta móvense entre a longa cola de coches tartaruga a ofrecer "por vinte pesos" un atallo para chegar antes á fronteira, non avisan da necesidade de mudar os amortiguadores, desfeitos, logo de coller o atallo infernal. Os que non teñen bicicleta saben doutras fontes de ingreso, a vinte pesos o fardiño, saltando a vía do tren ou baixando á beira do río, cunha axilidade nova.

Na Semana Santa o tránsito polas fronteiras chegou até trescentos cincuenta mil vehículos, coa idea do Mercado Común na cabeza, os que foron detidos e obrigados a "devolver todo" saben do incómodo e sobretodo irreal que resulta a propaganda política dos que "conquistaron Europa", xa foran portadores de toallas ou dunhas follas de bacallau.

Sr. passageiro vindo do extranxeiro, non deberá transportar géneros de alimentación tais como carne, peixe, frutas, legumes, azeite... Qualquer abuso será reprimido". O cartel, escrito torpemente, á man, está pegado no cristal da aduana portuguesa, ben visíbel. Serve aínda para as galletas, caramelos, conservas de todo tipo, certamente están na aduana para dar comodidade. Nos dous lados a mesma cousa.

Sérgio é o condutor da camioneta da cerámica de Valadares (saneamentos), xa ten estado un día inteiro na alfândega. "Olla, a Señora Doutora (refírese á Administradora) xa me fiz descarregar toda a carga para ver ben que é o que eu levaba. Só ian tazas de retetes, e palla para que non batan. Un home e unha camioneta todo o día paralizados".

O certo é que as incomodidades da aduana seguen, por riba de acordos asinados no tratado de adhesión á CEE; xa sexa para os cidadáns que procuran mercar uns bens mínimos, a bon prezo, aproveitando para dar unha volta ou para as empresas que pretenden ampliar mercado na exportación, mentres aínda tronan as frases do "éxito enorme que supuxo a entrada en Europa".



Esperanza ainda para os caseiros

## O Parlamento legislará sobre arrendamentos rústicos

O Parlamento Galego aprobou unha proposición non de lei pola que se insta a que se articule un sistema de créditos para que os colonos podan acceder ás terras que veñen traballando desde sempre, así como que sexa o Parlamento de Galiza quen lexisle nesta materia, interpondo se fai falta recurso de inconstitucionalidade. Tamén aprobou no mesmo pleno outra proposición non de lei pola que se instará ao Goberno central para que Galiza sexa circunscrición electoral única cara ás eleccións ao Parlamento europeo, rexeitando a formación do Consello Económico e Social de Galiza por considerar que o seu proponente, Camilo Nogueira, se aproveitara do traballo de todo o Parlamento.

A actividade parlamentaria levaba máis de cen días paralizada mentres asuntos de importancia dormían á espera dun debate ou dunha toma en consideración. A Mesa do Parlamento configurou unha orde do día "ao seu bon entender", cos asuntos que lle pareceron máis necesarios, tendo en conta a súa composición con maioría aliandista e minoría socialista.

Pero os temas a debater non eran a "estrela" na maña fría do día oito de Abril. En Fonseca, tanto parlamentarios como a maioría dos xornalistas, prestábanlle pouca atención aos temas a debate. Había outras preocupacións que non eran os puntos da

orde do día, nen tan sequer o retraso de Albor en chegar de Madrid, a enfermidade do Presidente Antonio Rosón, ou a decisión de Estaleiros Santodomingo de pospor a resolución sobre a adquisición de Ascon; nen tan sequer o acordo en Ourense para dotar, dunha vez á cidade dun Plan de Ordenación Urbana.

Non, en Fonseca, lugar donde se amontona o Parlamento, había dous temas estrela: un a decisión da Xunta Nacional de Alianza Popular de defenestrar de Ourense a Maria Carme Lobelle Alén e Xaime Tejada, que podería arrastrar consigo a outras persoas entre elas ao parlamentario Valcarce, co que o intento de CP para conseguir maioría estaría cada vez máis lonxe.

O segundo tema era o da suposta estratexia da Xunta cara o acoso do Goberno central, que uns afirmaban e outros desmentían, pero que a maioría, agás os socialistas, non puñan en dúbida, que fose cousa lóxica segundo andan as relacións.

E con estes comentarios de corredores, con ausencias até o último momento de parlamentarios que terían que dicir nestes temas, empezouse unha sesión na que no primeiro punto Camilo Nogueira pedía a Constitución do Consello Económico e Social de Galiza.

Esta proposición non se tomou en consideración pois os diferentes grupos acusaron ao parlamentario que máis asuntos ten presentados xa nesta lexislatura de aproveitarse do traballo de toda a cámara, posto que a súa proposición era, nen máis nen menos, dician, que a que elaborou a ponencia

conxunta na anterior lexislatura. Polo que aínda que non discrepaban no fondo, si na forma e decidiron rexeitar a proposta.

Máis sorte tivo Camilo Nogueira na súa segunda proposición, na que pedía que Galiza fose unha circunscrición única cara ás eleccións europeas. Esta vez aprobouse a súa proposta pesie aos votos en contra do PSOE, que cambiou a súa postura desde a anterior lexislatura, cando tamén discutindo o mesmo tema por instancias do parlamentario de EG, abstívose na votación.

O último punto en discutirse á hora de cerrar esta edición foi unha proposición non de lei do BNG, presentada polo seu deputado X.M. Beiras.

Esta proposición foi só aprobada en dous puntos; aqueles nos que se pedía que se fornecesen créditos para que os caseiros pudesen comprar as terras que están traballando desde tempos imemoriais (xa é sabido que este ano finaliza o prazo para a compra e que se non o fan, os anos poden botalos das terras, existindo casos gravísimos socialmente, como se puxo de manifesto, tais como o das Enchousas ou os de Vianzo) e o que fose o Parlamento Galego quen lexislase nesta cuestión, interpondo se fíxese falta recurso de inconstitucionalidade contra as medidas do Goberno central.

Non foi aprobado o punto que pedía unha moratoria de seis anos máis para que os colonos se pudesen facer coas terras.

O Pleno segue e os rexoubeos tamén.

A.E.

Recurrirán a sentenza

## O director de A NOSA TERRA e un colaborador condenados a un mes e un día de arresto maior

O Director de A NOSA TERRA, Alfonso Eyré López e o colaborador Manuel Riveiro Loureiro foron condenados a un mes e un día de arresto maior e 30 mil pesetas de multa a cada un deles así como 100 mil pesetas de indemnización á empresa editora do semanario, Promocións Culturais Galegas S.A., por un delito de inxurias á empresa Bingos Loureda S.A.

A sentenza foi ditada pola Sá 2ª da Audiencia de Pontevedra despois de que o xoves día 3 se celebrase o xuício.

Os encausados e representantes da empresa editora manifestaron, nada máis coñecer a sentenza, o propósito firme de recorrer a mesma ante a Audiencia Territorial.

O fiscal solicitara para os dous encausados 2 meses de prisión e iguais penas monetarias que as impostas na sentenza. A petición da acusación privada remontábase a un ano de prisión maior, 500 mil pesetas de multa aos encausados e un millón á empresa. Alfonso Eyré e Manuel Riveiro foron absoltos do delito de calumnias, do que tamén eran acusados.

No xuício ao que asistiu como testigo o Director Xerente da Empresa de Bingos, señor Loureda. Os encausados negaron en todo momento o "animus injuriandi", o mesmo que os abogados defensores, afirmando que obraron por ci-



vismo e porque, ademais dun dereito, o xornalista non facía nos seus artigos nengunha afirmación, limitándose a dar conta dun dossier presentado no xulgado de Garda e no Goberno Civil, así como perante a Brigada do Xogo. Segundo o abogado da acusación, quen xa presentara recurso despois de ser sobreseído o expediente polo Xulgado de Instrución número cinco de Vigo, existía "animus injuriandi" e calumnias.

## Integración do Colectivo Comunista "22 de Marzo" no BNG

O BNG acordou aceptar a integración no seu seo do "Colectivo Comunista 22 de Marzo" (que abandonou a UPG despois do V Congreso), pasando a contar desde estes momentos con dous representantes no Consello Nacional do BNG, como contemplan os seus estatutos para os partidos políticos e colectivos que integran esta organización frentista.

O C.N. tamén tomou o acordo de realizar asambleas zonais onde se repartiran carnés e se tentará consolidar a estrutura da organización coa integración de novos afiliados.

Dentro dos apoios que acordaron hai que salientar os que lle prestará o BNG aos actos que as organizacións culturais

leven para dar a coñecer o estado real da lingua galega e conseguir o seu pleno uso a todos os niveis, así como os apoios ás mobilizacións que a INTG celebrará no 1º de Maio.

Sinalar tamén que o BNG vai presentar proximamente dous dossiers, un que recolle os actos represivos que sufreron ultimamente os seus militantes, e outro coa actividade parlamentaria desenrolada desde os comezos da lexislatura. Dentro desta actividade tamén ten previsto o BNG celebrar actos cos afectados que promoveron iniciativas parlamentarias, tais como os viciños que se ven perxudicados pola construción dos encoros ou os obreiros de Bazán.

A.E.

Entre eles o PSG-EG

## Partidos de comunidades autónomas en busca de colaboración

Partidos de diversas comunidades autónomas están mantendo contactos de cara ao establecemento de convénios de cooperación electoral. Promoven esta iniciativa Esquerra Republicana de Catalunya, Euskadiko Ezkerra, PSG-EG, Unidad del Pueblo Valenciano e os Partidos Socialistas de

Mallorca e Menorca.

Nun principio está prevista a creación de plataformas conxuntas co obxectivo de prestarse apoio recíproco en períodos electorais. Tamén estudan estes partidos o establecemento de formas de colaboración en asuntos de política xeral, á maneira en que xa o fixeron

o pasado mes de Marzo cando subscriberon un documento conxunto contra a permanencia de España da OTAN.

Este acordo podería estenderse, segundo Albert Alay, portavoz de ERC, ás listas europeas.

**MOI PRONTO  
UN NOVO  
EXTRA. Nº  
DOBLE. CAS-  
TELAO - BÓ-  
VEDA**

**A NOSA  
TERRA**



Aberri Eguna 86

## Éxito de movilización na rua de H.B.



Da grande cantidade de persoas que se concentraron en Iruñea dá idea a foto

Máis de 25.000 persoas acudiron a Iruñea (Pamplona) á convocatória do Aberri Eguna que fixo a coalición *abertzale* Herri Batasuna, a cal segue a mostrar a súa capacidade movilizadora, fronte aos actos en recintos fechados realizados por Euskadiko Ezkerra e máis o PNV.

Nos últimos anos HB trasladou os actos centrais do Aberri Eguna a Nafarroa significando desa maneira a reivindicación da unidade nacional basca, da que, na práctica, teñen fuxido as outras organizacións nacionalistas. O Aberri Eguna-86 celebrábase coa emoción vívida da lembranza de Xabier Galdeano, morto un ano antes nas vísperas do Día da Pátria Basca, o que foi motivo de numerosos actos de lembranza na semana anterior ao 30 de Marzo e que tivo fonda presenza na manifestación. As declaracións dos oradores abertzales —como sem-

pre fortemente contestadas e fanadas na prensa nos días inmediatos— insistiron na reivindicación central da mobilización: "Xa estamos fartos de ser extranxeiros na nosa propia terra, de ser cidadáns de segunda clase, indios de reserva, e ademais ter que pagar o dobre se queremos ter acceso aos medios audiovisuais en euskara ou que os nosos fillos se eduquen noutra lingua...", despois de denunciar as posicións dos partidos institucionais e lembrar ao novo goberno francés as reivindicacións nacionais de Euskadi Norde, concluíron dicindo, "frente a esta atmósfera a unidade popular arredor de Herri Batasuna é sólida, estábel e madura.

Ademais, nós, as 'bestas negras' do sistema, aqueles cuxo destino próximo probábel é pasar por algunha comisaría ou cuarteliño, nós estamos cheos de esperanza, de ledicia, aínda nos máis duros momentos en que un de nós cai abatido".

## P.N.V. e E.E. EN LIORTAS

Unha reportaxe de "El País" serviu de desculpa a Onaindia para atacar a Arzallus e poder acaparar, cunha disputa dialéctica sen contido e motivada por un erro de transcripción (púñase en boca de Arzallus que "Onaindia foi un asesino e agora está integrado politicamente") algún protagonismo na data. Desa maneira o acto no que participou Arzallus e o dirixente de EE foron magnificados nas reseñas informativas, péis a que foi exigida a participación popular neles (no caso do PNV valorando o seu papel de partido gobernante).

Pola súa banda Garaikoetxea reuniuse en Anoeta cos ex-militantes navarros do PNV e foi aclamado con berros de "lehendakari, lehendakari", acusando á dirección do PNV de "entreguismo e convivencia co poder central e o PSOE que Arzallus terá que explicar algun día".

X.C.

Cando o fiscal e o abogado defensor están de acordo

## Estado de dereito con excepcións

"O 23 de Novembro do 1980 tres individuos ametrallaron o bar Hendayais, na localidade basca de Hendaya, moi próxima á fronteira española, causando dous mortos e dez feridos. Seguidamente os tres presuntos autores materiais do atentado, viaxando nun Renault 18 TS verde, roubado e con matrícula falsa, cruzaron violentamente a raija pola ponte de Santiago en Irun, sen se deter no control francés, derrubando a barreira metálica e indo colisionar na banda española cun vehículo Renault 5, entregándose aos funcionarios de policía españois". Así naraba os feitos que deron lugar ao "Caso Ballesteros" a Audiencia de Gipuzkoa.

Esta Audiencia provincial condenara ao comisario Manuel Ballesteros a tres anos de suspensión de emprego e multa de 100 mil pesetas por un delito de denegación de auxilio á xusticia ao terse negado Ballesteros a revelar a identidade dos tres confidentes policiais que cruzaron a fronteira.

A sorpresa saltou no Tribunal Supremo ao aliarse o fiscal co abogado defensor de Ballesteros e pedir ambos a absolución do procesado, como así resultou, amparándose ambos na necesidade superior da loita antiterrorista. O alto Tribunal xustifica a negativa de Ballesteros a auxiliar á xusticia en base a que "pola súa condición de confidentes mercenarios da loita antiterrorista, cuxo centro de información dirixía o acusado, poden aceptarse como verosímiles razóns o risco que podía criarles, o desprestixio do mando que deixaba sen protección aos seus membros, a desmoralización e posíbel desmantelamento dos seus cadros, as tensións graves que podían brotar dentro das forzas de seguridade e a vantaxe que podía reportar á banda terrorista".

Sobre este último aspecto habería que preguntarlle ao Alto Tribunal, con todos os respetos, se a evitación das vantaxes propagandísticas ou doutro tipo que unha condena de Ballesteros terían para ETA, non suporán unha vantaxe para os autores das dúas mortes do Bar Hendayais, dado que a fin de contas Ballesteros negouse a dicir quen eran os sospeitosos que cruzaron a fronteira?

O fiscal, na súa coincidencia coas teses do abogado defensor e acusado, sinalou incluso que o ex xefe da loita antiterrorista estaba nun erro por crer que non tiña a obriga de facilitar a identidade dos confidentes, o cal quería dicir, segundo o fiscal, que non tiña intención de actuar ilegalmente, polo cal debía ser absolto. O abogado da acusación particular Miguel Castells sinalou non obstante que Ballesteros desouvira en oito ocasións o chamamento dos xuíces, como consta na sentenza que o condenou, dándose ademais a circunstancia de que o ex xefe do MULC é abogado. A argumentación do fiscal resulta sorprendente para os que até agora pensábase que é norma de dereito que o desconecemento da lei non exime do seu cumprimento.

Para Miguel Castells a absolución de Ballesteros polo Supremo supón "un mal precedente xudicial que entronza a razón de Estado", "admitíndose oficialmente a existencia de parcelas de impunidade e de ilegalidade non controlábeis polo poder xudicial, dado que dependen unicamente do criterio policial", "espacios reais de impunidade sobre os que a xusticia non pode actuar".

En boa lóxica habería que redefinir o estado de dereito como un estado de dereito con excepcións.

M.V.

## estado crítico

XESUS VEGA

O público esperaba a súa comparación nesas cenarias de TVE tan frecuentados nos últimos meses. Estábamos pendentes doutro "Especial Punto y Aparte" para que se explicase diante dos independentes e rigorosos xornalistas que dirixen os servizos informativos da televisión estatal. Desexábamos coñecer a súa opinión sobre a última aventura militar de Ronald "Rambo" Reagan no Mediterráneo.

Non tivemos sorte. O actor estaba canso de tantas representacións seguidas e preferiu dedicar o seu tempo a pescar —iso si: moi perto do Mediterráneo. Para compensar a súa ausencia ofreceuse-se-nos a actuación dun Fernández Ordóñez recén chegado do seu descanso pascual. Non hai dúbida: con semellante sustituto saímos perdendo. O exministro ucedista é, no mellor dos casos, un discreto actor secundario. Carece da arrogancia necesaria nun galán que se precie. Limitou-se a repetir a coñecida consigna destas ocasións: "non pasa nada", "as bases americanas do Estado español non serán utilizadas"... A súa mediocridade non lle permitiu entrar naquilo que preocupaba aos sectores

## A VI Frota calza míseis

mellor informados da opinión pública: que faría o goberno español diante das obrigacións que establece o artigo 5 do Tratado do Atlántico Norde.

O artigo é contundente: "as partes acordan que un ataque armado contra unha ou varias delas que se produza en Europa ou no norde de América será considerado como un ataque dirixido contra todas as partes e, consecuentemente, acordan que, se se produce tal ataque, cada unha delas (...) asistirá á parte ou partes atacadas, levando a cabo, individualmente e de acordo coas outras partes, a acción que considere necesaria, abarcando o emprego da forza armada, para restabelecer e garantir a seguridade na rexión do Atlántico Norde". Que sucedería se Libia resposta aos ataques da VI Frota mediante unha acción contra as bases USA en Itália e no Estado español? Tería "soberanía" o goberno español para dicir que non participa nunha guerra provocada pola Administración Reagan? Con que argumen-

tos se pode negar a compartir a cruzada contra Gadafi se ven de proclamar a súa solidariedade na chamada "defensa occidental"?

O silencio inicial de Felipe González foi algo máis que un síntoma de cansancio físico. Forma parte dunha táctica destinada a botar terra sobre o episodio máis contestado da súa xestión política. Ocorre, sen embargo, que Reagan non é tan agradecido como parecían indicar as súas primeiras declaracións. Sen deixar enfriar o referendo, xogou dúas significativas cartas: un ensaio —con fogo real— de intervención en Libia e unha ameaza de represalias económicas contra a CEE se esta non acepta manter o nivel actual das importacións de produtos agrícolas norteamericanos.

É comprensíbel que Felipe González non tivese moitas ganas de falar na radio e na televisión. Despois de tantos esforzos para convencer á xente de que a presenza na OTAN non supuña nengun perigo militar para o Es-



tado español e permitía, ademais, vender zapatos aos USA ou laranxas a Alemaña, agora resulta que estamos a piques de co-protagonizar unha guerra contra Libia e de non poder exportar zapatos a Washington porque Reagan está desgustado cos efectos que provoca a presenza do Estado español e de Portugal no Mercado Común.

Aínda temos nos ouvidos aquilo de que a OTAN non era a hexemonia dos Estados Unidos sobre unha parte de Europa. Aínda lembramos a teimosía felipista en demostrar que coa Alianza Atlántica teríamos máis manteiga e menos cañóns.

Daquela Reagan calou. Non era o seu momento. Agora sí. Agora había que pór as cousas no seu sitio. A OTAN non é un mercado de zapatos. A VI Frota calza míseis. E non pede permiso a ninguén para dispartalos.

Vivimos, sen dúbida, as consecuencias previsíbeis do triunfo do "si" no referendo. Todo é normal. Somos unha retaguardia otánica como Deus manda: o refuxio ideal para ditadores xubilados como Marcos. Ao cabo, el tamén defendía os valores que simboliza a Alianza Atlántica. Welcome Ferdinand.



As "guerras de baixa intensidade" en Centroamérica

# Calambrazos mortais

Os conflitos sociais son para calquer Administración nordeamericana como ofensivas "eléctricas". Así, hai enfrontamentos como o que tivo lugar con Libia, de "alta voltaxe", con toda a parafernalia bélica en orde de batalla. O de Centroamérica é alcumado polos estratexas do Pentágono como "guerra de baixa intensidade". Son calambrazos de 125 vóltios, pero tamén matan. A revista cubana *Prisma Latinoamericano*, na súa edición de Febreiro, inserta un artigo do xornalista estadounidense Fred Clarkson, do boletín informativo *Covert Action* que estuda desde hai dez anos as actividades clandestinas da CIA no estranxeiro. por cortesía dos editores cubanos, publicamos en A NOSA TERRA un amplo resume deste artigo



FRED CLARKSON

**Washington.** As canles de suministros militares que abastece a guerra contra o goberno de Nicaragua esténdense desde este país até a Casa Branca. O exército dos "contras" dirixido pola CIA recibe agora tamén instrucións, suministros e diñeiro dos inquilinos da residencia presidencial nordeamericana.

A rede de axuda privada, tecida por grupos ultradireitistas, os sermóns televisivos, o persoal militar e de intelixencia retirado foron estruturados nunhas elaboradas relacións públicas e esforzos de intriga que empaquetan e presentan o concepto dos "loitadores da liberdade" para o consumo interno e externo.

No centro deste crecente exército de vixilantes ideolóxicos encóntrase a Liga Anticomunista Mundial (LAM), encabezada polo Maior Xeneral retirado John Singlaub.

Considerada como a internacional fascista, LAM foi fundada hai 18 anos e está integrada por grupos conservadores e fascistas de arredor de 100 países. Singlaub afirma que LAM reuniu entre 20 e 30 millóns de dólares en efectivo, así como suministros "non leais" para os "contras".

Aínda que a revitalización das operacións encobertas da CIA materializouse coa elección de Ronald Reagan en 1980, o traballo dunha comisión especial do Pentágono, desde Abril de 1983 até Outubro de 1984, aparece como o punto esencial en que se formalizou a actual política de "guerra de baixa intensidade" (*low intensity warfare*).

Presidida por Singlaub, dita comisión foi integrada por expertos en operacións especiais, incluíndo a "eminencia gris" dos "trucos suxos", o xeneral retirado Edward Lansdale.

Tamén formaron o grupo Harry (Heinie) Aderholt, da Asociación de Comandos Aéreos, e o activista da "nova dereita" Andy Messing, do Consello de Defensa Nacional.

Funcionarios da Casa Branca seleccionaron a Singlaub como o xefe recolector de fondos para os contras e o asesoraron para estruturar a campaña nos límites da Lei de Neutro. 290 / 10 DE ABRIL / 1986

tralidade e outras, que proiben aos cidadáns nordeamericanos apoiar guerras no exterior.

Os principais contribuintes [a este fondo] son Corea do Sul, Taiwan e Israel. A axuda dos dous primeiros proveu de homes de negocios privados e da organización anticomunista estreitamente vencellada con estes gobernos: a Liga Anticomunista Mundial, fundada polos gobernos de Seul e Taiwan, nunha conferencia celebrada neste último país en 1967, e que constituiu unha ampliación da súa antecesora rexional ASIAN, criada tras a guerra de Corea e a revolución china.

O concepto "loitadores pola liberdade", como un principio organizativo, surxe fundamentalmente do traballo do publicista e asesor da Rand Corporation, Jack Wheeler. Wheeler foi o responsábel dun cónclave de catro grupos contrarrevolucionarios o mes de Xuño de 1985 en Jamba, Angola, a nome da Organización de Cidadáns por Nordeamérica (CPN), unha rede encabezada polo empresario político neoiorquino Lew Lehrman.

O pasado ano, Singlaub veuse forzado a separar a moitos dos seus afiliados latinoamericanos, despois de que o xornalista Jack Anderson revelara que estaban controlados por un grupo de simpatizantes mexicanos da era nazista da II Guerra mundial, chamado "Los Tecos", vinculados cos Escuadróns da Morte que se entrenan na Argentina, Guatemala e as Honduras. Porén, Ronald Reagan non desistiu de vincularse á LAM e apoiala. En 1982, por exemplo, a Casa Branca estivo analizando se enviaba un saúdo ao encontro de LAM en Tóquio, e finalmente así o fixo.

## VIETNAMIZACIÓN SEN VIETNAM

Un oficial do exército nordeamericano nas Honduras citado recentemente polo *Washington Times* dixo: "Aprendimos que o noso papel máis adecuado está no tipo de "guerra de baixa intensidade" que se libra nesta rexión". E engadiu: "O que isto significa é que non haxa grandes formacións marchando através do campo, abrindo paso a tiros contra

aldeas campesiñas. Aprendimos que mentres menos efectivos nordeamericanos se usen mellor resulta".

O modelo de Reagan parécese ao de vietnamización, quer dicir, os intentos de Richard Nixon de substituír as tropas estadounidenses por vietnamitas adestrados nos EEUU. De feito, *The New York Times* informou que a razón pola cal a administración Reagan apoia aos "contras" estriba no seu obxectivo de evitar o envío de persoal militar americano a Nicaragua.

O artigo do *Times* revelou que un funcionario militar asignado ao Consello de Seguridade Nacional estaba dirixindo aos "contras" desde a Casa Branca. O coronel Oliver North, un segundo do entón asesor de Seguridade Nacional Robert McFarlane, "facilitaba os suministros de axuda lóxística".

O coronel North era novo na praza. *The Wall Street Journal* revelou que North, oficial de marina con ampla experiencia paramilitar, serviu no Consello de Seguridade Nacional en 1982 e foi membro da élite dun grupo "inter-axencias gubernamentais" encargado de coordinar a guerra contra Nicaragua.

Cando North propuxo a McFarlane e a Reagan recolectar axuda privada, tivo senso que se lle asignase a el a encomenda e a Singlaub a xefatura da campaña. Singlaub recoñeceu que despachaba con North frecuentemente.

O nº de Agosto de 1985 de *Freedom Fighter*, unha publicación da Fundación Congreso Libre, do político dereitista Paul Weyrich, é sorprendentemente revelador: "Poden facerse donacións á FDN, deducíbeis dos impostos, através do Consello Nicaragüense de Desenvolvemento".

## O PAPEL DA CIA

Despois de que a axuda foi suspendida, os "contras" encarraron tempos difíceis en lóxística, suministros e entreno. A Asistencia Civil Militar (ACM), con sede en Decatur, Alabama, foi de gran axuda.

Un voluntario nordeamericano dese grupo, Steven Carr, axudou a adestrar á brigada 2506 (veteranos da invasión de Praia Girón) no establecemento de perímetros de defensa e tácticas de ataque en Nicaragua. Carr afirmou que mercou en Miami ametralladoras calibre 50, rifles M-16 e cañóns de 20 mm. Carr foi apre-



Marine nordeamericano no Viet-nam

sentado aos veteranos de praia Girón por Bruce Jones, a quen a revista *Life* identificou como oficial da CIA. Como resultado da publicación desa información, Jones foi expulsado de Costa Rica.

## A AXUDA E O SEU TRANSFONDO

O mellor exemplo do actual financiamento de guerras secretas por grupos "privados" resúmese na historia de 30 anos de Axuda Médica Mundial (AMM), con sede en Detroit. Nese tempo, AMM investiu máis de 100 millóns de dólares en programas contrainsurxentes da CIA en Asia e América Latina.

Russ Bellant (en *The Politics of Giving*) sinalou que en Xaneiro de 1984 a Asociación de Comandos Aéreos recibiu 20 millóns de dólares en suministros da AMM, para seren usados en áreas estratéxicas de Guatemala e El Salvador.

Está claro que o uso de grupos privados por axencias militares e de intelixencia non é novo. O que é novo é que se describe esa relación como "axuda humanitaria".

A historia e recentes revelacións suxiren que o suministro dos "contras" e os campos de refuxiados controlados por estes non son privados nen humanitarios, e non só no caso de Nicaragua. De feito operan en toda Centroamérica, e en todas as partes onde os "loitadores pola liberdade" labran as súas guerras apoiadas polos EEUU.

## servicio exterior

# Competencia desleal

FERNANDO CARBALLA

O cinco de Marzo de 1985, os Estados Unidos foron autorizados para derogar os artigos 1 e 11 do GATT (Acordo Xeral sobre Tarifas Alfandegarias e Comercio, siglas en inglés), e a impor aranceis de até o 50% do valor da importación e máis continxentes sobre os produtos agrícolas, o que non é moi diferente das atribucións aduaneiras da Comunidade Económica Europea. Esta derogación ficou ao exclusivo criterio do goberno estadounidense de turno.

Este precedente, ben lonxano no tempo, bota un pouco de luz sobre o actual conflito de intereses provocado entre a CEE e os EEUU por mor da incorporación ao área da Política Agraria Comunitaria dos Estados español e portugués.

Na administración Reagan as cousas vense de forma moi clara: "o proteccionismo é unha viaxe sen retorno cara o desastre económico", declarou o presidente dos USA o pasado 17 de Setembro.

Máis a realidade é terca. Tres semanas despois, o Congreso nordamericano votaba unha lei que reducía nun 35% as importacións de textis e vestidos procedentes do Brasil, Indonesia, Paquistán e a India. Esta práctica nordeamericana é habitual nas súas relacións comerciais con calquer país. Un ano antes, en Setembro do 84, as importacións de aceiro europeo foron limitadas ao 5% do mercado interior USA. O mesmo ocorre cos televisores a cor e o calzado de pel con Corea do Sul e Taiwan, co algodón exipcio, coas máquinas-ferramentas e os automóveis co Xapón, cos tubos de aceiro da CEE...

A media ponderada dos dereitos de alfandega para produtos acabados, manufacturados, nos EEUU é do 5,6% (6,9% alxebráica), mentres que ascende ao 6,8% na CEE e ao 5,9% no Xapón. Como se ve, non é moita a diferenza. E menos para un Estado que se ten por campeón do librecambio.

Co rampante crecemento do déficit comercial americano exterior (máis de 150 mil millóns de dólares en 1985), a vaga proteccionista alcanza cotas de histerismo, sobretodo no que atinxe aos produtos agrícolas. Calquer país que exporte aos EEUU será acusado de subvencionar aos seus produtores agrarios e así poder "penetrar" facilmente o mercado americano. A realidade é ben distinta: o causante fundamental do déficit dos EEUU foi o altísimo valor da súa moeda (ver *servicio exterior*, ANT nº 280).

E sobre as rivalidades agrícolas... os EEUU parecen dotados dunha singular visión selectiva. Os gastos de subvención á agricultura acadan nos Estados Unidos o 0,75% do produto interior bruto, mentres que na CEE apenas superan o 0,4% do PIB. Nos últimos dez anos, a administración federal entregou aos agricultores 128 mil millóns de dólares. Con subvencións de 14 dólares por tonelada de trigo e 66 dólares pola de fariña, os americanos "roubaron" tra-

(pasa á paxina 23)




# Cultura económica

LLUÍS MARIA XIRINACS

Son un pouco coñecido no Estado Español non é precisamente polos meus coñecimentos ou experiencia no campo da economía. Loitei pola liberdade, pola xusticia social, polos dereitos nacionais, pola amnistía, pola dignidade humana, pola democracia política. E de resultados diso teño moitos amigos e case devotos. Que, por certo, hai anos recriminanme o meu eclipse político. Relembrañ aquel Xirinacs testemuñal, en maresia de moitedume, erguendo bandeiras difíceis en tempos de grandes ricos. A señarada de das situacións de "suspense" en manifestacións bouradas, en pasos por comisaría a couces, en estancias nas cadeas de Zamora ou Carabanchel. E despois a exaltación ao Senado, o logro da amnistía, unha Constitución nova, a Autonomía...canta excitación!!

"Qué lle pasou a ese señor que o tragou a terra?" Tiña, aínda, aparecido a miúdo por esas, para el, lonxanas terras da Galiza. Dera conferencias e participado en mitins en A Coruña, en Ferrol, en Santiago, en Lugo, en Ourense, en Vigo, a fins dos 70. Incluso percorrera a pé e baixo un sol esmechante, os recunchos máis abandonados do feudo dos Rosón, aldeas perdidas, sen estrada, no extenso termo de Pedafrita do Cebreiro, con estercos de vacas até o xoello, refucidos os pantalóns do senador, onde unha má noite caíu o helicóptero de Martín Villa e "levárono —dicia un labrego— en jeep denantes de que abrise o día e pudiera ver a desolación". Eu estiven de día, a plena luz, e olleino todo. Aínda aquelas casas sen cheminea, nas cais o fume do fogar saía polas xanelas, despois xa de deixar no teito como estalactitas de feluxe. Non podían ter vacas e víanse na obriga de emigrar. Non por falta de terras ou de chuvia ou de pastura. Terra vizosa aquela. Por falta de estrada para levar o leite. Coa pel encarnada do sol e cheirando a estercos, sempre guiado por un párroco responsable e enfermo, aparecín á noite polo Ateneo de Lugo, onde me agardaba a crema da sua sociedade. Ali estaban senadores e deputados da provincia. Ese povo, medio morto, seguía a votar aos Rosón. Ese povo medio morto, entre outras cousas, de medo. Nunha roda de prensa dixeran que non representaban ao povo. O voto do medo. Ao día seguinte, xa en Madrid, despois de ter lido eles os seus xornais, ameazáronme. Quixéronme asustar a min tamén. Non me retractei. Agora sería feliz se pudes saber que xa pasa a estrada por aqueles povos.

Esta longa historia miña era só para dicir unha cousa. Decateime de que o grande tropezo da humanidade no seu verdadeiro avanzar é de natureza económica. Xa o sabía, xa. Pero non me inteirara. O importante é a economía. Por iso nos longos estu-



— Que el capital les explota! que el capital les explota! ... y no dicen que yo soy un 'esclavo' del dinero !!?

dos que me programou o sistema imperante non entraba nunca a economía. Por iso no ensino corrente non hai practicamente nada de economía. E cando se expolican as guerras, no ensino da historia, ocúltase a sua verdadeira causa que no fondo é sempre económica. A economía constitúe o grande misterio só asequíbel aos selectos. No se entenden as páxinas de economía dos xornais e, portanto, non se len: saltanse. Vivan os deportes e o horoscopo!!

No 1979 fixen o cambio. Púxenme a estudar e a experimentar economía. Traballo pouco lucido, comparado co anterior. Levo no empeño sete anos de labor silandeiro. Sometín a un puro calvario aos meus amigos e seguidores. Uns abandoáronme. As condicións que lles puxen non foron do seu agrado. Outros agardan pacientemente que eu volte á miña antiga loita testemuñal. Outros axúdanme, imos xuntos cara adiante.

Lembro, haberá tres ou catro anos, chamáronme de A Coruña para que dese unha charla de non-violencia. Faleilles da causa principal de todas as violencias: a razón económica. Resulta demasiado ríspida a loita na frente económica. É máis gratificador iso dos dereitos humanos, da obxección de conciencia, da defensa das rías en frente das autopistas ou... o referendo da OTAN. Hai que estudar moito, hai que reunir datos, hai que resolver entrambicados problemas. No referendo sobre a OTAN, por exemplo, soubo o povo o terríbel feito inflacionista que produce a tempo vista o aumento das industrias de guerra?: producir máquinas que destrúen o que producen as máquinas que producen. Se xa a simples produción é excesiva

cando hai que protexer á natureza, que será producir masivamente destrución da produción? De tolos. Pero iso, recurso fácil, dá de momento ocupación a uns parados e salva as próximas eleccións. Os dous colosos do mundo disimulan con eses complexos militares-industriais gigantescos as suas dificultades económicas. Incluso Eisenhower, militar-presidente dos Estados Unidos expresou a sua repulsa antes eses complexos. Non se lle fixo caso.

O povo non sabe de economía. Sabe que, se rouba unha galiña ao veciño, vai á prisión. Eu tiven compañeiros de cadea ladróns de galiñas. Pero, e a inflación? A subida dun ponto na inflación nun só Estado pode representar o roubo de milleiros de millóns de pesetas. A xente, neste país, acostumouse a que cada ano suba a inflación polo menos oito puntos!! E os responsábeis non van á cadea, van a ministros. E o povo non se inteira porque a máquina de roubar é tan inxeniosa que deprécia os teus cartos sen tocar un céntimo do teu peto.

Galiza, pola sua posición xeodromo-económica ("dromo": vías de comunicación para transportes), podería ter albergado nalgunha das suas rías un porto de primeira magnitude mundial como Lisboa, Rotterdam, Londres, Hamburgo, aínda que só fose como entrada e saída da península. A partir do século XVI, o centro de gravidade da economía desprázase do Mediterráneo ao Atlántico. Por que os galegos non se beneficiaron desa oportunidade?

O povo non sabe de economía. É máis. É costume xeralizado non incluír a economía no ámbito da cultura. Nunha Enciclopedia atopas un poeta de segunda orde nun país, pero nunca atoparás ao amo do meirande Ban-

co ou da meirande industria dese mesmo país. As mulleres sóeselles ocultar a economía toda a vida. Aos homes ensínaselles economía só en contados casos: para seren executivos ou profesores de executivos. E ensínaselles como algo totalmente afastado da cultura. É algo estritamente técnico. Os humanistas non deben botar o ollo no interior da caixa fechada. Marx foi á economía desde o humanismo e menudo lio armou. Hoxe, por desgracia, incluso as esquerdas herdeiras de Marx adoitán a esquecer da economía global e andan ensarillados superficialmente en temas parciais xurídicos, políticos, sociais, laborais, psicolóxicos ou ecolóxicos. E digo superficialmente, non porque non sexan profundos eses temas, senón porque é superficial querelos arranxar sen antes tirar o "tropezo" económico que impede o seu verdadeiro desenrolo.

Convén que o povo non saiba economía. Convén que ignore a íntima relación entre a economía e a solución dos seus problemas humanos, culturais, laborais, sociais, psicolóxicos, sanitarios, educativos, comunicacionais, etc... Convén distraír a atención do povo o máis lonxe posíbel do "tema principal". Ao povo festas, pallasos, monicreques, circo, fogos de artifício, xardíns, fútbol, liga, copa, recopa, contracopa, quiniela, cegos, lotarías, primitivas, bingos e anuncios de consumo cada día máis atractivos. Esa é a cultura do povo, "folk-lore". A economía para os técnicos.

Orixinalmente, no falar indoeuropeu, "economía" viña significar o dereito a participar na paparota da comunidade humana. Quen reparte hoxe as convidadas? e, a quen?

Barcelona, 31-Marzo-1986

como quen di



(AUTORETRATO DE LUIS SEOANE)

## Lembranza nova, e sempre, de Luís Seoane

MANUEL LUEIRO REI

Foi por estes días de abril do ano setenta e nove: Luís Seoane era vencido pola fadiga do seu destino. O home, Luís Seoane, co sulco silandeiro da morte, riscaba a derradeira liña do seu arredor, deixando na historia da Arte a forma humana do seu segredo como presenza viva, amoreada de futuro, a traveso do movemento fidel do tempo.

Galicia, entón, estivo de luto. Galicia sinteu, sobor ods seus osos, esa treba da ausencia que ninguén pode substituír cando na cultura algo se racha, e na aventura airexa creadora como dinamismo da realidade, amóstrase o valeiro, facéndonos coñecer de perto o que é o abraimento, a nulidade dun proxecto, pois a Arte "ademais de expresión é proxección no futuro, creación da humanidade".

Eu dixen un día de Seoane, despois de ollar a súa pintura: podo afirmar que traio a pupila reveladora e o azo alcendido. Traio comigo os ocos das vellas sabencias, que é cando a eficacia da Arte encadrela as lentitudes e fixa as pisadas do camiñar do home que non trema ao desterro.

Tiven a sorte de coñecelo a el e á súa arte en Buenos Aires, anos en que a ditadura franquista tiña os folgos fortes de ser "nemiga de todo canto medra e se move". Nas tertulias nocturnas da súa casa, devorábanse as máis outas preguntas sobor da arte, literatura, socioloxía, antropoloxía, política, historia. Luís, e os seus contertulios (eu era un prudente ouvinte liberado por aquelas palabras, gozando do pracer insólito) debullaban os seus saberes sin pederantería, co gosto familiar de cando a amizade descobre os segredos do sangue, e o home, botando fóra das súas faldriqueiras a envexa, que sempre vai en percura da traición cando se agacha, deixa de ser unha doencia, e convírtese en xuntanza nobre pra que a vida non sexa unha murguranza. A casa de Luís Seoane, era a nosa mesma casa. Ali, o concepto das cousas, adquería unha sobriedade sen preguiza. A palabra ia en percura da dimensión educadora, e a boa crianza era a medida do apacible. Falábase sin fadiga, coa finalidade de arrequecer a sensibili-

(pasa á páxina 23)



Conclusións da III Semana de Filosofía

# A filosofía debe exercer a crítica da cultura

O papel da filosofía como crítica da cultura e da civilización actual, máis que como simple fonte positivista centrada simbolicamente no cómputo de inquéritos, é unha das principais conclusións da III Semana de filosofía, celebrada entre o 31 de Marzo e no 4 de Abril en Pontevedra.

A Aula Castelao de Filosofía foi a encargada de organizar esta III Semana á que foron

convidadas algunhas das primeiras figuras da filosofía de Galiza e do resto do Estado. A semana que tivo nesta ocasión un importante nivel, non ten apenas precedentes no noso país.

A reflexión e a crítica dos acontecementos que nos rodean foron defendidos polos ponentes, en contra dunha mentalidade embrutecida ou dun cientifismo meramente descritivo que actúa como coartada defensora do status-quo. A necesidade de manter a perspectiva crítica ante a

realidade, antes que cinxirse a conveniencias e/ou compracencias que esterilizan e adormecen o desenvolvemento do pensamento, sería unha das mensaxes esenciais. A filosofía recobra un papel fundamental na sociedade como formación do pensar, imprescindible para a idea de cambio e de progreso fronte a un pensar cínico e inmóvil nunha sociedade falzada e autodevorada.

Conferencias abertas ao público, mesas colóquio e o papel dos ponentes compuxeron o núcleo da semana. Entre os

ponentes destacou a mensaxe lúdica e neoanarquista de Agustín García Calvo, o marxismo de Fernández Buey, o marxismo estruturalista do discípulo de Althusser, Gabriel Albiac, a experiencia de Jerez Mir ao lado do profesor Faustino Cordón, así como os colóquios e debates sobre a filosofía no ensino e o papel da filosofía hoxe, na liña xa comentada.

Os membros da Aula Castelao, organizadores destas xornadas, destacaron o seu interese por impulsar o pensamen-

to galego, aínda con moitas etapas por percorrer.

Ademais dos citados estiveron presentes ao longo dos cinco días, o profesor Gustavo Bueno, autor do recente libro sobre filosofía da relixión "El animal divino"; Xosé Luís Barreiro Barreiro, recentemente eleito decano da Facultade de Filosofía de Compostela; Alberto Hidalgo Tuñón, presidente da Sociedade Asturiana de Filosofía; M<sup>a</sup> Arroyo Merino, profesora do Bacharelato Internacional; José F. da Silva,

## Francisco Fernández Buey

"Os cínicos non ven máis alá do seu nariz"

—Cal é o papel do filósofo hoxe?

—O papel supostamente superior ao que proporcionan os coñecementos positivos e polo xeral contraposto ás ciencias, caducou hai tempo. Isto non significa que non queden individualidades moi apreciábeis que seguen traballando con aquela concepción tradicional da filosofía. Pero o feito é que se ten producido un desprazamento da reflexión filosófica, cara ao estudo de problemas fundamentais das ciencias, as artes e os valores morais. Desde este punto de vista a función parasitaria do filósofo resalta aínda máis que antes. Pero tamén hai parásitos benéficos. As aportacións máis interesantes das últimas décadas proceden, na miña opinión, de científicos que filosofan sobre o fundamento das súas ciencias, de artistas que se interrogan sobre a súa práctica e a dos seus colegas, ou de políticos que reflexionan acerca do horizonte moral da súa práctica e a dos seus cidadáns.

—Vostede falou na III Semana galega de filosofía sobre a aportación de Manuel Sacristán ao pacifismo, pero cal foi a súa aportación a filosofía española?

—Manuel Sacristán foi un dos poucos pensadores españois cunha dimensión europea nas últimas décadas. Cando as nosas facultades de filosofía eran un deserto patrimonializado pola escolástica tomista, Sacristán contribuíu a que se coñecesen aquí as principais correntes da filosofía europea contemporánea; o existencialismo de Heidegger, a lóxica formal, a filosofía da ciencia, a concepción analítica da filosofía e as principais tendencias do marxismo posterior a Marx. Para a miña xeración esa é unha débeda impagábel. Logo está a súa aportación ao coñecemento de Karl Marx en España. E, finalmente, a súa forma de entender o marxismo como unha tradición emancipatoria das clases traballadoras. Isto último abriu o camiño a unha corrente marxista autónoma, tan alonxada do cientifismo estruturalista como dos eclecticismos que viñeron despois. Pero Sacristán foi sobretudo un mestre dos que ensina a pensar con rigor, a ter punto de vista, a que a paixón política se faga paixón razonada.



—Como relaciona filosofía e pacifismo?

—Por sorte o pacifismo actual non é só cousa de filósofos, aínda que ultimamente, en relación co recente referendo, algunhas xentes que confunden realismo con sumisión ao poder, metéronse moito co compromiso pacifista dalguns filósofos. O certo é que a fase actual da era nuclear obriga a unha reflexión completamente nova acerca de problemas tan vellos como a guerra, a fame, a desigualdade social e o tipo de relacións existentes entre as comunidades humanas. O punto de partida para esa reflexión está no racionalismo autocrítico de Einstein, Russell e quen con eles chamaron a atención sobre a necesidade dunha nova forma de pensar na época das bombas atómicas. A moral mesopotámica segue imperando nunha fase da historia que se caracteriza polo risco de extinción da especie humana. O reto ante o cal nos encontramos nunha situación así é como fundir nun pensamento novo a conciencia de especie (frente ao risco nuclear), a conciencia de clase (frente á persistencia da inxusticia social e as desigualdades) e a conciencia nacional (frente á dependencia, a opresión das minorías étnicas e a limitación das soberanías nacionais).

—Que queda da vella revolución na filosofía política actual?

—O termo "revolución" case que desapareceu dos textos de filosofía política escritos no último lustro. A filosofía política pon agora o acento noutros conceptos: antimanipulación, antiautoritarismo, non violencia, desobediencia civil e, por suposto, reforma, cambio e modernización. Nese desprazamento hai unha punta de etnocentrismo, séguese xulgando todo coas pautas político-culturais de euro-americanismo. En toda Eu-

ropa, nos Estados Unidos de Norteamérica e no Xapón a aceleración dos cambios científico-tecnolóxicos produciu moito escepticismo. Contrariamente ao que esperaban os teóricos da un día chamada revolución científico-técnica, esta non está dando lugar a un excedente de conciencia senón ao que se podía chamar cinismo excedente. O cinismo excedente cre ter ollo de lince e en realidade non ve máis alá do seu nariz. Pero a loita pola paz, contra a fame, a miséria e a opresión obrigará a unha revolución do modo de producir e de vivir tamén nas nosas sociedades. De maneira que a revolución é a cara oculta e inomeábel do que adoita a chamarse utopía, palabra moito máis confortábel para a filosofía política do momento.

Francisco Fernández Buey é profesor da Metodoloxía das Ciencias Sociais na Universidade de Valladolid. Fundador das Revistas "Materiales" e "Mientras tanto". Autor de "Contribución a la crítica del marxismo científico" e de "Ensayos sobre Gramsci". Coordinador do Centro de Estudos sobre a paz e o desarme de Valladolid.

## Carlos París

"A industria da política e a da conciencia son dos problemas máis graves que ten unha democracia"

—Na súa charla e nalguns dos seus libros ten falado do control da información e da importancia dos medios de comunicación...

—Estamos nun tipo de sociedade nas que existe o que se deu en chamar industrias da conciencia, quer dicir, que a industria non se limita xa a entregarnos unha serie de produtos para a nosa vida senón tamén a influir na conciencia da xente; este fenómeno empeza cos medios de comunicación de masas, primeiro coa radio —é moi curioso observar como por exemplo nun golpe de estado ten unha gran importancia o ocupar as emisoras e hoxe tamén coa televisión que aínda é máis importante. Hai un control das conciencia extraordinario e sabemos ademais como existe unha industria de política; este é un dos problemas máis graves para unha democracia na medida en que as técnicas de propaganda, nunha campaña política por exemplo, poden estar dirixidas por expertos e

entón o que conta senón as técnicas de suxestión. Conste que xa o criador de cibernética, tiña anunciado o perigo que corrian os medios de comunicación de cair en mans dos sectores máis poderosos e ademais de concentrarse cada vez máis. O que Marx anunciara da concentración do capital agora estase producindo tamén na concentración da información que é unha forma nova de capital.

—Non cre que os medios de comunicación hoxe cumpren un papel máis importante aínda do que cumprian nos anos sesenta por exemplo?

—Si, e sobretudo en España, porque os medios de comunicación teñan unha fiabilidade ante a opinión pública que non tiñan na época da ditadura, o cal non quer dicir que agora non haxa tamén unha manipulación, porque non abonda con establecer liberdades formais a respecto dos medios de comunicación; estas liberdades poden ser perfectamente respeitadas e sen embargo ter o monopolio da comunicación quen ten o diñeiro



e o poder. —Na obra "El rapto de la cultura" falaban vostede do segredo tecnolóxico e aínda máis cando se refire a temas militares.

—O coñecemento como desenvolvemento do home é algo ao que toda a humanidade ten dereito. A través da militarización e da competencia industrial ocorre que a investigación científica non sómente está dirixida a certos intereses, senón que ademais os seus resultados son conservados en segredo. Evidentemente isto é unha verdadeira patoloxía da vida científica actual.

M.V. Carlos París Amador é profesor de Antropoloxía na Universidade Autónoma de Madrid. Autor entre outros libros de "Crítica de la civilización nuclear", "El rapto de la cultura", etc.

## Rafael Jerez Mir

"O papel da filosofía no bacharelato é o da construción unitaria do pensamento"

—Cal é o papel da filosofía no bacharelato?

—Dise que a función principal da filosofía é desenvolver a actitude crítica do alumno e a conciencia histórica. A min páreceme que esa función é misión da cultura e do ensino xeral. O que si creo que ten que cumprir a filosofía, independentemente de como se articula isto nos programas, no nivel secundario en particular, é pór ao alumno fronte á necesidade de organizar unitariamente a súa propia construción da realidade. Desde a escola e desde a sociedade chégalle continuamente información cada vez máis atomizada, parcelada, entón o problema da filosofía é que o individuo se enfrente á construción unitaria da súa cabeza, do seu pensamento.

—Como ve os novos plans ministeriais a respecto do ensino da filosofía?

—Penso que é necesario que os que estamos nisto, no ensino secundario no meu caso, nos plantexemos como



## Atentado contra o galego

Na ilustración da dereita castellanización do topónimo "Xaz".

A esquerda reprodución dun impreso para a solicitude da licéncia de pesca deportiva. Os impresos existen en versión bilingüe aínda que na Comandancia de Mariña de Vigo só firman os que figuran en castellano.

XUNTA DE GALICIA LICENCIA DE PESCA MARITIMA DE RECREO 3.<sup>a</sup>

CONSELLERÍA DE PESCA

DATA: \_\_\_\_\_ NUMERO: \_\_\_\_\_

CAOUCA AOS 5 ANOS

Don: \_\_\_\_\_

D. N. I. \_\_\_\_\_ 29<sup>a</sup> FEBRERO 1984

OU PASAPORTE \_\_\_\_\_ EXPEDIDO EN VI GO

COMANDANCIA MILITAR DE MARINA DE VI GO

O INTERESADO: \_\_\_\_\_ O COMANDANTE: \_\_\_\_\_

Carece de valor sen D. N. I. ou Pasaporte.



militar de Abril en Portugal e actual profesor de filosofía; Ramón Varela Puñal, autor de varios textos de filosofía para o ensino médio; Xosé Luís Méndez Ferrín, profesor e escritor que impartiu unha conferencia sobre o tema "Vicente Risco no nacionalismo galego"; Enrique Tello, profesor de Instituto; Carlos París, profesor e autor de varios libros críticos sobre a sociedade actual e M<sup>a</sup> Xosé Agra, profesora de filosofía política na Universidade de Compostela.

M.V.


haberia que articulala. Dame a impresión de que a posición oficial da administración é un pouco de inercia práctica, dun enfoque puramente utilitarista e que no fondo non hai un plantexamento deste problema. Entón podemos chegar a unha situación na que nos digan que se estivo experimentando unha reforma e que como os profesionais non fixemos críticas, nen plantexamos proxectos alternativos, pois iso é o que vale. Neste momento, no primeiro ciclo do bacharelato, sá hai iso do ensino da Constitución, non hai un lugar para a filosofía, queda a



ética como alternativa á relixión, pero que é quizá un resto do pasado. E aí, aos 15 ou aos 16 anos, quizá tivese que haber unha reflexión filosófica, non sei se como asignatura ou como outra cousa. En cambio no segundo nivel, segundo os proxectos que este ano entraron en experimentación, hai un enfoque por unha banda moi técnico, positivista e por outra moi especializado, destinado a uns e non a outros.

M.V.

Rafael Jerez Mir é profesor de bacharelato e profesor de Historia da Filosofía na Universidade Complutense de Madrid. Autor de "Filosofía y sociedade" e de "La Filosofía en el Bachillerato: crisis y revisión". Traballa na actualidade co profesor Faustino Córdón.



## Planifique o futuro vivindo o presente coa seguridade da Caixa. Todo son ventaxas

A Caixa ofrécelle o seu plan. O PLAN DE AFORRO E PENSION. Un PLAN pensado para que vostede, que xa ten asegurado o presente, poida aseguralo seu futuro.

### Planificar o futuro vivindo o presente

Vostede decide a cantidade mensual de aforro e o tempo de duranza do PLAN, podendo modificá-lo co paso de tempo e, si quer, retirá-los cartos aforrados cós correspondintes xuros. Cando vostede queira.

### Coa seguridade da Caixa

Co PLAN DE AFORRO E PENSION, a Caixa aseguralle

sen ningún custe engadido, o capital en caso de imprevistos.

### Todo son ventaxas

Ademais de todas estas ventaxas, vostede disfrutará dun beneficio mais: O PLAN DE AFORRO E PENSION lle permitirá desgravar na súa declaración do imposto da renda.

Pero como o PLAN e persoal convidámo-lo a que no-lo expoña chamando o teléfono:

43 86 86

Veña á Caixa a asegura-lo seu futuro

Un bo plan.  
Asegurámosllo

**Plan de aforro  
e pensión**



**Caixa de Aforros Municipal de Vigo**

Autorizado por la Xunta de Galicia con fecha 4-10-85



Adiantou a Xunta o proxecto de regulación do Consello Social

## Pretenden crear universidades en Vigo e A Coruña

A Xunta de Galiza pretende crear dúas novas universidades en Galiza segundo se desprende do proxecto de Regulación do Consello Económico e Social aprobado polo Consello do Goberno autónomo.

Este proxecto de lei que será remitido proximamente ao Parlamento deixa ver as liñas xerais do que será a reordenación do ensino universitario en Galiza, por máis que aínda non teña presentada a "Lei de Ordenación Universitaria de Galiza" que o Conselleiro Vázquez Portomeñe retirou na anterior lexislatura, cando xa estaba no Parlamento, por presións localistas desde dentro do seu propio partido. Logo CP e o propio Presidente Albor, basearon gran parte da súa campaña en Vigo e na Coruña na promesa de universidade nas citadas cidades.

Agora este proxecto de lei contempla dúas novas universidades nas cidades herculina e viguesa a partir do desenvolvemento dos campus existentes.

Como CP non ten maioría no Parlamento, ten que contar co apoio dalgun outro grupo parlamentario.

Tanto o BNG, como PSG-EG e PSOE están por manter unha única universidade en Galiza, pero Coalición Galega aposta pola creación de novos centros integrados noutras cidades que serían coordinados por un consello "interuniversitario" formado polos Consellos de todas as universidades galegas, ou o que viría ser o mesmo unha "universidade federal". As diferenzas entre "populares e coagas" non parecen tan insalváveis como para que non se poñan de acordo, estando a diferéncia máis notoria en que mentres CP apoia a creación de "patronatos de Campus", CG está en contra.

Se as cousas seguen como até agora e a Xunta non volta cambiar de modelo universitario (do proxecto de lei retirado por Portomeñe só se contemplaba a Universidade de Galiza) a oposición a este proxecto vai vir dada non só polos partidos na oposición, agás seguramente CG, como queda dito, pero tamén polos propios universitarios, sobretudo profesores que pensan que a Universidade de Santiago, que leva funcionando desde hai 500 anos, non ten suficientes recursos para desenvolver axeitadamente, nen tan sequera

para manter un adecuado funcionamento.

Ademais dos criterios económicos, importantísimos nestes casos, está tamén en xogo o que debe ser unha universidade e que papel debe cumprir, pois mentres uns pretenden facer unha universidade que sirva aos intereses empresariais e do mercado de traballo, as forzas progresistas reclaman unha universidade ao servizo do país e incardinada na súa realidade.

Por outra banda o proxecto da dereita para transformar a Universidade Galega pode encontrar a oposición do propio "Consello Nacional de Universidades", ou do propio Ministerio de Educación posto que os patronatos non están contemplados nos Estatutos da Universidade nen expresamente recoñecidos na lei de Reforma Universitaria.

Así as cousas, até que a universidade galega quede definitivamente reorganizada e fixado o seu modelo, que aínda vai tardar por máis que a Xunta afirme que será para pronto a creación das dúas novas universidades, prevese gran conflictividade.

A.E.

## Desde Os Ancares con desalento

A serra dos Ancares, na provincia de Lugo, non é allea ao proceso xeralizado actualmente no mundo occidental que despovoa o agro e conxestiona as cidades. Fenómeno problemático que nesta serra ten caracteres singulares e chamativos. Singulares porque a zona así o é: ten unhas paisaxes moi fermosas, unha flora e fauna excepcionais e ademais uns habitantes humanos únicos en Europa, os povoadores de pallozas.

Todos sabemos ben como son as pallozas. Ultimamente téñense realizado moitos estudos sobre elas. Mais o que poucos, moi poucos saben é o duro que resulta vivir nelas.

Iso quen o saben ben son os seus moradores xa que por iso, na súa imensa maioría, téñenas abandonado e substituído por vivendas novas e convencionais.

As pallozas son as vivendas en uso máis antigas de Europa. Iso tamén o sabemos todos. É óbvio entón que ese patrimonio é moi importante. A ninguén lle gustaría que se perdesen. Todos nos sentiríamos un pouco máis pobres como povo ao sabermos que xa non tiñamos entre nós a esas vellas construcións.

Esa situación non parece, hoxe por hoxe, lonxana, pois, como dixemos, os seus moradores téñenas abandonado deixándoas sometidas a unha forzosa destrución ou mutilacións horribéis.

A abertura de pistas e estradas provocou a ruptura do secular illamento a que estivo sometida a zona. Con estas estradas chegou o proceso de "via estreita", quer dicir, só o pernicioso.

Os camiños comezaron a subir a serra cargados de blocos de formigón e planchas de Uralita. Non subiu máis nada... nen sanidade, nen novos meios culturais, nen riqueza... nen nada.

Desde aquela as vellas pallozas viron como a carón seu xurdían unhas feas compañeiras de ferinte planta rectangular e estraños materiais e cores. Mais a súa indignación debeu ser máxima ao ver como elas mesmas, tan agarradamente tratadas durante séculos, eran atacadas; ben substituíndo as súas cubertas de colmo por Uralitas ou ampliándoas con aqueles blocos de formigón ou ben doutras formas piores.

Non se lles pode dicir nada a esta pobre e sufrida xente. A súa cultura artística foi atacada ferozmente por unha cultura allea e os seus recursos económicos, vencellados ás ganas de aumentar o seu benestar, fixeron florecer como zarzotes de outono os numerosos adefésios estéticos ali observados.

A conversión pola nosa sociedade tecnolóxica da arte e da natureza en bens de consumo tamén chegou aos Ancares. Repentinamente a zona saltou aos ollos de todos e todos pudemos comprobar o que ali viña sucedendo.

Niso ven Eudardo Amann, subdirector xeral de arquitectura do MOPU en 1982; por iso, consciente da importancia do patrimonio da bisbarra, dispúxose a acometer un "plan de rehabilitación integrada" para a zona.

Pouco despois as competencias en materia de património

serían transferidas á Xunta en exclusiva. Estes movementos burocráticos provocaron que a Dirección Xeral do Patrimonio Artístico e Monumental da Consellería de Educación e Cultura non se tomase con calma o asunto até agora, cando xurde novamente a idea de rehabilitación integrada.

Idea boa, pero moi reducida xa que só pretende rehabilitar o núcleo de O Piorno, lugar onde hai 16 pallozas; non pensando nada para os demais núcleos onde están as 257 pallozas restantes das que hai en Galiza.

Agora as decisións sobre a rehabilitación do lugar están en mans dun equipo de arquitectos. Técnicos que supoñemos serán conscientes da importancia do seu traballo, sabedores de que a conservación do patrimonio non é un ben en si mesmo. De que eles están a traballar nun problema social, non nun problema estético.

Que non hai que rehabilitar só as pallozas e os hórreos senón a comunidade. Sen esquecer as súas necesidades e aspiracións.

Saber que aquela sociedade, tan intimamente vencellada ao seu meio, está hoxe en crise. Que a súa feble agricultura merma día a día ao igual que a gandaría. Que os seus habitantes son cada vez máis vellos e máis escasos. Que os bosques son talados ou queimados indiscriminadamente e que as poboacións carecen dos máis elementais equipamentos e servizos sociais.

Por aí é por onde hai que lle entrar ao problema da rehabilitación da zona; por mellorar as condicións de poboación autóctona. A conservación do patrimonio histórico varia como consecuencia disto.

É a administración quen tería que afrontar os custos económicos e sociais que se xeraran, ao tempo que concienciar aos habitantes da zona dos valores dos que son posuidores e que hoxe parecen ignorar.

Usos para aquel patrimonio hai, ademais dos actuais de cortes ou celeiros, algúns máis. Tan só é cuestión de imaxinación.

Coido que sería conveniente introducir algún uso novo que levase xuventude, dinamismo e riqueza á zona. Non sería máis idea dedicar parte deste patrimonio a hostalaría (albergues, restaurantes, etc.) dos que a zona é deficitaria. Outros usos posibles terían de potenciar as condicións naturais da zona, como por exemplo instalando observatorios da fauna e flora. Criar pequenos obradoiros para artesáns e artistas farían recuperar, ademais, algun oficio tradicional en perigo de desaparición.

Completarian o cadro de posibles usos a instalación dos tan necesarios equipamentos sociais e colectivos (consultorios médicos, bibliotecas, teléfonos, correos, comercios pequenos, lugares de ocio e emprego).

Penso que solucións hai moitas. Se a administración é capaz de levar esta iniciativa con éxito, os galegos poderíamos sentirnos fahendosos de ter recuperado un dos nosos máis antigos sinais de identidade.

PLÁCIDO LIZANCOS MORA

### tribuna

## Tendéncia á verificación

EDUARDO GUTIERREZ

Coa vénia dese señor de A Coruña que me fai co-participar, xunto co amigo Muñiz, da exclusiva das análises políticas de "A Nosa Terra", imos ocuparnos de algunhas reflexións tiradas do Referendo sobre a OTAN.

Independientemente de que os votos negativos foran moitos ou poucos, os que se esperaban, ou máis ou menos, ao noso xuízo compre unha consideración previa de moito rendimento práctico: contrastar o poder dos medios de comunicación que practicamente por si sós demostraron ser homologábeis á arañeira caciquil tradicional e autóctona. Para quen despois de numerosas campañas está xa escaldado, o resultado do Referendo non foi ningunha sorpresa; esta residiu máis ben no abraio producido ao contemplar abondosas posturas de esquerda ou progresistas que, individualmente, seguen concedendo unha desmedida relevancia ao seu voto, e crendo na ecuación "racionalidade" igual a resultado coerente".

Debe ficar tan nítido como sexa posible o noso máis fondo recoñecemento a todas esas persoas que votaron non apesar de todos os pesares, que foron moitos. Son votos conscientes e, xa que logo, de grande calidade, por así dicir. Pero debe ser igualmente meridiano que firmar manifestos financiando o correspondente anuncio, e convencer ao compañeiro de traballo abourado pola ética (?) televisiva do Presidente do Goberno, para que vote contra a OTAN, non só non abonda para "ganar", senón que de pouco serve para deter a política do Goberno que sería, en fin de contas, a única garantía para saír da OTAN, atoado a porta faxeira pola



que se entraría en calquer caso. Para avanzar en política compre primeiramente propoñer-se obxectivos globais e só hai vitorias parciais cando a táctica resposta a unha estratexia mui precisa que, á súa vez, asoleira en posicións firmes. E despois, naturalmente, hai moito que darlle ao zoco país adiante, meter os pés na lama e non se deixar abafar por públicos de media dúcia de persoas que entre divertidos e escépticos, ollan baixo unha esmorecida luz, nun teleclub calquer do país, a un par de homes "que andan na política" e que se achegaron ali, ao cabo do mundo, a convence-los, non saben ben por qué, do contrario do que di a televisión.

A medida que os días pasan e se acerca o 12 de marzo, o noso pasmo era parello ao entusiasmo dos que tiñan o non por seguro, e de pouco servía recorrer ao elemental sentido común: a razón de encuestas dando-lle vantaxe ao non servidas ao remate co obxectivo de mobilizar a maioría social a prol de si, a esa maioría inxel e desinformada e un tanto obtusa, trocaba-se, contra toda lóxica, nun argumento decisivo e incontrovertible. Por algo a presunción da neutralidade dos medios, a falsa conciencia

e o maniqueísmo, son rasgos definitivos non só das imensas maiorías senón, tamén, das requintadas minorías que abreven no xornal "El País", rícaz manantio capaz de fornecer o "maná" polo que de goira a mesocracia "progre", aquela que sigue conservando na súa tipoloxía iso que en pedagogía se chama tendéncia á verificación e que, ben se ve, non afecta só á adolescencia: a proclividade a conservar teimosamente as ideas concebidas sobre calquer fenómeno —social ou non— rexeitando todo aquilo que as contradi e fixando-se samente, nos dados que confirman as propias conviccións ou, peor aínda, os desexos persoais.

Por suposto que non é doado desbloquear situacións desta caste; pero non cabe dúbida de que os resultados do Referendo, na medida en que constituen un argumento notoriamente discrepante e radicalmente oposto ao xuízo anterior, ao pre-xuízo, convirten-se nunha celmosa estratexia pedagóxica, ao actuar como elemento de relativización do particular dogma da realidade.

Por suposto que tanto a campaña como a consulta han ser fonte de mais utilidade, tan prácticas ou máis que as anotadas, pero por cinxirnos ao campo do relativismo do que vimos falando, compre sinalar que as xeracións que coñeceron os tempos púnicos terán que ir revisando os seus respetos xuízos sobre o pasado e, desde logo, ir esquecendo os chistes sobre os referendos franquistas; todo "ad majorem Psoe gloriam", baixo a mirada displicente do califa "socialista", que nos fala como se fosemos alumnos de terceiro de Básica e recórdanos aquelas máximas do P. Astete: "Os Artigos da Fe son os mistérios principais que temos que crer".



Alimentación ou negócio: un dilema para a agricultura

# Nos países do Mercado Comun destrúense millóns de toneladas de comida

FERNANDO CARBALLA

Son cuarenta millóns cada ano. Mais de cen mil todos os días. Cinco cada 4 segundos. Estas eran as cifras que se nos daban nas escolas hai vinte anos, ou moi parecidas. Cando a Igrexa viña recoller os donativos para paliar a fame no mundo, "na India" ou para "os chinitos". En China xa non había fame daquela e agora autoabastécese de alimentos, e o goberno indio xa hai máis de dez anos que non admite donativos nen sequer para alimentos. Mais os 40 millóns de mortos por inanición seguen sendo unha cruel verdade.

En Europa occidental a media por persoa e día é de 65 g. de proteínas, mentres que en moitos países subdesenvolvidos non chega nen ás 10. En insultante contraste, case dous millóns de toneladas de leite descremado vendeu a CEE en 1983 para... a alimentación animal. A impresionante fotografía que contemplamos nesta páxina debería abrir as carnes a todo ben nacido.

Pero o sistema non pode alimentar a bocas "inúteis". Case é preferible que morran sen facer ruído. Non son precisos para producir desde que as máquinas tomaron o relevo. Nen sequer son necesarios como consumidores, mentres outros, mais solventes, pague o prezo. Aquí está, nesta frase de 1974 dun alto responsable do Ministerio de Agricultura dos EEUU: "Nen nós nen os demais países ricos estamos dispostos a renunciar a considerábeis ingresos por exportación co único obxecto de alimentar aos pobres".

E o problema non é que falten alimentos. Sobre que comer. Os "stocks" de trigo no mundo rondan nesta campaña os 100 millóns de toneladas. Os Estados subvencionan aos produtores con cantidades escandalosamente por riba do que finalmente custará no mercado. As veces o dobre, o quintuplo, normalmente o 60%. Tres cuartos do mesmo



O problema dos excedentes que produce a agricultura nos países do Mercado Comun obriga, moitas veces, á destrución de millóns de toneladas de comida.

pasa co leite, coa carne, coas oleaxinosas, soxa, aceite de palma. Os prezos tenden á baixa en todos os mercados e para todos os produtos. Desde 1979 até hoxe, un 24% en dólares constantes (quer dicir, como se a inflación fose cero).

No sistema cerealeiro mundial —o pan como alimento *par excellence*— albíscanse tendencias á máis absoluta desorganización e mesmo algúns expertos falan de voladura completa ao redor do seu centro en Chicago (e tamén Kansas City e Minneapolis). E o resultado non sería outro que a quebra de todos os pequenos propietarios e unha nova concentración. Esta perspectiva xa está sendo real para moitos granxeiros do Midwest estadounidense, e a *Farm Bill* aprobada no Congreso USA en Decembro apunta nesa dirección con absoluta seguridade.

O que lle pasa ao trigo tamén lle ocorre ao leite; e a "gloriosa" entrada no Mercado Comun do Estado español vai arruinar con certeza á gran maioría dos 625 mil labregos galegos.

Pero escoitou alguén falar de crise en Nestlé, Cargill, Bunge, Continental ou Louis-Dreyfus, os monopolios, os auténticos donos do *agrobusiness*? A quen benefician as concentracións das propiedades senón a quen ten os astronómicos capitais para explotalas? Quen pode controlar os fluxos financeiros planetarios precisos para que siga andando o comercio de alimentos?

Porque a doutrina ultraliberal que empapa aos gobernos Reagan, Thatcher, Chirac ou Felipe Gonzalez non ten nada a ver co librecambio deminónico. Aquilo está morto e enterrado. É liberal porque o Estado non dá un peso en axu-

das sociais, todo fica en mans do mercado... e quen pode hoxe "xogar" á bolsa?

Os EEUU puxeron a punto, hai uns dez anos, o chamado Large Area Corpo Inventory Experiment (LACIE). LACIE é un programa de fotografía, desde satélites, unido a un modelo informatizado que inclúe datos meteorolóxicos, históricos e máis ecuacións que relacionan superficies e rendimentos, para obter unha avaliación das colleitas no seu país e nos outros principais produtores e consumidores de cereais. O LACIE xa alcanzou o "critério 90/90", ou sexa que pode calcular a produción, a meados de temporada, cunha marxe de erro do 10% para Canadá, Australia, Argentina, Brasil, a URSS e a China. Ampliándose con termografía por infrarroxos de minifundio, como México ou a India, e esténdense as evalua-

cións á soxa, o arroz e o algodón, xunto co trigo, cebada e millo, os principais produtos de agroexportación estadounidense. O programa, actualmente chamado *Agristars* dirixeno a NASA e o Departamento de Agricultura.

Alguén ten dúbidas sobre quen exerce o control sobre a agricultura a escala mundial? Pode alguén pensar que a Terra non é capaz de alimentar a todos os seus fillos?

Non fan falta máis multitudinarios concertos de rock, "We are the world", "USA for Africa", nen espectáculos para lavar máis conciencias occidentais, igual que os golpes no peito da Igrexa católica dos anos 60. Cando vexamos as imaxes do Sahel atribulado ou da Bangla Desh agonizantes, saberemos que os enterrados envoltos na bandeira de "stars'n'bars", o pendón da liberdade.

## Segundo a FAO hai 500 millóns de persoas que padecen fame ou inanición crónica

A. ALEXEEV (APN)

Hai 40 anos tivo lugar na cidade canadense de Québec a conferencia constituínte da FAO (Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e Alimentación), cuxa tarefa é, entre outras cousas, contribuir á solución dos problemas mundiais de abastecimentos. Nos Estatutos desta organización están indicados os seus obxectivos primordiais: mellorar a alimentación e o nivel de vida dos povos, elevar o rendimento da agricultura e aperfezoar o sistema de distribución de víveres e produción agrícola, mellorar o benestar da poboación rural, coaduxar ao desenvolvemento da economía mundial.

É óbvio agora que no umbral do terceiro milenio a humanidade esta sobrecargada de problemas de

carácter global, entre os cais destaca o problema dos alimentos, cuxa importancia vital é tan evidente que non necesita proba algunha. Na era da revolución científico-técnica a fame e a inanición parecen paradoxais e anómalas. Segundo os datos facilitados pola FAO, hoxe no mundo, sobre todo nos países de recente soberanía, uns 500 millóns de persoas padecen fame ou inanición crónica.

A FAO, integrada por 156 Estados, ven realizando ao longo de moitos anos diversos programas de axuda técnica e alimentaria ás nacións en desenvolvemento. Lamentablemente, moitos proxectos útiles da FAO mantéñense no marco de investigacións, conclusións e recomendacións, materializándose en proporcións insignificantes e moi de vagar. Tal foi a sorte do proxecto

elaborado pola FAO a comezos dos anos 60 para o desenvolvemento dos países mediterráneos, que estipulaba mellorar o usufruto da terra e o abastecimento da auga, ensinar aos agricultores novos métodos e aperfezoar a planificación da agricultura.

Nos últimos anos tense elevado algo a eficacia práctica dos proxectos da FAO. Nun informe presentado pola organización en 1985 indicase que en Grecia, por exemplo, estanse realizando tres proxectos de melloramento do usufruto da terra por un monto de 258 mil dólares; en Chipre, catro proxectos e en Malta dous.

Pero en xeral, segundo estimacións dos expertos da FAO, o problema dos abastecimentos segue a ser angustioso, o cal débese a causas máis fondas que o factor demográfico. En es-

pecial, trátase de que algunhas potencias, nomeadamente os EEUU, principais produtores de víveres, procuran garantir os máximos beneficios para as transnacionais, sometendo a explotación neocolonialista aos países independentizados, convertendo en instrumento político a venda de víveres e a "axuda" alimentar.

Para xustificar esta postura, propágase diversas teorías, ate as máis anti-humanas. Así, o nordeamericano H. Hardin compara no seu artigo "Como sobrevivir nunha lancha salvavidas" a situación dos países desenvolvidos cunha lancha chea de naufragos, e os países en vías de desenvolvemento son xentes que non lograron meterse na lancha e fican boiando, pedindo axuda. Se se lles deixa montar na lancha, afogaranse os que prestan axuda e os que a necesitan.

A conclusión é a seguinte: hai que salvar só a quen están na lancha e negar a axuda aos que están a pondo de se fundir.

Alguns gobernos axustan cada vez máis a súa axuda alimentar na lealdade dos países en vías de desenvolvemento, emprestandolla máis xenerosamente ás nacións que, na súa opinión, representan importancia estratéxica para eses gobernos.

Pero aproveitar a situación precaria de centenas de millóns de persoas para tirar beneficios e lograr vantaxes políticas non é o método en que depositan as súas esperanzas os povos para dar solución a este problema, un dos máis importantes da actualidade.

A. Alexeev é experto en temas de alimentación e subdesenvolvemento.



A febre dos aparcamentos subterráneos

# Lugo: catacumbas para automóveis

Unha febre parece recorrer o corpo dos alcaldes dalgúns vilas galagas: a febre dos aparcamentos subterráneos. A Coruña, Pontevedra e ultimamente Lugo están a ver como depredadoras palas mecánicas deixan as prazas máis representativas de cada cidade coas entranas descompostas levándose por diante en moitas ocasións —o caso de Lugo quizá sexa o máis grave— importantes restos arqueolóxicos

Despois de A Coruña —oito aparcamentos proxectados, un deles na Praza de M<sup>a</sup> Pita— e Pontevedra, onde este non é o único problema urbanístico que se plantexa actualmente (ver información aparte), Lugo está a ser o principal punto de discórdia no tema dos aparcamentos.

Diversas entidades cidadanas lucenses tais como Adelpha, Colectivo Ecoloxista Radical, partidos políticos de esquerda e nacionalistas, sindicatos, Coléxio de Arquitectos, viciños, etc. levan semanas movilizándose en sinal de protesta polo que consideran unha barbárie urbanística, atentaría contra o Patrimonio Histórico. Federaciós de Empresarios e comerciantes da zona máis céntrica peden a axilización dunhas obras que xa o axuntamento empezara por vía de urxencia e facendo caso omiso das numerosas alegaciós apresentadas polos diferentes colectivos. No momento de redactar este informe hai apenas 24 horas que a Directora Xeral do Patrimonio da Xunta, Raquel Casal, desautorizou ao concello lucense para continuar as obras, en dúas das tres prazas onde está previsto instalar aparcamentos, mentres non se fagan excavaciós en área (quer dicer sistematicamente de toda a praza e a man) que impidan "a perda irreversible de restos históricos, algúns deles até agora descoñecidos, pertencentes á época romana e existentes no sochán das prazas en cuestión".

O veredito da Dirección Xeral do Patrimonio ten unha dobre importancia se consideramos que unha súa decisión anterior, a de excavar a man unha parte da primeira praza afectada polas obras —a da Constitución, xunto á Estación de Autobuses—, foi contestada polo poder municipal cunha veloz e escalabrante actuación das paleadoras que deixou boquiabertos a cidadáns do patrimonio e cidadáns. O equipo de arqueólogos da Dirección Xeral falou entón de "acto vandálico" e de "arrasos arqueolóxicos perpetrados na cidade de Lugo", o cal non impediu de todos modos que moitas entidades criticasen as timidísimas medidas tomadas pola Xunta, medidas ante as que os munícipes acababan de optar, estaba claro, por unha brutal política de feitos consumados que debeu facer remexer na súa tumba aos centuriós romanos que colonizaron a Gallæcia. A asociación Adelpha, ante o cariz dos feitos, dirixiuse ao Goberno Civil para solicitar protección policial nas outras dúas prazas.

É precisamente nestas —as de Santo Domingo e de Ferrol, ambas as dúas intramurallas— onde pesa a última decisión tomada pola Xunta e onde con case absoluta seguridade existen restos históricos de aínda maior envergadura.

contencioso administrativo perante a Audiencia Territorial. Máis lonxe —xeograficamente— foi a plataforma de entidades cidadanas que dirixiu as súas protestas a diversos organismos internacionais entre os que se encontra a Secretaría Xeral da UNESCO en París. En parecido sentido manifestárase tamén o Instituto de Estudos Galegos "Padre

deu lugar a que esta cidade atravesase nos últimos meses por unha forte polémica, como xa vimos. As diverxencias chegaron ao propio pleno do concello, que se no mes de Xuño aprobara o proxecto por case total unanimidade, no mes de Febreiro seguinte foi, en cambio, necesario o voto "de calidade" do alcalde para desfacer o empate, dada a au-



Praza de Sto. Domingo

XOSÉ LUIS TEJERO

Aparte habería que considerar a tala de árbores na Praza de Ferrol, entre eles catro rarísimos exemplares de paulónios, valorados en 27 millóns e que os empregados municipais pretenden reinxertar no lugar da cidade, a pesar da opinión dos técnicos que predin a imposibilidade de rexeración.

Todo un problema e unha polémica que xa levou ao Coléxio de Arquitectos de Galiza (COAG) a presentar un recurso

Sarmiento".

As protestas xeradas en Lugo a partir do proxecto de novos aparcamentos hai que emarcala dentro dunha desfeita urbanística da que se poden encontrar boas mostras en toda Galiza, producindo unha situación que non parece ir a mellor co paso dos anos, moi en contra do que a chegada da democracia fixera prever.

A febre dos aparcamentos subterráneos, que no seu punto fundamental afecta a Lugo,

séncia dun concellal da maioría que ostenta Alianza Popular. A vitoria pirrica vírrese enzoñada, aínda máis, cos dous expedientes instruídos polo axuntamento ao arquitecto municipal, Santiago Puentes, por unhas declaracións súas ao diário *El Progreso* nas que declaraba que as obras nas prazas de Ferrol e Santo Domingo constituían "unha auténtica agresión ao Patrimonio Histórico Artístico".

O diagnóstico da febre con-

vén realizalo, non obstante, desde tres vertentes fundamentais: urbanística e de tránsito, arqueolóxica e especulativa.

No tocante ao aspecto urbanístico, representantes do Coléxio Oficial de Arquitectos fixeron constar abertamente que os proxectos de aparcamentos "infrinxían a normativa vixente" e "eran documentos incompletos", sinalando ademais "o falseamento que supuñan as seccións que figuraban nalguns planos, que non concordaban cos perfís reais do terreno". Entre as incorreccións que aparecen na memoria dos proxectos destacaron, por especialmente disparatada, a que caracterizaba a Lugo como "cidade próxima ao mar". O COAG non dubidou en afirmar que os proxectos supuñan "infraccións urbanísticas de carácter grave".

Segundo Alfredo Mosteirín, delegado municipal de tránsito e a persoa máis polémica da corporación, "no centro da cidade desenvólvese o 90 por cento da actividade económica que de cerrarse ao tránsito morrería". Ademais os aparcamentos serían "un medio para conseguir a peatonalización das prazas en custión así como doutras zonas da cidade". Outras fontes sinalan sen embargo "a antipeatonalización que conleva establecer tres aparcamentos no cetro da cidade". Moitas persoas partidárias dos aparcamentos subterráneos non dubidan en sinalar que o axuntamento escolleu xustamente as piores ubicacións e que estes debían estar claramente alonxados do casco histórico e do espácio intramurallas. A cuestión parece óbvia se temos en conta que en Lugo, os eixos diametraís da muralla non superan os setecentos metros; quer dicer, non existen distancias físicas que xustifiquen a introdución do coche no interior do recinto amurallado; sendo absolutamente sinxelo encontrar numerosos postos exteriores á muralla e a non máis de cinco ou dez minutos andando do miolo comercial da cidade. A alternativa aprobada polo concello traerá consigo, a dicer tamén das fontes alegantes, unha maior presión automovilística sobre o corazón da cidade, lonxe, aínda máis, da necesaria e racional peatonalización.

Os rexidores da cidade deberían dar a coñecer aos lugueses as características de Dinan, cidade situada no norde da Bretaña e irmanada hai uns anos con Lugo. O irmanamento podería ampliarse para recoller o exemplo de peatonalización da cidade bretona que realza, sen dúbida, a súa fermosura, grácias a un proxecto de humanización e respecto do patrimonio histórico que enorgullece a esa e a moitas cidades europeas.

## AUTOMÓVEIS NAS CATA-CUMBAS

O proxecto de construción de catacumbas automovilísticas, como calificou un dos autores das alegaciós aos aparcamentos subterráneos, foi causa de que na Praza da Constitución se destruíse unha parte da necrópole incluídas, ao parecer, 10 tumbas tardorromanas. Segundo Felipe Arias, arqueólogo e director do Museo de Castro de Viladonga, topáronse "cerámicas, bronzes, moedas, etc. Excavándose só o 5 ou 10 por cento foron encontradas dúas marcas (selos de fabricación) de alfareiro, o que quer dicer que se poderían ter encontrado moitas máis. Da súa importancia dá idea o feito de que até agora só se coñecían outras dúas. Atopáronse tamén muros, res-



tos de casas e restos de esgotos da rede principal".

Felipe Arias comentou a este periódico a paradoxa de que "en Astorga a rede do *alcantarillado* romano veña de ser declarada ben cultural e monumento histórico artístico", mentres que en Lugo só se respecta o império das paleadoras: "o cal non impide que as dúas cidades vaian celebrar actos do bimilenario xuntas". Segundo Felipe Arias, a agresión quizá se pudo ter evitado se na Coruña a destrución de restos das murallas en M<sup>a</sup> Pita tivese contado cunha maior oposición. A agresión continúa débese, a dicir dese arqueólogo, "ás presións económicas nunha

sociedade onde prima o tereno das rentabilidades inmediatas, sobre a rentabilidade cultural, en contradición, iso si, coa maioría dos países europeos que tanto din imitar, pois, nacións como Alemaña, Inglaterra, etc., encárréganse cada vez máis de demostrar que o progreso non é incompatible co respecto ao Patrimonio".

A problemática dos feitos foi recollida graficamente polo BNG que utilizou na súa campaña de protestas o lema de "que pavimenten as ruas e non a historia".

#### DO IMPÉRIO ROMANO AO IMPÉRIO DA ESPECULACIÓN

Do império romano que che-

gou a dominar Galiza só quedan os restos e para iso nen sequer merecen o respecto dos municipais. O novo império é o do beneficio depredador que dá lugar a unha debacle urbanística como a que está aparecendo nestes últimos meses: En Pontevedra o edificio "As Palmeiras" e a Alameda que traen ao alcalde, Rivas Fontán, polos xulgados; en Vigo fálase de "cambiar" a estrutura dunhas das poucas zonas salváveis da cidade, a Alameda; na Coruña só hai que citar o nome do rexidor local, Francisco Vázquez, un verdadeiro político de serie negra que ameaza con converter M<sup>a</sup> Pita nunha garaxe de película americana.

A que é debida a aparición deste marco político obsesionado por construír aparcamentos subterráneos en concellos gobernados tanto por AP como polo PSOE?

Segundo Fernando Arribas, secretario lucense de Adelphi, "o proxecto carece de visión de futuro e a curto prazo"; e supón "un despilfarro económico, que afecta a todos os cidadáns que non teñen intereses ocultos en negocios que, como no caso que nos ocupa, só benefician aos construtores e a algun máis".

O Coléxio de Arquitectos analiza máis polo miúdo o caso de Lugo: "unha alta porcentaxe das prazas de aparcamento destinaranse á venda, polo cal os beneficiarios serán os seus propietarios e non o cidadán medio, iso si, a costa de espazos públicos, patrimonio da colectividade".

En propiedade non pode falarse de venda dos aparcamentos, senón de concesións administrativas a 49 anos, o que na práctica ven ser case o mesmo. Sobre este mesmo punto Fernando Arribas preguntábase, ante A NOSA TERRA, se os 400 millóns de gastos que suporán os aparcamentos están xustificadas cando das 700 prazas previstas, só 300 poderán ser utilizadas polos condutores que o desexen, dado que as outras 400 resérvanse para a "venda".

Se antes todos os camiños levaban a Roma, agora para mirar quen fai o negocio todos os camiños apuntan ás construtoras, ou mellor dito á construtora, en singular, porque os aparcamentos de Lugo, igual que os de A Coruña e Pontevedra están en mans dunha mesma compañía: Dragados e Construcións. Nada ten de mau, en principio, que se trate da mesma empresa nos tres casos e que sexa ela ademais a que fai o proxecto e tamén a obra e que obteña por iso uns bons beneficios. Só cabe preguntarse por que tantas coincidencias, por que non se fixo un concurso axeitado para designar á empresa que se ía facer cargo das obras; por que se fixo con todas Dragados, cando esta non é —senón todo o contrario— das empresas máis perxudicadas pola crise, o que podería xustificar en parte a concesión; por que se poñen en mans dunha empresa de alto nivel como Dragados unhas obras para as que, polas súas características, está capacitada calquer outra empresa? Son preguntas que ben poderían ensombrecer a boa figura dalguns alcaldes e concellais. Ao mellor nada hai de sospeitoso en todo isto e todo é debido á habilidade de Ángel Segura, directivo de Dragados, moi coñecido pola súa gran capacidade de convicción. Ao fin e ao cabo xa dixo Vicente Quiroga, alcalde de Lugo, que un dos aspectos que máis caracterizan á cidade sería o da "espontaneidade, fluidez e riqueza das relacións persoais".

MANUEL VEIGA

Por conceder a licéncia do edificio "Las Palmeras" sabendo que era ilegal

## Rivas Fontán procesado



O Xulgado de Instrución número 3 de Pontevedra ditou acto de procesamento contra o Alcalde de Pontevedra, Rivas Fontán, por un presunto delito de prevaricación, en relación coa concesión dunha licéncia urbanística ao polémico edificio "Las Palmeras".

O Alcalde replicou a esta decisión acordando na Comisión de Goberno frear as licéncias urbanísticas, e intentando criar un "movimento de protesta" que encabezarian os construtores, cos que mantivo unha reunión na propia alcaldía. O Xulgado, pola súa banda, empezou o trámite de dilixencias por este feito, que se pode considerar de obstrución á xusticia.

No auto de procesamento o Xuíz afirma, no tocante á concesión da licéncia, que resulta tanto máis incomprensíbel canto que Rivas Fontán se opuxera nun comezo a esta solicitude.

O Xuíz recolle no citado

auto que Rivas Fontán ocultou a senténcia da Audiencia Territorial sobre da ilegalidade da construción aos seus compañeiros de Corporación? e ao Secretario Xeral do Axuntamento. Tamén precisa que esta senténcia non quedou unida ao expediente do "Edificio Las Palmeras", en contra do ordenado pola Comisión Permanente.

Recóllese tamén no auto que "o Señor Esperón, aproveitando o cambio de actitude do alcalde a respecto da até aquel momento mantida pola totalidade dos organismos oficiais, incluída a Corporación Municipal, presenta un escrito no Axuntamento no que lonxe de limitarse a solicitar información urbanística, ofrece expresamente un compromiso consistente en renunciar ao terreno ocupado (polo alcalde para unir dúas ruas sen facer trámites previos) e ao recurso contencioso se se lle autoriza a obra que pretende, e que resulta aínda máis ilegal que a que fora denegada ao "Edificio Las Palmeras".

O auto de procesamento recolle que "Rivas Fontán non ignoraba que a licéncia era ilegal", e ademais que lle constaba "a súa ilicitude".

(Para máis información ver número 266 de A NOSA TERRA).

A.E.

## Relación de atentados e infraccións denunciados polo COAG

- Obras na Catedral de Santiago (1978)
- Derribo do edificio Castromil, en Santiago, para construír un estacionamento subterráneo (1974)
- Deterioro progresivo do conxunto de Pedre (Cerdedo, Pontevedra)
- Atentados contra os espazos arquitectónicos das feiras
- Deterioro da paisaxe no litoral entre Vigo e Camposancos
- Especulación nos terreos que rodean o Castelo de Baiona (1982)
- Edificación ilegal en Sobrado dos Monxes (1982)
- Proxecto de rehabilitación do Castelo de Sobroso (Ponteareas, Pontevedra) (1982)
- Rehabilitación do Teatro García Barbón de Vigo (1983)
- Demolición do Mosteiro das Donas ou das Cascas en Betanzos (1984)
- Destrución da ponte de Oróns (Vimianzo, A Coruña) (1984)
- Estacionamentos subterráneos na Coruña, en particular os cinco ubicados na Cidade Vella (1984)
- Infraccións urbanísticas na provincia de Lugo (1985)
- Atentados no Camiño de Santiago (1985)

### OUTRAS DESFEITAS URBANÍSTICAS OU ATENTADOS CONTRA O PATRIMONIO

- Destrución dos restos do Castelo de San Sebastián para edificar a Casa consistorial de Vigo.
- Edificio "Las Palmeras" en Pontevedra, con infracción urbanística grave.
- Estacionamento subterráneo en Pontevedra, nas inmediacións das ruínas de Santo Domingo.
- Proxecto de pavimentación da Alameda de Vigo.
- Construcións no poboado de Cebreiro.
- Urbanización e hotel no Pazo do Rial (Vilagarcía e Vilaóna de Arousa)
- Estacionamentos subterráneos nas prazas da Constitución, Santo Domingo e Ferrol, en Lugo.
- Demolición do edificio racionalista do Sanatorio Pimentel, en Lugo, para sustituílo por outro de maior volume.
- Proxecto de embalse de Sela e asolagamento das pesqueiras do baixo Miño.



Praza da Constitución



Restos arqueolóxicos encontrados nas excavacións (terra sigilata)

XOSÉ LUIS TEJERO

XOSÉ LUIS TEJERO



# A negociación colectiva 86 mediatizada polo paro

MANUEL MERA

Despois de tres meses de encetada a negociación colectiva podemos dicir que o aspecto máis significativo é a baixa conflictividade laboral e que a maioría dos convénios estanse a firmar no marco do AES. A ruptura das negociacións, o recurso á mobilización e á folga, é a excepción. De calquer xeito estas loitas, aínda que minoritarias, teñen un valor cualitativo importante, xa que se dan nun intre en que as condicións obxectivas e subxectivas actúan de xeito negativo cara a mobilización dos traballadores asalariados á hora de presionar por mellorar as condicións laborais ou salariais.

Entre as excepcións ás que faciamos referencia no párrafo anterior podemos destacar: —As mobilizacións dos traballadores da factoría Bazan, do Ferrol, para impedir a introdución do convénio de cláusulas que eliminen as conquistas anteriores en materia de contratación laboral, aprendices e amortización por baixas. Este

é o primeiro paso que pretende dar o Goberno para impor a continuación unha redución de plantilla de máis de 2.000 obreiros. —A firma do convénio colectivo do Comercio de Textil de Ourense coa libranza dos sábados pola tarde, logo dunha convocatória de folga no sector, que se suspendeu ao aceptar a patronal unha hora antes do inicio a reivindicación dos empregados e sindicatos.

—A folga dos traballadores do sector de Armazenistas de Madeira de Pontevedra, dun día e convocada en solitario pola INTG, que obrigou á patronal a firmar un aumento do 9%.

—O encadeamento de delegados da banca privada da INTG en Madrid para esixir un convénio galego e denunciar a actitude obstrucionista da patronal do sector e as negociacións paralelas.

—Peche do Comité de Empresa de Alúmina-Aluminio ante a demora na negociación do convénio e a aplicación irregular e interesada do actual.

—Os cortes de tránsito protagonizados polos traballadores do grupo Álvarez en Cabral e Pontesa (Arcade) para presionar a patronal, que apenas ofrece un 5% de aumento salarial.

—A mobilización de 400 traballadores da conserva en Vigo, fronte á Unión de Fabricantes do sector, para esixir: convénio galego, 181 días de traballo continuo ao ano para fixas-discontínuas, denunciar a firma do convénio anterior por parte de UGT (de eficacia limitada) e pedir un aumento do 11%.

—As convocatorias de folga na Limpeza e en Hostelería na provincia de Pontevedra, que logo foi desconvocada.

Se comparamos estes feitos coa mobilización durante a negociación colectiva de 1985 non hai diferencias fundamentais, se temos en conta que convénios tan importantes como Metal de Pontevedra ou Sidero de Coruña foran firmados o ano pasado por un período de dous anos. Como diría un médico: o cadro clínico é o mesmo.

A negociación colectiva non pode ser analizada afastada da situación global da realidade económica de Galiza (causas obxectivas) de fortaleza das organizacións políticas e sindicais que defenden os intereses dos traballadores galegos (causas subxectivas).

A negociación colectiva está condicionada no noso país pola falta de ofrecemento de emprego asalariado, a debilidadade das organizacións sindicais, e a actitude pactista do

sindicalismo español e a súa incidencia social en Galiza. Pola dependencia económica da nosa nación, e o feito de que as nosas riquezas e mineiras e agrícolas se trasformen fóra, repercutindo na falta de industria e servizos, e por tanto no ofrecemento de emprego. Desde 1981 a situación agravouse por mor do desmantelamento de sectores ponteiros da nosa economía (sector naval, construción, etc.), perdéndose 74.000 postos de traballo asalariado, o 15% do total! Calquer traballador sabe hoxe que perder o posto de traballo significa tardar anos en conseguir un novo, que tería e que terá que competir cun exército inmenso de parados, sub-emplegados e emigrantes retornados, para acceder a calquera emprego. Galiza conta con 1.200.000 persoas activas, delas 170.000 parados rexistrados, 450.000 subemplegados no agro, industria e servizos (400.000 no rural). Ou sexa: 600.000 marxinnados que serven de reserva de man de obra barata ao capital: o 50% da poboación!

A este cadro, xa de por si grave, temos que engadir unha política por parte do Goberno español e da Xunta favorable ao gran capital, concretada en leis e decretos que incentivan a contratación eventual, flexibilizan o despi-

do, a xornada laboral, etc. O feito de manter os organismos oficiais unha actitude, que temos que entender premeditada por repetitiva, de demora ou agachamento á hora de comprobar infraccións e impor sancións aos empresarios.

A falta de emprego non é pois un problema de parados e sub-emplegados, como moitos poden pensar, afecta como xa comprobamos, tamén aos traballadores fixos. A loita por mellorar as condicións económicas e laborais dos asalariados está hoxe intimamente unida ao ofrecemento de emprego, e portanto da capacidade de mobilización. Con isto non estamos cuestionando que haxa conflitos conxunturais, e que algúns podan tere transcendencia.

A loita pola creación de emprego en Galiza é fundamental e ten que unir neste intre a todos os traballadores asalariados, labregos, estudantes, pequenos comerciantes e industriais; de que sexan capaces de forzar ao Goberno español e á Xunta; de que varien os seus plans sobre Galiza o primeiro, e incentiven a creación de emprego o segundo, depende o noso futuro económico, político e social, e portanto, a non dubidalo, a capacidade que teñan os asalariados de presionar no futuro na negociación colectiva.

## tribuna

# As cámaras agrarias e o seu futuro

RAMÓN MUÑOZ

O 2 de Xuño de 1977, un Real Decreto reconvertía as antigas irmandades de labregos e gandeiros —sindicato agrario franquista— a nunhas denominadas Cámaras Agrarias que non eran outra cousa que a continuidade daquela adaptada á nova situación democrático-formal. Efectivamente, a mesma promulgación foi dun xeito impositivo, a súa pertencencia obrigatória, seguíase coa estrutura das irmandades, competían cos sindicatos en clara desigualdade de condicións para estes, usurpaban o seu patrimonio, servían ao caciquismo. Deste xeito as posteriores eleccións ás Cámaras viñeron confirmar e reafirmar a rede caciquil, que se fixo coa maioría delas en todas as provincias galegas, pondo á súa fronte persoas que nada tiñan a ver cos intereses dos labregos. Como é lóxico, as Cámaras Agrarias, nestes case dez anos de existencia, non representaron nada para a mellora do noso agro, limitándose a ser organismos puramente burocráticos e na maioría dos casos inoperantes.

No ano 1984 a Xunta de Galiza establece, polas facultades que lle confire o Estatuto, unha lei de Cámaras Agrarias galega, que ven sendo unha copia da estatal adubada cunha demagóxica chamada ao recoñecemento parroquial, tendo por obxecto, conseguintemente, o control do campesiñado e a neutralización das organizacións agrarias progresistas.

Diante disto, o novo go-

ELEIÇÕES ÀS CÂMARAS AGRÁRIAS DO ANO 1978 (Número de vocalías)

Sindicatos	A Coruña	%	Lugo	%	Ourense	%	Ponteve.	%	Total
USAC	581	53,2	—	—	—	—	—	—	581
Independentes	206	18,6	503	64,2	20	1,9	43	5,8	772
CNJA	134	12,2	—	—	—	—	—	—	134
CC.LL.	99	9,0	195	25,0	171	16,0	62	8,4	527
SS.AA.	62	5,6	20	2,6	45	4,2	40	5,4	167
SAGA	10	0,9	—	—	88	8,2	60	8,1	158
SILGA	—	—	42	5,5	—	—	—	—	42
AGA	—	—	—	—	713	66,3	531	71,8	1.244
FTT	—	—	—	—	19	1,8	—	—	19
Porcino	—	—	24	3,1	—	—	4	0,5	28

berno central do PSOE considerou que a montaxe das Cámaras feito pola UCD e continuado agora por AP, nun sector tan manipulado polas clases ás que representan, significaba un serio perigo para a súa supremacía, de tal xeito que a Coalición Popular ten no voto rural galego un dos seus máis firmes baluartes. O desmantelamento daquelas tal como están concebidas facíaselles, pois, apremiante.

O primeiro paso foi conxelar os cartos estatais destinados a elas, de maneira que o seu funcionamento se fixese imposible, o segundo sacar unha lei de bases cuxo marco impedisese seguir coa estrutura caciquil actual e cuxo proxecto está sendo discutido neste tempo no Parlamento español. Nel, establécense unhas Cámaras Agrarias de ámbito provincial, de afiliación voluntaria, ás que somente se poden presentar agricultores directos e persoais e cuxas funcións en nengun caso poden interferir a la-

boursa sindical, se ben elas servirán para coñecer a representatividade das organizacións profesionais agrarias, que no seu día, tras unhas eleccións, asumirán os seus órganos de goberno. Xusto é recoñecer que esta vez si consultaron aos sindicatos agrarios, outra cousa será o caso que lles fagan.

As Comisións Labregas, que están en contra do establecemento de Cámaras Agrarias por canto que entenden que duplican funcións propias doutras institucións ou organizacións tais como cooperativas, sindicatos, Concellos, servizos oficiais como o de Extensión Agraria, etc., conlevando un derroche de recursos, observan, non obstante, o proxecto de lei do PSOE como un mal menor fronte ao de AP, se ben enviaron unha serie de alegacións diante da imprecisión de que adolece e denunciando o intento de anular aos sindicatos agrarios nacionalistas através de impor unha

porcentaxe moi elevada de votos para obter representatividade estatal que se concreta en:

1º) É preciso que a lei deixe claro que vai pasar co patrimonio das antigas Irmandades e a COSA, de tal maneira que os sindicatos representativos teñan acceso a el nas proporcións que se sinalen.

2º) Considerar eleitores a toda persoa xurídica (Sociedades, empresas) ao mesmo nivel que os agricultores directos, é misturar sindicatos agrarios de clase con organizacións empresariais, que deben ter a súa representatividade a outro nivel e segundo criterios diferentes. Polo tanto pronunciamonos pola supresión do punto c) do artículo 10. En canto ao punto d) deste mesmo artículo (Cooperativas, SAT) debe quedar claro, tamén, que deben ser traballadores directos e persoais.

3º) O esixir para ser elector ou electibel estar afiliado ao Réxime Especial da Seguridade Social Agraria ou ben ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos, marxina a moitísimos xóvenes e mulleres que traballan nas explotacións familiares e desvirtua a representatividade das Cámaras Agrarias. Por isto, e se ben debido á urxencia de coñecer dita representatividade sindical no campo, admitimos que provisoriamente se realicen unhas eleccións ás Cámaras con este criterio, sen embargo debe quedar de manifesto que no prazo máis breve, elaborárase un censo de agricultores, que unha vez rematado

e con base nel, celebraríanse unhas novas eleccións.

4º) Consideramos inadmisíbel, por discriminatório, ese 20% de votos conseguidos por un sindicato das Comunidades Autónomas para obter representatividade diante da Administración Pública e vémolos como un intento de neutralizar aos sindicatos nacionalistas á vez que evidencia, máis unha vez, o complexo centralista dos nosos gobernantes. pedimos, por conseguinte, que se revise este punto e que sexa o 10% a porcentaxe mínima de representatividade.

A dereita vaise opor con todas as súas forzas a esta lei que sen dúbida reducirá o seu poder, teñamos en conta que de 8.513 Cámaras Agrarias Locais en todo o Estado pasará a haber 50 e en Galiza as 309 existentes quedarán en 4 Cámaras Agrarias. As protestas xa comezaron e o contencioso entre o Goberno Autónomo galego que esixe o recoñecemento da súa lei de Cámaras Agrarias e o Central que quer implantar a súa lei de bases é unha proba da resistencia, por parte do caciquismo, a limitar as súas posibilidades de control sobre o sector agrario.

Pero a oposición tamén vai vir desde a esquerda do PSOE se non se contemplan as alegacións feitas e segue mantendo unhas Cámaras marxinatoras dos sindicatos nacionalistas, de amplos sectores de poboación rural, como son as mulleres e os xóvenes, ou permitindo que elas sigan podendo ser manipuladas por persoas alleas ao campo.



# Nos rios galegos: poucos peixes e algunha merluza

Son cen mil, como os "Fillos de San Luís", pero armados de canas. Saen, sobretudo, os fins de semana. Cediño, para coller os mellores pozos ou os cachóns máis frecuentados polos peixes. Aparcan os coches nos camiños e patean prados e lameiros. A moitos impórtalles pouco que a froita teña máis dos 17 centímetros regrados, ou que a lamprea non sexa superior aos 25 e os 20 da anguía tamén non se teñen moi en conta; en canto ao salmón de menos de 40 centímetros, bon era se picase, pero non pica. Os cotos están cheos todos os feirados, tanto ten que sexan troiteiros como salmoneiros, para os que se pode considerar que coller un bono é como se lle tocara a un a lotaría.

Pero a maioría dos que van aos salmóns voltan desilusionados. É case imposible conseguir unha captura e desde que se pescou o "Campanu" non chegan aínda aos cen as pezas logradas. Destácanse nas capturas o Eo, sobretudo no Coto de Turismo, que reñeta o principado de Asturias desde o ano pasado.

En Galiza tamén hai que mentar, dentro da pobreza xeral, o Coto de Ximonde e o do Couso, así como a zona libre de Sinde, todos no Ulla. A estes tramos salmoneiros hai que lles unir o Río Miño e o Landro. A contaminación, que ou os mata ou lles produce a enfermidade "necrose ulcerosa", pero sobretudo os encoros, están a acabar cos sal-

móns en Galiza. De seguir así as cousas en poucos anos pescar un salmón será un milagre dos de canonización (non dicimos se ao salmón por lograr sobrevivir, ou ao pescador por ser merecente de tamaña grácia).

### BON TEMPO PARA AS TROITAS MAO PARA OS TROITEIROS

Os troiteiros non están moito mellor que os pescadores de salmóns. Estas primeiras semanas poden calificarse como más. O moito vento, a friaxe e as cheas dos ríos e regatos, fan que as capturas sexan pobres. Seguramente moito máis pobres do que pensamos, pois hai que ter en conta as esaxeracións que cometen a maioría dos pescadores que fan que unha troita se converte en dúas ou en tres e unha "xirelo", pareza unha "loba" de catro quilos.

Se o número de salmóns se pode controlar con case total facilidade, o das capturas de troitas e outras especies e case imposible de calcular. No primeiro caso existen controles que contabilizan as capturas, no segundo as capturas sábense polos comentarios, pero tamén polas caras que poñen os que voltan das marxes dos ríos e regatos.

Pero parece tamén que as repovoacións non deron moito resultado, sobretudo as que fixeron con troitas arco-iris, ou outras variedades, abandonando a troita comun, a que

durante séculos veu enchendo os nosos ríos e até os regatos e preseiros máis pequenos.

Piores foron aínda as repovoacións con "peixes", ou famosas carpas americanas que alí onde se realizaron acabaron coas especies autóctonas. Estas repovoacións foron unha verdadeira plaga. Elas inzaron, pero a costa de acabar coas especies "de sempre". Agora os "peixes" só serven para que os maos pescadores se den a satisfacción de levar algo ao cesto, habendo moi poucos quen os coma sequer.

Os encoros tiveron que ver tamén decisivamente na poboación de troitas e anguias, tendo que contar hoxe entre os mellores pescantins de anguias a algúns cans que cobran estes peixes, que saen coa espiña tronzada despois de pasar polas comportas da auga central hidroeléctrica, alá ao mencer cando abren as esclusas debido á maior demanda de enerxía.

Así e todo cada ano son máis os afeizoados que saen aos ríos; algúns cánsan xa nas primeiras xornadas, despois de pasar meses e meses arraxando equipos e soñando con pezas portentosas. Outros seguen a confiar en que co bo tempo as cousas cámbien. Para os máis, a pesca é unha desculpa para saír da casa ou para comer cos amigos. Até hai algúns que van ás troitas e collen "unha merluza"...

PUCHEIRO

## ao primeiro toque

# Outra vergoña do baloncesto

RICARDO RIVERA

O último enfrentamento Cibona-Zalghiris tiña, ademais do interés dunha final europea, a expectación da contenda Petrovic-Sabonis. Sen dúbida os dous mellores xogadores europeos.

O resultado xa é coñecido, pero require unhas consideracións porque na cancha xogábase varios partidos a un tempo.

A Cibona gañaba o partido apesar de que Petrovic só conquiría 22 puntos nunha serie moi baixa (6 encestes de 18 intentos). Por contra Sabonis convertía 12 de 17 para rematar con 27 puntos, aínda que non foi o imparábel reboteador doutras veces. Porén, a Cibona derrotaba ao Zalghiris e amosaba ter un equipo máis compacto.

Deportivamente Sabonis vence a Petrovic pero a Cibona esnaquizaba ao Zalghiris e mantiña dese xeito o seu título de campeón de Europa.

Mais a análise do partido non pode rematar aquí. O enfrentamento dialéctico iniciado por Sabonis insultando a Petrovic foi continuado polo entrenador Vladas Garastas antes da final, e transformouse nun enfrentamento físico con cabadazos e trompadas dignos dun combate de boxeo.

Cando se xogaban os primeiros minutos Sabonis e Arapovic tiñan o primeiro choque e comezan as olladas asasinas. Despois Cvjetamicin cobadea a Sabonis e este resposta cunha métrica trompada. Xa no segundo tempo Kaprikas comete unha falta intencionada sobre Nakic. É unha das moitas que se fan no baloncesto pero incrivelmente o iugoslavo reacciona dándolle un cobadazo no rosto ao soviético. Neste intre e agallorando desde a outra canastra chega Sabonis para saltar un fenomenal directo na faciana do iugoslavo que dá cos seus 203 centímetros no chan, empingado entre unha valla publicitaria. Os árbitros, inopinadamente, só descalifican ao soviético e o partido rematou aí, cando ficaban case 9 minutos por xogar.

Despois só se agardaban os pases por debaixo da perna ou por tras do lombo con que Petrovic amostra o seu estrelato e a súa falta de respecto ao contrario. Un espectáculo abafante. Unha mistura de circo e boxeo que non tiña nada de calidade baloncestística e moito menos de deporte. Partidos como este dan mágoa, vergoña e deixan no ar a sensación de que o deporte finou hai tempo. Ou, polo menos, agonía.



A Caixa de Aforros de Galicia cerrou o exercicio pasado cun incremento do seu beneficio neto do 77,5% a respecto do ano anterior.

Caixa Galicia surxiu no 1978 como resultado da fusión da Caixa de Aforros e Monte de Piedade de A Coruña e Lugo e a Caixa de Aforros de O Ferrol. No 1980 incorporárase a Caixa de Santiago e, no 1982, a Caixa Provincial de Lugo. Paralelamente encetouse o proceso de integración das catro culturas empresariais nunha só, acometendo un proceso de normalización e homoxeneización da



Entidade, dotándoa de unidades operativas fortes.

Posteriormente, unha vez culminada esta primeira fase, pasouse á descentralización e apertura de novas parcelas de negocio, incluíndo o internacional.

Son, portanto, cinco anos ategados de traballo e feitos a destacar, que se plasman perfectamente na evolución dos resultados de cada exercicio, e que levaron a Caixa Galicia a se converter non só na primeira caixa de Galicia, senón tamén na sétima do ranking nacional.

RESUMEN MEMORIA

# CAIXA GALICIA



Cun 19,9% de crecemento durante o ano pasado, a Caixa Galicia situouse na carta Caixa de entre as dez maiores por taxa de crecemento interanual, cun 52,8% dos saldos de acreedores contabilizados en Galicia.

Un dos obxectivos de Caixa Galicia foi durante este tempo a súa propia capitalización. Os recursos propios da Caixa pasaron de 8.290,47 millóns no 81



a 13.165,60 millóns no 1985.

As inversións crediticias, pola súa banda, rexistaron unha taxa de crecemento do 15,05%, sendo o saldo ao 31 de Decembro de 142.495,6 millóns de pesetas. Esta taxa é superior á media das caixas galegas (13,5%) e está por riba da media das Confederadas.

Apesar do estancamento da demanda crediticia durante o pasado ano, os préstamos formalizados pola caixa foron 43.248 por un importe global de

OBRA SOCIAL	
GASTOS TOTAIS	402 millóns
EDUCACION	151,2
TERCEIRA EDADE	101,0
CULTURA	85,0
OBRAS EN COLABORACION	39,5
AXUDAS VARIAS	13,1
COLONIAS E PARQUES INFANTIS	12,2

67.169,50 millóns.


Como xa se mencionou, a evolución dos resultados de Caixa Galicia é espectacular, até acadar ese 77,5% de incremento no seu beneficio neto a respecto do 1984.

"Estos dados —resalta José Luis Méndez, Director Xeral de Caixa Galicia— confirman a brillante evolución da nosa entidade. Unha evolución que temos de agradecer en grande medida ao personal de Caixa Galicia, que coa súa profesionalidade e esforzo temos chegado a donde estamos".

RESULTADOS EXERCICIO 85	
● PRIMEIRA CAIXA GALEGA CO	52,8% DE ACREEDORES
● SEPTIMA CAIXA ENTRE AS CONFEDERADAS	
● COARTA CAIXA, ENTRE AS 10 MAIORES,	POR TASA DE CRECIMENTO

INVERSIÓNS CREDITICIAS	
CAIXA GALICIA	54,01%
RESTO CAIXAS GALEGAS	45,99%
CADA DOUS CREDITOS QUE SE DAN EN GALICIA, UN É DE "CAIXA GALICIA"	





### A GRAN AVENTURA!

Unha novela que se recomenda calurosamente e que poden ler todos os membros da familia; ou sexa, unha inversión rentable.

X.G.G. TREBOADA

**A BOA LITERATURA**

Martín Coutinho en busca do sol é moito máis (que unha novela de aventuras): é a gran aventura do home en busca de si mesmo.

M. Quintáns Suárez  
EL CORREO GALLEGO

**DIS TRIBUIDA POR GALAXIA**

Un singular volume dentro da nosa literatura.

X. González Gómez  
A NOSA TERRA



SE VOSTEDE É DOS QUE NON TEÑEN DIÑEIRO PARA COMPRAR UN PIANO VOSTEDE PODE SER DOS NOSOS

A NOSA TERRA



## CONTRATE MUSICOS E ARTISTAS GALEGOS

SINDICATO GALEGO DA MUSICA

SOLICITE O LIBRO-CATALOGO COAS FOTOGRAFIAS E FICHA TECNICA DE TODAS AS AGRUPACIONES

CHAMANDO AO TELEFONO 981-599898 OU ESCRIBENDO AO APDO. CORREOS 1131 DE SANTIAGO. TOTALMENTE GRATIS



Hai agora 50 anos que morreu

## Prometeo Vilar Ponte

GUSTAVO LUCA DE TENA

Nunha película tan densa e concorrida como é a da historia do nacionalismo galego desde 1916, a Antón e Ramón Vilar Ponte (que así asinaban os seus traballos polo que carece de razón certa insistencia ortográfica no de Villar), tócalles o papel prometéico de modelar unha parte xerminial da nosa semántica de liberación. En artigos, opúsculos, pezas de teatro e ensaios (de Antón, sobretudo) aparecen formulados pola primeira vez termos como *nacionalidade*, *galeguismo*, *soberanía* ou *arredismo*. A Antón débese probablemente a invención da cabeceira *A Nosa Terra* que apareceu no 1907 con Vaamonde Lores, Rodrigo Sanz e os agraristas de Lugo, que son o seu primeiro contacto co rexionalismo. Á súa man débese tamén o traballo de levantar as *Irmandades da Fala*, que fundou co seu irmán Ramón na rua Rego de Água 4 da Coruña, no mesmo local en que dez anos antes se constituíra a Academia.

O labor político no campo en barbeito da lingua (Murguía e os primeiros rexionalistas facían guerra de guerrillas coa fala, e as retiradas tácticas coinciden en número e cáseque en data cos avances) e a aportación dun vocabulario básico nacionalista, son dúas figuras de barro que levan o carimbo de Vilar Ponte. Por que de barro? A Antón Vilar criticábanlle a feble elaboración teórica do seu nacionalismo, no que a fala é máis importante que os falantes e as palabras están antepostas aos conceptos. Quería facer da lingua un cabalo de troia que criase conciencia da plenitude da vida e da cultura de Galiza e do seu dereito irrenunciábel á independencia. "Porque falar en galego é todo... para sentar as bases dun pensamento e unha acción propias que nos encamiñen á procura e encontro de nós mesmos no fondo das nosas almas", di no seu *Nacionalismo Gallego*. É o instrumento que lle permitirá aos nacionalistas atravesar o muro do *pesimismo*, outra palabra clave de Vilar Ponte.

Acusado no seu tempo de retórica, mesianismo e superficialidade, Vilar Ponte conseguiu reunir arredor das *Irmandades* a vellos rexionalistas afogados entre o integrismo estéril de Brañas e o rexeneracionismo, partidarios da *solidaridade*, agraristas e vellos federalistas. Ninguén poderá negar que estamos en presenza do primeiro partido político que cria o nacionalismo.

O traballo de base, o labor sociolóxico e o protagonismo propagandista do grande xornalista que foi Antón Vilar, mantén unidas a forzas tan desemeillantes en intereses. Nun seu artigo tantas veces citado, *Verbas Mortas*, Antón Vilar Ponte defende os conceptos que el puxo en circulación con éxito enorme, e ataca aos que os desgastan. Declararse *rexionalista* no seu momento, definía unha posición e poda que un compromiso, pero cando a tropa de coengos e frades que acompañaba a Brañas se di rexionalista, a devaluación do concepto poderíase comparar

á do partido de UCD coa contratación do seu esmagador cartel Landelino Lavilla-Calvo Sotelo; declararse *galeguista*, non ben posto o concepto en circulación por Antón Vilar Ponte, ten un significado ético que perderá por

causa do propio desgaste político da *melée* interclasista das Irmandades. Sucesivamente será a sorte dos conceptos *nación* e *nacionalidade*. Nengun destes procesos de apropiación de palabras devalúa ou posterga a obra de Vilar-Ponte pero pode servir de reflexión sobre a construción teórica da nacionalidade.



Antón Vilar Ponte



En *Escolma de Artigos Nacionalistas*, *Nacionalismo Gallego*, *Discurso á Nación Galega* e *A los Regionalistas Gallegos* de Vilar Ponte está un nacionalista inspirado por Fichter, Herder e o romantismo alemán pero tamén e principalmente por Pi i Margall. Algun historiador tense sorprendido de que o camiño recto de nacionalista Antón Vilar Ponte non continue no Partido Galeguista e vaia parar na ORGA de Casares Quiroga (na que coincide con Suárez Picallo). No diário coruñés *El Combate*, republicano-unionista que xuntaba as correntes de Ruiz Zorrilla (republicano progresista), Pi i Margall (federal) e Salmerón (republicano unitario), hai un colaborador de 22 anos que firma Antón Vilar Ponte (*Vilar*, xa daquela) afervorado federalista. "Las corrientes modernas — escribe en 1903 — se estrellan contra la valla de los cerebros incultos. Ahí está la causa principal de que aparezcan los jóvenes actuales como seres degenerados de aquella raza vigorosa y fuerte en que se destacaban Ponzal y Curros". Este Antón Vilar novo, que se recoñece como "enamorado ferviente del culto a la libertad" asegura nas páxinas de *El Combate* que "várias veces el nombre honrado del sabio Pi i Margall fue suprimido del texto de trabajos míos por la pluma sacrilega del director de un periódico. No una vez; varias veces; no en un solo periódico; en varios...". O aborrecimento que lle produce "el reaccionarismo que a nuestra prensa gallega deshonra", levaríao ao exilio en Cuba, onde dirixiu publicacións en Camagüey e La Habana. Antes traballou en "El País" de Madrid. O pacto "sinalagmático, conmutativo y bilateral" dos federais, o agrarismo de Noriega Varela e a teoría concéntrica do artellamento entre nacionalidade e estado, de Francisco Giner están por igual no primeiro e último Vilar Ponte. E de sobre sei que o autor de *Os Evanxeos da Risa Absoluta* perdonariame hoxe que o compare con Prometeo, soportando con dignidade que lle devorasen os conceptos todos os días para recrecelos ao día seguinte co seu libro de cabeceira — *Las Nacionalidades* de Pi i Margall. Aquí en Galiza a morte do águia que lle roubaba as palabras a Antón Vilar como a Risco ou ao propio Castela segue a ser un traballo de todos.

## Experiencia única

## Mostra de teatro infantil en Ferrolterra

Do 14 ao 26 de Abril celebrarase nos concellos de Ferrolterra, que forman a Mancomunidade da Ria do Ferrol, a "Mostra de Teatro Infantil Galego Xeración Nós".

Nesta edición participan nove grupos profesionais e once escolares e afeizoados que o farán na "Mostra de Teatro Escolar e Afeizoado", que comeza unha semana antes da primeira. Os 19 grupos representarán vintetrés obras. En total serán cuarenta sesións semanais ás que asistirán entre nove e dez mil rapaces. Os sete grupos galegos que estarán presentes son: "Trécola" e "Cachirulo" de Santiago; "T.B.O." de Vigo; "Tanxarina" de Redondela; "Viravolta" de Lalín; "Rua Viva" e "Tagallo" de Fene, ademais do grupo portugués "Joana".

Na primeira semana, do 14 ao 19 celebrarase a "Mostra de Teatro Escolar e Afeizoado", no que participan once grupos pertencentes a coléxios, escolas de teatro, sociedades culturais e escolas municipais dos axuntamentos de Ferrolterra.

Alén das representacións, terán lugar outras actividades relacionadas co teatro: cursos de iniciación, animación (impartido polo grupo portugués), pedagogía teatral, técnicas e construcións de cabezudos, construción e manipulación de marionetas, etc; así como mesas redondas sobre a problemática teatral galega.

Esta mostra de teatro é unha experiencia única no estado.

A.E.

## Nova directiva da Escola Dramática Galega

A Escola Dramática Galega elixeu en Asamblea Xeral uns novos cargos directivos. O cargo de Presidente está ocupado por Francisco Pillado Mayor; Manuel Lourenzo é o Secretario; Xan L. Eiris o tesoureiro, e como vocais figuran, Rosário Barrio Val, Gelines López Oliver e Xosé Manuel Vázquez.

Entre os proxectos desta nova Xunta Directiva figuran a potenciación dos tres departamentos con que conta a Escola: didácticas, dramáticas e Estudos Teatrais, así como a publicación, neste ano 1986, de dous traballos dedicados ao teatro de Castela e Antón Vilar Ponte.

X.C.

## III Premio Xerais de Novela

## Só se poderán presentar orixinais coa normativa ILG-RAG

A principal novidade que leva a convocatoria do premio de novela mellor dotado economicamente da literatura galega (1 millón de pesetas) é a esixencia de que os orixinais que se presenten veñan escritos na normativa lingüística aprobada — por decreto da Xunta non sancionada polo Parlamento — oficialmente, ape-

sar da oposición de numerosos colectivos á mesma. A xustificación de incluír — como primeiro punto das bases — esta regra, remata por dividir, quizais definitivamente, aos escritores galegos, por unha opción gráfica ou outra, nunha situación que ademais non é óptima para a propia literatura, que suma así un atran-

co máis ao de por si pequeno mercado editorial.

Luís Mariño, director de Edicións Xerais, fixo fincapé nos éxitos de venda das novelas anteriormente premiadas, e especialmente a importancia de que na anterior edición fose un xoven de vinte anos quen triunfase, o que sinalou como unha das

partes máis satisfactorias da convocatoria do certame. Sen entrar na cuestión da normativa publicamente, Mariño sinalounos que desamanciera "evitámonos problemas de posteriores reclamacións, pois antes non se contemplaba nada ao respecto". Nalguns círculos coméntase que é unha maneira — lícita por outra

parte nunha empresa privada — de salvagardar aos xurados de rumores que daban crédito á opinión de que os orixinais que viñesen nalgunha modalidade reintegrada nen eran tidos en conta polos xurados. (Ver bases III Premio Xerais de Novela en páxina 23).



# Galicia na ollada do gasteiztarra Becerro de Bengoa

XOSÉ ESTÉVEZ

Ricardo Becerro de Bengoa alborou á luz en Vitoria-Gasteiz no ano 1845. Xa desde a xuventude amosou fondas inquietudes intelectuais e políticas, dedicándose aos máis polifaciais mestres: arqueoloxía, historia, biografía, minaría, literatura, arte, periodismo, etc. Foi membro de varias Asociacións e Institucións culturais: Sociedade Económica de Amigos do País, Ateneo de Palencia, Centro Literario Vascongado, Academia de Ciencias e correspondente da Academia de Historia, exercendo, inclusive, o ensino como catedrático de Física e Química.

Participou activamente na política desde posicións liberais, republicanas e fueristas, con certos vencellamentos federais, xa que en 1869, con 24 anos, firmou o pacto de Eibar, a prol dun Federalismo español, con alicerce no exemplo foral basco. En 1891 saíu deputado pola conxunción liberal-republicana e en 1902, data do seu pasamento, era senador pola provincia alavesa.

Entre a súa abondosa e ricaxeira escrita, que abranxe perto de 105 títulos, atópase un choqueiro relato dunha viaxe por Galiza, feita no ano 1883 co gallo da inauguración do camiño de ferro. A ollada agalloupana a través das aboralladas fiestras dos vagóns, as pequenas estadias nas estacións, apeadeiros e os seus arredores e as conversas con paisanos i estudiosos locais proporcionáronlle unha fartureira información, que deixou consignada, para regalia nosa, no devandito libro, publicado en Palencia en 1883 co título: "Viaxe descriptivo de Palencia á Coruña". Nel gorentounos cunha garimosa visión de Galiza e os galegos, non silenciando, emporiso, o abraio que lle producía a laceirada situación dos labregos. Aínda que os fogueirazos fitadores dos viaxeiros sexan forzosamente parciais como súpetos lóstregos, tampouco se lles pode negar prestamento, pois non están suxeitos ás paixóns, ás veces cegadoras, con que os indíxenas ollan os léríos propios.

Ricardo Becerro de Bengoa enfeita a Galiza con estas araxes: é un País fundamente rural, de sobexa poboación, mal mantida e cun sistema de alimentación pouco variado. O chan, emporiso, é fartureiro, mais os labregos e colonos, que compoñen a maioría da poboación, son pobres debido aos trabucos, aos foros, á falta de instrución, á miúda división da propiedade, á



Músico Pastor das montañas da Fonsagrada. (La ilustración Gallega y Asturiana)

excesiva demografía, á usura e ao carecemento de comunicacións. Nomea como recursos agrícolas principais: centeo, millo, patacas, trigo, castañas e, nalgunhas bisbarras, viño e aceite. Sobresai a timidez da industrialización, que samente mostra un temesino empuxe nos arredores da Cruña, aínda que a meirande parte das industrias encontráanse vencelladas ao sector primario: coiro, chicolate, salazóns, xabron, madeira, vidro, etc. Segundo o viaxeiro gasteiztarra, o labrego emprega a cotío a lingua galega, que afirma é a lingua propia do País, e albisca unha lixeira castellanización entre as mulleres de certo status social e cultural. Para el, o remate completo da rede de camiños de ferro guindaría á Galiza a un alto nivel económico e social.

Non deixou Becerro de Bengoa de subliñar a importancia de Rosalía de Castro na paisaxe cultural galega, a quen rechama un sobresainto curuto no labouar literario daquel intre, feito que non pode omitirse ficando tan recente o centenario do pasamento da egréxia trovadora nacional, cuxa sogra Concha Murguía Egaña nacera en Oyartzun a comezos do século dezanove.

Sinalou, tamén, Becerro de Bengoa o sanguento cancro da nación galega: a emigración, que espalla os seus mellores fillos polo mundo, mergulla o finisterral País no subdesenrolo económico, couta o adianto político-social e some a Galiza nun ermo demográfico.

Velaí, derradeiramente, a descrición, que fai o polifacético vi-

toriano dos costumes, carácter e situación do labrego galego:

"Mestas aldeñas, que se albiscan desde a via e nas que se acochan nas encanadas e máis alá dos montes, vive o labrego, pacífico e honrado como poucos. Ten a súa moi pobre casa, feita e coberta de xisto cun hórreo diante, ao seu carón uns montóns de erva. Abarbuxa os seus ferrados de terra con millo, centeo, un pouco de trigo, patacas, fabas, berzas, un pouco de liño e coida unha xunta de bois e vacas de laboura. As mulleres arraxan a casa, ceban o porco e vixian as galiñas. Os rapaces levan vinte ou trinta ovellas da casa ao monte, e ninguén folga, ninguén acouga, nen en día de labor, nen en día de festa, despois de misa. O seu morixerado mantimento é: un pote de caldo, que sempre está no lume, e ten berzas, patacas, ás veces fabas, e un pouco de unto de porco.

As oito da mañá deixan o traballo e almorzan unha cunca do devandito caldo e pan de centeo ou de millo; ás doce xantan unhas papas de caldo e despois de anoitecer cean outra ou outras cuncas do mesmo caldo con pan. Cando hai algun forasteiro a quen agasallar, poñen touciño no pote, e, se é o día da festa do povo ou algunha gran festividade, a familia agasállase con carne e pan branco. Ás veces, os días de festa, con indescribíbel agarimo, os homes dan unha volta pola taberna e tempéranse co lixeiro e acedo zume da bisbarra, xa que "o viño fai do vello mocío". As ánimas teñen unha fonda significancia na Galiza rural e non atopará o viaxeiro un só mendíño, que, con lastimeiro son, non lle pida unha esmola polasa ánimas dos seus pais.

O labrego galego é falangueiro, ledo, garimoso, escozoso, moi cavilador, sabe do campo o que souberon seus pais e avós e ás veces óvenselle os típicos refráns:

Fica nidia, con este tristeiro relato, a miserenta situación do labrego na Galiza finisecular, aínda en vida de Rosalía, que lle obrigou a emigrar na percura do pan noutras terras e nacións, como a hospitalaría Euskal Herria, acollidora de tantos galegos no seu seo.

Espero que este mal enxergado artigo chante outro e máis fondo lito no estreitamento solidario dos povos, galego e basco, no vieiro dun efectivo Galeuzca.

XOSÉ ESTÉVEZ  
é profesor na Universidade de Deusto

## músicos de galiza

### Benita Moreno

(A Coruña, 31-X-1792 /  
Puente del Arzobispo)

XOÁN M. CARREIRA

Soprano. Filla do violinista da capela de Santiago Francisco Moreno, viveu nesa vila até os 8 anos. Desta idade foi levada, xunto coa súa irmá Francisca, a Italia, onde realizaria os seus estudos.

O seu debut fíxoo no teatro *La Fenice* de Venécia, na estrea da ópera *La Festa de la Rosa* de Stefano Pavesi; desde entón comezou unha importante carreira internacional. Consideráraselle, xunto coa súa irmá, a introdutora de Rossini en España, estreando no teatro dos *Caños del Peral* de Madrid *L'Italiana in Argeli* o 29-IX-1816.

Coñécese aínda pouco da biografía da cantante, se ben sabemos que se retirou a vivir unha temporada na Coruña, pois no 1848 circulou o seguinte anuncio pola cidade: "Doña Benita Moreno Ponce de León, profesora de música que ha sido muchos años Prima-Donna en los Teatros del Príncipe y Cruz de Madrid, y pensionada de dichos teatros, acaba de llegar de París retirándose a esta ciudad de donde es natural, y en ella ejecutará su arte. Dicha señora se propone dar algunas lecciones de canto en su casa o en la de los que gusten honrarla con su confianza. Hablará a sus discípulos en castellano, francés o italiano. Las personas que tengan a bien disfrutar de sus conocimientos artísticos, podrán dar aviso en la calle de Luchana nº 7".

**BIBLIOGRAFÍA.**—Jorge García Barros. *Medio siglo de vida coruñesa*. A Coruña, 1965. Fernando López-Acuña López. *Moreno, Benita*. En "Gran Enciclopedia Gallega", T. 21. Gijón, 1983. José López-Calo. *La Música en Galicia*. Barcelona, 1981. M<sup>a</sup> Luisa (Rodríguez) Nache. *Recuerdo de grandes cantantes gallegos*. Mss. Baltasar Saldoni. *Diccionario biográfico-bibliográfico de efemérides de músicos españoles*. Madrid, 1868-81). Mariano Soriano Fuertes. *Historia de la música española desde la venida de los fenicios*. Madrid, 1855-59).

A VIDA DOS PEREGRINOS  
POLO CAMIÑO DE SANTIAGO  
Barret - Gurgand

LA AVENTURA DEL  
CAMINO DE SANTIAGO  
Barret - Gurgand

HISTORIAS DE COMPOSTELA  
J. Filgueira Valverde

Prisciliano, Xelmírez, Otero Pedrayo: EUROPA É NOSA. Compostela, 1986.

Doctor Maraño, 10 VIGO-11 (Pontevedra)



andando a terra

M. HORTAS VILANOVA

## Lembranza de Xavier Vales Faílde

Hai xa certo tempo o meu vello e moi querido amigo César Varela, que é de O Carballiño e tenlle certa querenza ao trato como non podía ser menos, notícioume que, nun libreiro de vello, atopou o célebre opúsculo *Rosalía Castro*, impreso en Madrid en 1906 —hai agora oitenta anos, boa idade pra facerlle unha reedición— do que é autor Vales Faílde. O César Varela non puido facerse dono de tal tesouro pois o seu excesivo precio non estaba ao alcance dos seus posibles.

Xavier Vales Faílde foi toda unha lenda. Os seus ecos chegaron, moi esvaídos, ao que escribe. Naceu en San Salvador de Camba —os cambotes no seminario de Lugo tiñan sonda de bós latinistas—, na provincia de Pontevedra o 7 de nadal de 1872. En Tui, protexido por un tio de seu, deán da catedral, D. Benito Faílde, fixo os estudos eclesiásticos. Celebrou a súa primeira misa na capela da casa materna, en Faílde, parroquia de Salto, concello de Rodeiro, na provincia de Pontevedra. Na universidade compostelana estudou Dereito, acadando o doutoramento.

Ocupou cárgos moi importantes. Foi Xuíz Auditor de Número no Supremo Tribunal da Rota, Chanceller da Junta de Consejo de la Orden del Toisón de Oro, Vocal da Xunta Directiva do Patronato Real para la supresión de trata de blancas, da Real Academia de la Historia, Vicepresidente da Real Academia de Jurisprudencia. Era, asimismo, Capelán da Casa Real e estaba proposto pra bispo de Sión, *Vicario General Castrense*

e *Patriarca de las Indias*.

Tiña sonda de ser un extraordinario orador. Moitos dos seus estudos foron premiados en certames literarios. Couceiro Freijomil enumera catorce publicacións da autoría de Vales Faílde, a primeira de 1901 e a derradeira de 1921. Ten varios traballos que tratan o problema da emigración galega. Outros son publicacións encol de temas de Dereito, sociais ou relixiosos. Das súas publicacións as máis celebradas foron: *Rosalía Castro* que, como sinalamos, saliu á luz no 1906 en Madrid. E ao ano seguinte, tamén en Madrid, o estudo titulado *El autor de la Salve: San Pedro Mezozzo*.

Xavier Vales Faílde morreu en Madrid o 30 de marzal de 1923.

Hai moitos anos foinos dado contemplar un retrato de Vales Faílde. Tratábase dunha fotografía de medio corpo, con sotana e manteo. A súa face era un pouco alongada, con nariz acusada e grandes ollos, moi expresivos. A cabeza calva ou, como dicen os portugueses, careca. Unhos escasos cabelos, sabiamente dispostos, tentaban tapar o cráneo.

A meirande parte dos artistas, intelectuais e políticos que deu Galicia no primeiro tercio deste século eran amigos de Vales Faílde. A súa sonda e o seu prestixio en Madrid foron enormes. Xa fixemos unha breve referencia aos cárgos que desempeñou e as súas publicacións, que eran ensaios solventes, novedosos e ben escritos.

A morte de Vales Faílde foi un sucesos que comoveu a toda a península e a media Europa. Na prensa da época a noticia

ocupou moito espacio e produciu unha grande cantidade de comentarios.

Xavier Vales Faílde suicidouse un día de Venres Santo. Degolouse no cuarto de baño, cortando o pescozo cunha navalla barbeira. Tiña cincuenta anos de idade. Na derradeira época da súa vida, ao parecer, andaba moi decaído fisicamente.

Especulouse moito encol de cal sería a causa ou as causas do suicidio. As versións máis comúns foron que a causa era debida a que non o nomearan bispo de certa diócesis hespañola. E tamén a de que estaba namorado da raíña dona Victoria Eugenia, esposa de Alfonso XIII e muller con sonda de ser moi fermosa.

Unha das circunstancias que máis comoveu a opinión foi a de que o suicidio tivera por protagonista a un crego famosísimo e que o realizara precisamente o día de Venres Santo, unha especie de dobre sacrilexo pra os católicos, con estranos elementos de satanismo. A actitude da Eirexa fora de grande tolerancia. O nuncio, o famoso monseñor Tedeschini, tivo palabras de louvanza pra persoa do suicida, chegando a dicir que Deus, na súa misericordia, o tiña acollido no seu seo.

A figura humana e a obra ensaística de Vales Faílde comenza a quedar lonxe no tempo. Sería interesante revisalas. Entendemos que a súa biografía, os seus brillantes estudos, os seus trunfos oratorios, as súas relacións coa élite do seu tempo e, sobor de todo, as circunstancias e as causas da súa morte, merecen unha biografía ben documentada.

galeria de artistas

FERNANDO M. VILANOVA

## António Fernández

António Fernández é un máis dos intrépidos casos dunha xeración inconformista que buscou novos horizontes, dando a razón á poesía rosaliana. Ao redor dunha vocación xurdida nos parámetros máis primitivos, a realidade da súa obra é claro exemplo dunha inqueda que buscou saída levándoa até ás últimas consecuencias.

Natural de Goián, no Val Miñor, onde nasceu en 1882, cando é aínda un rapaz de doce anos emigra ao Brasil, acudindo con asiduidade en Rio de Janeiro ao obradoiro de Ernesto Papff que o introduce nos segredos do oficio que lle abrirá as portas sendo un mozo das primeiras exposicións individuais, con que pronto percorre todo Brasil, consolidándose como un especialista no xénero da paisaxe.

Retorna a Europa en 1910 e instálase en Anticoli (Italia) procurando o calor doutra luz que era centro de converxencia dos novos valores da pintura practicada ao ar libre. Compartirá nesta vila italiana o seu diálogo coa natureza de riscos e aldeas de cal, con moitos artistas que acadaran renomeado prestixio e entre os que se encontraba o noso Soutomaior. En 1929 retorna a Galiza instalándose no seu Goián natal, mantendo atención a un mercado extranxeiro que tanto no Brasil como en Italia exerce unha importante demanda e que lle suministra unha considerábel rentabilidade económica. No ano 1970 unha gran exposición antolóxica en Vigo resumiu o que foi a súa vida dedicada á arte, andarin en cen camiños e que abranxeu cáseque un século, xa que finou uns meses máis tarde cando contaba oitenta e cinco anos.

Agás algúns cadros figurativos e de interior, estudos de desnudos, autorretratos e a gran composición "As Fiandeiras", o maior volume da súa produción son paisaxes, coas que acadou todo o prestixio pictórico con que o coñecemos. Son na súa maior parte cadros de formato medio onde se reproducen escarpados cumes coa súa definida vexetación e variedade cromática, pormenor minucioso da súa relación con atmósfera e meteoroloxía. Aldeas adormiñadas, coas súas brancas paredes, sumidas nun siléncio de mudo protagonismo, animais domésticos cuxo realismo parece tiralos do



Autorretrato de António Fernández (Museo Provincial de Lugo)

lenzo para xuntalos coa realidade que os modela. Como era o seu temperamento foi a súa pintura, solitaria, individual, muda de estridencias e de formas sen insinuación. O método de traballo reclúe nas tonalidades quentes, herdade da súa experiencia tropical e mediterránea, ocre e rosas que se contraponen aos grises cobalto e aos verdes oliveira.

A luz ven ser un elemento determinante que doura a exposición do tema como un filtro que impede deslindar climas e xeografías particulares, que definen a unhas e idealiza a outras sen desprendimentos de caracteres particulares, transposición de método de traballo a medios de diferenciada imaxe xeográfica. Os seus cadros de Italia e os que realizou posteriormente no val Miñor apenas manteñen máis diferenza que a súa rotulación en si mesma, o que define que a gran categoría técnica do artista e a mediatización dunha man privilexiada prima por riba das verdades emocionais e anímicas con que os artistas deixan moitas veces impresa a súa relación co meio.

António Fernández recórdanos inevitablemente a outro gran paisaxista do país que o precedeu unha xeración, o vigués Serafín de Avendaño, tamén viaxeiro infatigábel por Italia e América. A súa presenza no sul de Galiza, ao pé destas ribeiras miñotas que nunca se fartou de relatar pictoricamente non só queda no recordo, senón que acadou seguidores do seu traballo entre os que se encontra como máis importante o tamén paisaxista Manuel Pousa.



Atardecer na montaña, óleo de António Fdez.

os nomes dos lugares

C. VARELA

## O Tenório: dous camiños diferentes

A primeira asociación que xurde no noso maxin ao escoitar o nome desta parroquia próxima a Pontevedra, ten a ver, naturalmente coas sonadas andainas amatorias de D. Juan.

Este nome debeu seguir o mesmo camiño de moitos apelidos galegos que comezaron sendo nomes de lugares, antes de pasar a ser apelativos persoais.

Deste xeito, xente galega co apelido de Tenorio seguramente se establecería noutras terras peninsulares e por aí escoitaria e tomaría Zorrilla o nome para a súa personaxe de D. Juan.

Os veciños desta parroquia, que tivo en tempos un mosteiro, do que aínda fican restos, chámanlle O Tenorio que era o nome con que se designaba na Idade Média.

Os entendidos en cuestións toponímicas elaboran para explicar este nome un discurso aproximadamente desta teor: "Atopámonos aquí con toda unha familia de nomes galegos que no seu principio foron nomes de ríos ou teñen moito a ver coas correntes de água."

Nomes análogos serían, os ríos, *Tioira*, do que hai varios en Galiza e o río *Tea* de Pontearreas, que nos tempos medievais se escribía como *Tena*.

Estamos posibelmente diante dunha antiga raíz celta ou preindoeuropea pois tamén aparecen nomes de ríos semellantes en Asturias, en Alemaña, en Inglaterra e até en Noruega; dita



antiquísima raíz —tan— ou —ten— tería o significado de corrente de água e explicaría esta comunidade de apelativos en lugares tan distintos".

Nós preferimos elaborar aquí unha explicación un pouquiño máis de andar por casa, pero que pode dar máis resultado para explicar estes nomes e moitos outros da nosa terra, sen ter que recorrer a eses exhaustivos dicionarios teutóns nen ter que gaevar pola árbore do indoeuropeu, métodos aos que tan afeizoados parecen os nosos investigadores.

As cousas poderían ter ocorrido deste xeito: Un lugar cheo de regatos no paso do latín ao galego podería ser chamado un *regatanório* ou un *rigatinório*, daí na fala iríanse separando *rega-*

tanório ou *riga-tinório*; de *rega* ou *riga* sai *ria*, pois aínda no interior do noso país, as correntes de água chamáanse rias como aínda se escoita en Marcón ao pé de Pontevedra.

Co paso do tempo estaría na fala da nosa xente *Rio-Tanório* ou *Ria-Tioira* por evolucións ben normais do noso romance e así segregados tanto *tanório* como *tioira* non serían máis que sufixos de palabras complexas relativas aos regos de água, que logo pasarían a designar vales e mesmo núcleos de poboación.

Este camiño parece máis natural que relacionar os nosos nomes con exóticos ríos de lugares tan extremos como Noruega, tan lonxe das nosas coordenadas xeográficas e culturais.



## Libros

Poesia do  
Moçambique

Dois poetas moçambicanos radicalmente diferentes na concepção e produtos literários: Mutimati Barnabé João e Luís Carlos Patraquim. Ambos, no entanto, representam dois tipos de potencialidades da moderna poesia moçambicana que se completam, enriquecendo o património cultural. Patraquim é um poeta jovem na idade e na poesia, que assimilou a língua portuguesa através da mais fecunda experiência da leitura moderna e vanguardista: Eugénio de Andrade, poesia 61, Carlos de Oliveira, Herberto Helder —arriscamos estes nomes, cientes de que se cruzam com os de Agostinho Neto, Craveirinha, João Pedro Grabato Dias, talvez Costa Andrade, João-Maria Vilanova, enfim, todos os que, de uma maneira ou de outra, perseguem a "insurrecta linguagem do mundo", no dizer do próprio Luís Carlos Patraquim, em sentido largamente múltiplo.

Patraqui, não tem sido bem visto por todos os quadrantes de opinião literária de Moçambique, segundo aquilo que temos auscultado. É perfeitamente natural, se atendermos a que se trata de um poeta cujo único livro —*Monção*— articula a mais jovem modernidade com velhas referências culturais de africanidade, afro-americanismo e moçambicanidade. Quer dizer: certos leitores desejariam que essa poesia fosse outra coisa, legível —ou até audível— por largas camadas de população, deixando de ser o que é —um produto irreduzível, único, próprio, como se a arte fosse de utilidade imediata, de resultados práticos logo evidenciados, como se a leitura difícil não fosse um convite ao trabalho, paciência e inteligência. A poesia de Luís Carlos Patraquim, por vezes, enreda-se na teia do demasiado complexo, onde música e sentido perdem terreno para a acumulação de referências culturais: "ó purilana queimada bacante / à 9ª / a fúria púber / dionisiaco / ode / ode instante // assim Beethoven se em périplo / chegasse à orla iris deste Msaho / aqui de sem pauta / mas esiva e nervura desde o tronco (...)". Por outro lado, o sexo, a obsessão do sexo feminino, o amor, o erotismo, são constantes que se cruzam com a revolução, noutra ritmo, noutra vibração: "falo para o homem sem morte / neste país a corpo de searas / e algum sangue trazido / além da fronteira (...) falo da bandeira vermelha dos teus versos / e um Povo em pé sobre o tempo / Paul Robeson agora em quitandas graves / e um ápice de monção dentro dos olhos / por ti / poeta deitado na presidência do amor".

Luís Carlos Patraquim é o poeta moçambicano que, vivendo sempre em Moçambique, ainda jovem, incorporou grande percentagem da modernidade portuguesa e brasileira, fazendo uma poesia culta. Basta passar os olhos pelos títulos de alguns poemas e escutar as solicitações universais de uma cultura cosmopolita: epicograma, australiana, partitura ecológica, adágio, efabulírica tabagista, musicatório. Depois disto, seria difícil esconder o peso da influência musical nesta poesia moderna e controversa em Moçambique.

O outro poeta —Mutimati Barnabé João— é caso único na literatura moçambicana, portuguesa (a que também pertence) e mundial. Ele pode —e deve— ser considerado o caso mais se-



melhante ao de Fernando Pessoa, no que respeita ao problema dos heterónimos. Chama-se António Quadros e, como tal, assume a responsabilidade de ser pintor, não se confundindo com o Quadros, amigo do salazarismo. Enquanto João Pedro Grabato Dias publicou uma obra diversa, em que avultam os poemas satírico-burlescos e as odes bíblicas ou à maneira de Walt Whitman. Como Frei Ioanes Garabatus, ou seja, um suposto autor de um século transacto, escreveu umas monumentais *Qui-biricas*, à maneira de Camões, em continuação dos *Lusíadas*, com mais de mil e cem oitavas rimadas e metricamente regulares, numa gigantesca farsa trágica de profunda e subtil crítica ao ideário nacional português e sua respectiva política de além-mar. Como Mutimati Barnabé João, seu verdadeiro heterónimo, na aceção habitual da palavra, torna-se um poeta moçambicano de grande envergadura popular, de palavra ligeira e didáctica, explicando, em poesia, factos, objectos e processos difíceis de explicar, mesmo em prosa simples, a pessoas com pouca preparação cultural e tecnológica. Um exemplo do livro *Eu, o Povo*, de Mutimati Barnabé João, do poema "Caborinha Bassa", apenas um breve trecho: "Eh! Camaradas. Esta aldeia tem um rio desempregado / Não pode ser mais. Não falta trabalho. / Vamos levar este rio a fazer autocrítica e a produzir. / Falta só criar as condições convenientes com nossa força. / Vai ter Caborinha Bassa nesta aldeia / E um rio com juízo e trabalhador. / Está visto, camaradas; vai ver".

A poesia de Mutimati Barnabé João simula a linguagem oral popular das gentes moçambicanas que não dominam o português culto. É uma poesia explicativa, em torno de uma situação ou de um tema a demonstrar, de forma didáctica, pedagógica, como se tornasse fácil conceitos arvezados. Não falta, porém, uma que outra nota de sentimentalismo positivo, de compreensão na luta contra o inimigo, de participação documental histórica, da luta do povo pela independência: "Estou tranquilo / este inimigo morto não é inimigo / não posso chamar inimigo a quem assim me sorri / e lamento que só agora pela mão da morte / viesse para o mesmo lado da vida. //

PIRES LARANJEIRA

## televisión

Que volta  
Ruada

Era uma vez um pequeno-grande país que estava asoballado pelas gentes da Terra-Ancha. Num tempo nom mui lonjano, numha vila dese país da Grande-Fraga, houbo umha exposiçom sobre o que em vídeo estavam fazendo alguns dos seus filhos,

e ao remate e como primícia viu-se um capiduo dum dos seriais que facia o tio de América, em concreto um que tinha lugar numha cidade que lhe dava o nome: Dallas. Os comentários gerais dos asistentes eran do tipo... genial, mui bem dobrado, a ver cando temos esto todas as semanas nos nossos fogares, que bom seria ter umha TV nossa, etc. Pouco tempo depois ja os delegados autonómicos da Terra-Ancha puxerom a caminhar esse canle televisivo tam ansiado, e todo bóm filho da grande fraga nom poido menos que aledar-se de-lo e dar-lhes umha sincera noraboa.

Durante o seu tempo de funcionamento aparecerom duas maneiras de sentar-se frente dela, a minoritária, de fixar-se só nos erros que eram muitos e fazer chistes, ja que se só olha para anédota, remata todo por ser só anédota. A postura maioritária é a de ajudar a que fosem melhorando as cousas.

Nas suas emisions habia cousas boas, sabrosas e agradáveis. Tinham um programa chamado Ruada onde todos os habitantes do país que tinham algum cárrago, os que faciam algo e os muitos inventores que nas mestas fragas habia, queriam sair e eram aseguom os dados dum organismo da Terra-Ancha (C.I.S.) o 98,3 por cento da povoaçom. O seu condutor-apresentador que tambem tanguia o "gado" que alí ia bater, fixera dumha Radio com poucos meios umha das emisoras mais escuitadas e trataram de que fixera o mesmo coa TVG, para o que foi subido de categoria. Pareceu-nos bem a todos o feito, pero nom o de que isso leva-se o desaparecimento da Ruada. Qué imos facer cos regalos que ja temos mercados e preparados para cando nos toque ir ao programa os varios milhons de persoas que iso esperamos acadar? Algún com os nervos até perdeu no comboio, a proba dos chourizos que levava (A. Reixa).

No seu lugar botaron-nos umha serie australiana de muito boa feitura, pero todo tem cabida, nonsi?. Que volta Ruada.

A TVG comeza a funcionar bem, está melhorando a qualidade das dobrages, nom soam falsas, as vozes son na sua meirande parte de excelentes actores. Personages que noutros tempos resultavam mais falsos que o lobo da carapuchinha vermelha (ver Galiza no cine) falam que dá groria ve-los.

J.R. segue a namoriscar as gentes com as suas falcatruadas.

X. L. Blanco ex-presentador e director de Ruada



Qué ama/o da casa, tras os jantares, nom espera que o bem e o amor trunfe em Ti ou Ninguém? E o lio do Quinzinho e o seu gêmeo tem a seu engado, e ao final todo remata por ter arranjo, me-nos mal.

A moza de Oiches até parece que se esforça, (o home do tempo também), inda que se lhe esquece dizer cais foram os erros do concurso que agora têm tamém o seu programa.

Hai concursinhos que som a monda-lironda especialmente um denominado de jeito ininteligível A "Venta" da Image, nom todo vai ser perfeito, e o seu apresentador é... a "releche".

Um home com muito futuro, Gayoso que antes levava *Entre Nós*, agora em *Boa Noite* fixonos esquecer deseguida que existia ja antes isse programa, canto melhorou. E pola sua banda *Entre Nós* segue a funcionar muito bem, a sua equipa funciona, e o seu novo apresentador nom está pero que nada mal (no aspecto físico gana-lhe o bem dobrado *Magnum*, inda que asegum algumas espertas, é porque sai sempre de calzom curto e peito espido).

Os telexornais estam-se estancando, tenhem que melhorar, e descuida-se sobre todo no aspecto da lingua o que remata a jornada.

Hai alguns programas que con serem excelentes ideias, nom funcionam. Um é *Galegos*; o seu condutor afúndeo. José António Silva é desas persoas que cre que aporta algo a TVG, e nim se esforça, nim trabalha; está feito um calaceiro; pensa que pode dar leçons a alguém, e tem muito que aprender; o seu jeito de levar a conversa com o convidado, estraga calquera possibilidade de sacar algo inteligente e produtivo para o espectador, nom deixa falar e el fai-no mui mal (perguiza que têm, e muita), interrompe o fio do discurso paa falar el e dizer parvadas as mais das vezes. Estou seguro que o troco desta pessoa por outra, junto com algumha outra remora que viu de Madrid e que pulula pola casa, e a TVG, e com ela os ouvintes, sairiamos ganhando.

Outra boa ideia é *Costeira Galega*, aqui o problema é de outro tipo fundamentalmente. O realizador pensa, que a TV é a rádio mais images, e radio e TV som dous sistemas distintos de comunicação. A *Costeira Galega* que botam pola TV, é um programa radiofónico com imaxes, pero nom resulta ser um aceitável produto televisivo. Se nom se entende o meio é difícil facer bem una programa.

Por hoje nom vou falar de outros programas, inda que matéria haina abondo, senom comentar o feito de como os Sheriffs de Terra-Ancha entendem que tenhem que tratar a esta TVG autonómica, se dia a dia dam-nos centos de exemplos no asunto da retransmisom de dous partidos internacionais (excelente iniciativa) cuspirom-nos na face e aqui os seus lacaios asubiam como se nada pasara. Acabamos asimesmo de "sofrir" un referendo no que o 19 por cento dos galegos inscritos no censo dixerom si ás propostas do governo da Terra-Ancha, por certo, os seus actores ao mandado do Actor Chefe nom dixerom nim umha soa palavra a prol da OTAN nim de que era a mesma, limitando-se a meter medos com o que podia pasar senom saia o Si (o que pasou e que nom esperaram nim umha semana para entrar de pleno no Grupo de Plans Nucleares).

É dicer si á política nuclear e euromisilística da "co-sociedade". Já veremos com que cara explicam logo que eso si na Alemanha e nom aqui, ao tio Sam.

Agora entram-me ganas de falar abondo do tema pero nom é este o lugar e o momento, simplesmente vou sinalar para aqueles que olham, o que da anchona-terra lhes mandam, que comparem com o que se fai com grande esforço, mérito e poucos meios na TV desta fraga.

Eu quedava parvo com o que me comentavan da TVE e um día, malpocado de mín, deu-me por conecta-la, e vim tal, (como comentava X.V. neste periódico), um modelo de manipulação cuns periodistas facendo de bruxos e hidra apocalíptica, o derradeiro dia da campanha oficial. Seria muito interesante cruzar num estudo, os resultados do referendo e a audiéncia das distintas emisoras de TV.

A TVG como rupturista do monopólio da TVEE é já um grande logro, ademais esta-se convertendo num lugar de encontro frente á TV anchona asobalhante, e num pequeno germo de liberdade, (e preparar-vos com a regulaçom das TV privadas que preparam os otánicos, a pior das possíveis).

C.B.A.

## publicacións

A prensa  
nacionalista  
na Bretaña

O fenómeno da prensa nacionalista está a rebrotar con forza na terra irmá de Bretaña. Cunha problemática parecida á galega, os bretóns teñense sabido defender mellor ca nós e son bastantes as publicacións que van sobrevivendo nun mercado domeñado polos periódicos de expresión francesa. As suas tiradas, pequenas na grande maioría, van desde os 500 até os 15.000 da revista de maior difusión, unha cifra ridícula se se compara cos perto de tres millóns de habitantes que agora ten Bretaña. Revistas culturais, de opinión, de partido e tamén as que propugnan a volta aos vellos costumes ocupan o panorama actual da prensa nacionalista bretona.

Ainda que o escritor bretón Pierre Ducloux preguntabase non hai moito se sequer se podería falar de prensa bretona, negando que existe máis alá da própria mente dos seus criadores, facio pensando máis na periodicidade deses meios e na sua distribución que na sua importância como vehiculo rexerador da lingua e recuperador da conciencia nacional entre os bretóns.

A revista que ten a maior tirada, a mellor impresión, as mellores vendas, impresa a catro cores e demais é o "Amor Magazine", unha coua similar ao invento galego chamado "Tempo Galego", ainda que os bretóns ainda non teñen naufragado no seu intento. As informaçomns son de todo tipo sen facer nengun tipo de parada especial en nengun. Na mesma faceta, ainda que con moito menor tirada e leitores, está "Evid Ar Brezhonég", unha revista que leva máis de douscentos números e presta atención a todo referido con Bretaña, ainda que ten grandes problemas coa distribución dentro do país bretón. A diferéncia do "Amor Magazine", escritor



únicamente na lingua francesa. "Evid Ar Brezhoneg" mistura os dous idiomas, o francés e bretón, sen que un chegue a predominar sobre o outro.

A medio camiño entre as dúas, aínda que de menor calidade impresa e de maior xuventude, está "Brud Nevez" unha revista de novas, viaxes e demais, escritas toda en lingua bretona. Unha alternativa do que se podería chamar periodismo de ocio.

As revistas políticas son quizás as máis numerosas. "Al Lanv", sen relación con nengun grupo político ven publicando normalmente informes sobre diversos aspectos da situación actual e os problemas económicos e sociais de Bretaña, pero tamén sobre a situación na Irlanda, Gales, Córcega ou mesmo Euskadi. Usa só o bretón como lingua de comunicación. "Le Combat Socialiste" é a revista do Partido Socialista Unificado de Bretaña, que propugna a autonomía socialista do seu país, e vai xa perto dos mil números, combinando nas informacións tanto o bretón como o francés. "Bremañ" é outro xornal independente, de só dez páxinas e que dá a visión sobre os problemas máis latentes e importantes do momento. "Le Peuple Breton", o xornal máis prestixioso, depende da Unión Democrática Bretona, o partido autonomista máis importante, é un exemplo de edición perfecta e coitada tanto no aspecto externo como nos artigos. "Pobl Vreiz", é un xornal editado todos os meses polo mesmo movemento político pero, a diferenza do anterior, inteiramente en bretón. "Emgann" é o voceiro do movemento político de similar nome (*O combate*), contén artigos teóricos interesantes e combina o francés co bretón.

Xa para findar están as revistas máis ou menos culturais que non lle prestan grande atención a outros problemas que non sexan os derivados da represión da cultura bretona. Entre todos destaca "Breizh", un xornal que está pasando por grandes problemas de financiación pero que sen dúbida é o de maior calidade. "Breizh" inclúe desde artigos sobre a cultura popular até obras dos máis reputados poetas bretóns. "Hor Yezh", unha revista dedicada á lingua bretona, bastante científica e moi achegada aos meios universitarios de recuperación do idioma propio. "Planedenn" é outra das máis destacadas, pola súa publicación das obras máis recentes na literatura bretona, como poden ser obras teatrais, contos... e tamén maravillosos estudos históricos. "Le Lian" é o xornal da asociación dedicada a recuperar a fala "gala" en Bretaña, pondo artigos tanto nesta lingua como en francés. Destacar, para findar, dúas revistas musicais: "Musique Bretonne", un xornal mensual que usa maioritariamente do francés e que ademais de música inclúe informacións sobre outros temas e do que temos entresacado algúns datos para este artigo; e "Ar Soner", o xornal oficial da Asociación de Músicos Populares de Bretaña, dedicada máis que nada á música de Bretaña e doutros países dos chamados "célticos" e tamén a informar dos diversos concursos de grupos do país.

Até aquí un pequeno repaso polo que hoxe é a prensa e o xornalismo na Bretaña colonizada por Francia. Un derradeiro dado: fronte ás tiradas das revistas bretonas, un diário centralizado, como pode ser "Ouest France" vende diariamente, en Bretaña, setecentos mil exemplares.

XESUS L. TEMEZ



Moustaki nun recital en Vigo

## música

### "Da chanson"

Por Madrid apareceu, aí atrás, Juliette Gréco —lóstrego pálido e irónico— e na noite caíron todas as follas mortas de Prévert. Tras dela unha imaxe de negra elegancia con olleiras, vagos intentos de suicidio e o cliché aplicado pola prensa perguiceira de *musa do existencialismo*.

A súa contrafigura, nada de inspiración de intelectuais, nada de cafetins de Saint Germain des Prés, foi un gorrión roto de arrabaldo, un ser miúdo anainado por historias prostibuláreas, de cegueiras e milagres, de alcohol, pastillas e amantes novos. O derradeiro: un peluqueiro gay chamado Theo Sarapo. Unha canción de Edith Piaf: "Je ne regrette rien". Outra: "Mi lord" (escrita, por certo, por Moustaki). Moustaki xa levaba moitos anos na canción cando grabara "Le Météque" (o charnego, o make-to) ese magnífico canto, desde dentro, ao inmigrante con arruallo de selo. Despois o camiño seguido por Moustaki amostrou un cantautor seguro, fácil e tocado, ás veces, por Erato. Eu amo del "L'Eden blues".

Charles Aznavour é outra cousa. Demasiado comercial foi, non obstante, quen, hai vinte, vintecinco anos, de deixamos un mangado de cancións dignas, como "Et pourtant", "La mamma" ou "Isabelle".

Barrière ou Polnareff tiveron o seu momento ao igual que Hugues Aufray, introdutor de Dylan en Europa e autor da inesquecible "Céline", e Antoine (moito menos "folclórico", no mal senso, e parvo do que se dixo) criador de boas cancións atal "Votez pour moi" ou "Pour quoi ces canons?".

Conforman Brassens, Brel Ferrat e Ferré o cerne da canción francesa actual (aínda que Jacques Brel, "Bruxelles", "Le plat pays", fora belga). Cadaquén no seu estilo, na súa ética supuxeron para moitos de nós, lá polos 60-70, o abraio. Brassens e as súas Margots, Gorilas, Pornógrafos, Xendarmes, Putas; Brel e os Burgueses, a Curmá Rosa,

as Damas do Roupeiro; Ferré ou a estética musical de alto voo xunto cun grande rigor literario e un xeito anarquista de comprometerse. Ferrat, en fin, propio e tamén o que amplificara a Louis Aragon —"Que serais je sans toi?" como peza mestra—.

Logo, Barbara (moito teño ouvido e volto a escoitar "Nantes" ou "Les filles pour son plaisir" en casa de Luís Mariño) ou Anne Sylvestre: "Mon mari est partie", Maxime e Catherine Le Forestier ou Guy Béart.

Només todos e fitos dunha chanson de qualité que non viñan no tempo escuro atal ar fresco alzado alén os Pireneus.

VICENTE ARAGUAS

## cine

### De polos e de polis

#### POLO EN VINAGRE

Gosto mais do principio da gota de auga que do do cosmos. Atráeme o infinitamente pequeno. Isto débese a que son miope.

#### Tiempo de Silencio



miro de cerca, aumento as cousas, manifesta o señor Chabrol; nengún misterio para quen coñeza o seu cine, aínda sen ser moito. Os filmes de Chabrol recollen, na súa maioría, historias que se desenvolven en pequenas vilas ao redor da mediocre burguesía de provincias; historias nas que case nunca falta un amor, unha morte violenta e Stéphane Audran, *Polo en Vinagre*, o penúltimo traballo de Chabrol, e último dos estreados entre nós, atense a este esquema querido do criador francés, e, como resulta habitual nel, ten un bon acabado, xa que se ben a exposición comeza un tanto dispersa a posterior confluencia dos elementos é efectiva, que mais sabe o demo por vello...

Hai nesta fita unha desas personaxes que se revelan contra o seu destino irrelevante e toman unha sorte de vida propia. O personaxe do policía Jean Lavardin (unha boa interpretación de Jean Poiret), que sorprende pola dureza dos seus métodos, tendo en conta, claro, que se trata dun policía francés que actúa na democrática Francia. Con respecto a isto comenta Chabrol a "nova policía", igual que se dá a "nova cocina", proba un novo "look" unha aparencia mais sorridente. Pero ao mesmo tempo o seu traballo segue a ser o mesmo. E un lémbrese, cun sorriso, para que se vai negar, de todos eses inxenuos que supoñen que existen países cunha policía anxelical, ou eses outros, aínda mais inxenuos, que se imaxinan que cando a policía detén xente, logo liberada sen acusacións, é consecuencia dun erro ou dun golpe ás baroutas. Pódese mudar de nome e de sistema, pero a un enterrador sempre lle comprará un cadáver e un buraco. Ás veces a vida non dá xogo para mais.

Polo demais a fortuna deste personaxe fixo cair a Chabrol na tentación de escribir un segundo filme para el, o titulado *Inspector Lavardin*, que segundo as críticas se acha moi por debaixo do presente *polo en vinagre*.

#### TEMPO DE SILENCIO

Unha famosa obra literaria, tremendismo de pos-guerra, en maos de Aranda, un deses directores esmerados, autor de filmes ben feitos pero fríos, inmensamente fríos, mais fríos que o erotismo da Lollobrigida.

Moi pouco lugar para a sorpresa nunha fita que, considerando as actitudes dos xuris, a un non lle estrañaríala nada que o día menos pensado se atopase cun par de premios nacionais e internacionais.

#### SUPERVIXENS

Di Russ Meyer, produtor, fotógrafo, montador, argumentista e

director de *SuperVixens*: eu son a persoa que mais ten contribuído á decadencia moral dos USA. E eu digo que xa en ocasións anteriores me teño manifestado en contra de que filmes que exhiben unha violencia irracional, unha violencia apresentada con envoltorio intrascendente, mesmo gracioso, se veñan proxectando en circuitos comerciais mentres se condena ás salas X a fitas dunha temática sexual desenvolvida dunha maneira para-humorística, e, ás veces, con estimable valía técnica, o cal se debe á idea fosilista que encol do sexo manteñen incluso xentes de esquerda, quen, a estas alturas do século, aínda che largan que a pornografía degrada a dignidade humana ou que representa unha perpetuación do machismo através da obxectualización da muller, estupideces que alguén dixo un día e se veñen repetindo con fortuna. E sigo dicindo que longas-metaxes como *superVixens*, que xa de orixen ven clasificada X, debería ir a salas especiais, asumindo que teña de haber salas especiais.

Aparte do anterior a min, condenado a comentar traballos de autores que nen me interesan en si mesmos nen me interesan pola súa obra, rotineira, chocha e falta de imaxinación, encantoume o filme de Meyer. Encantoume porque en raras ocasións ten un a sorte de se encontrar cunha despregadura de creatividade como a que hai na diversidade de planos con que se resolve a primeira conversa telefónica entre super Vixens e Ramsey, por citar un exemplo, xa que abundan as mostras de inquietude, con marca persoal, na utilización da cámara ao correr do filme. Polo emprego da música que resalta e incluso, cando fai falla, se impón á imaxe. Polo sentido do humor (magníficas as cenas de Ramsey na granxa traballando mentres os granxeiros se diverten). E mormente porque Meyer ten algo que rarea nos realizadores actuais, ten un mundo propio, un mundo de obsesións e de delirios, no que se inclúe a violencia que mencionabamos no comezo, o sexo, representado por esa colección de supers de tetas desmedidas, tan do gosto ianque, e unha visión do mundo entre a loucura e o absurdo cun fondo de crítica mordaz.

Lástima que as academias ignoren sempre aos independentes.

J.A.M.

**POULET AU VINAGRE** (Francia, 1984). Int: Jean Poiret, Stéphane Audran, Michel Bouquet, Carole Cellier, Pauline Lafont. Mús: Matthieu Chabrol. Fot: Jean Rabier. Guión: Dominique Roulet e C. CH. Dir: Claude Chabrol (outros filmes seus: a década prodixiosa —1972—, Alicia ou a derradeira fuga —1976).

**POLICIA FRANCESA EN ACCIÓN PEU S'EN FAUT. CHABROL REALIZANDO UN FILME DE CHABROL. PAS DE SURPRIS.**

**TIEMPO DE SILENCIO** Int: Imanol Arias, Victoria Abril, Paco Rabal, Charo López, Francisco Algora. Mont: Teresa Font. Fot: Juan Amorós, Guión e dir: Vicente Aranda (outros filmes seus: Fata Morgana —1966—, asasinato no comité central —1981).

**POLICIA ESPAÑOLA, TODOS MUY AMABLES. A VIDA FEITA CINE. POIS MOI BEN.**

**SUPERVIXENS**(USA, 1975). Int: Shari Eubank, Charles Napier, Uchi Digard, Charles Pittsh Haji, Glenn Dixon, Henry Rowland, Fot., mont., guión e dir: Russ Meyer (outros filmes seus: alén do val das bonecas, VP).

**POLICIA IANQUE, BESTIAL, UN FRANCO-ATIRADOR QUE SABE EMPREGAR UNHA CÁMARA. OOUTRO XEITO DE VER O MUNDO. RECOMENDADA.**





# EMIGRACIÓN 1956 MANUEL FERROL

Do libro "Emigración" de Manuel Ferrol. Editorial Centro de Estudios Fotográficos (1986)

"(...) como *Spectator*, só me interesaba pola Fotografía por "sentimento"; e eu quería profundizalo non como unha cuestión (un tema), senón como unha ferida: vexo, sinto, logo noto, miro e penso"  
"A cámara clara" ROLAND BARTHES

P  
30  
Seg  
prin  
de  
den  
ma  
qui  
do  
ain  
ma  
ca  
da  
en  
dos  
Pol  
vist  
seg  
pro  
les  
ber  
Ste  
run  
apa  
Nú  
sol  
bel  
Suá  
U  
que  
de,  
do  
da  
xer  
ma  
des  
en  
CO  
DA  
DE  
A C  
ren  
trab  
apr  
con  
llad  
bro  
tabi  
dist  
our  
de  
so  
leg  
gán  
unh  
das  
con  
con  
de  
dos  
llos  
(ven  
dad  
fras  
de.  
Lu  
felic  
Cor  
pod  
dua  
o de  
tegr  
Pa  
dest  
fala  
viva  
tura  
súa  
mún  
na  
de  
des  
que  
cert  
era  
gué  
renz  
bor  
a su  
pes  
dos,  
gas,  
prac  
Xun  
SOL  
ZAD  
Hor  
2.  
RR.  
ra.  
Oso  
9.-  
Eco  
(ver  
dici  
con  
do  
CEE  
lara  
pes  
se  
sun  
do,  
do  
da  
11),  
con  
teñ  
xco



publicacións

30 POR 40

Segunda entrega (aínda que primeiro número) desta revista de fotografía galega...

Unha mostra de seriedade que é avaliada pola publicación...

COMICS DA CASA DA XUVENTUDE DE OURENSE

A Casa da Xuventude de Ourense acaba de publicar os dez traballos máis destacados dos presentados ao I Concurso de cómics Casa da Xuventude...

(ven da páxina 7)

dade humán, sin encobrir a frase engolada coa vaciedade.

Luis Seoane sabía que a felicidade do home —como Cortázar deixou dito— non pode atoparse no individual...

Para Luis Seoane, ese destino do home do que fala Cortázar, era a chama viva de Galicia, na súa pintura, no seu dibuxo, nas súas cerámicas...

SOLUCION AO VERBAS CRUZADAS DO Nº 289

Horizontais: 1.—Ascarreiras. 2.—Vals. Acougo. 3.—En. lleón. RR. 4.—Até. Ora, Don. 5.—Loira. Río. A. 6.—Sra. Ras. 7.—P. Oso. Nadal. 8.—Ala. Rea. Oda. 9.—Li. Entón. Ir. 10.—Larpea. Ecod. 11.—Animo. Iluso.

(ven da páxina 6)

dicionais clientes europeos como Exipto, Arxélica, lemen do Nordé ou Marrocos. A CEE fai o mesmo co viño, as laranxas, as conservas de pescado...

máis para a seguinte convocatoria que se fará pública nos próximos meses.

"SEN NERVIOS" Concello de Oleiros

O Concello de Oleiros fainos chegar o nº 0 da "revista informativa xuvenil" que publica, a xeito de 'collage'...

A LA CALLE

Quinta entrega do boletín que edita a Asambleta Pro-Anistia de Madrid. Publicación antirrepressiva que en poucas follas informa sobre a situación dos presos e a represión no Estado español...

ALDABRANCA Follas de Adegas

ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica) tirou do prelo toda unha revista que, aínda que pode mellorar moito, ten unha concepción clara no senso periodístico e saíse da tónica —posibelmente sen que os gastos sen incrementen en demasia— habitual do voceiro circunstancial.

dros, formarían xa unha ampla, viva, comedia dos homes e da paisaxe.

E Rafael Alberti, no poema que lle adica no seu libro "A la Pintura", e tamén testemuño desta verdade:

"Un cor fisterre golpexado. Olo que soña o mar, cor mollado. Un pincel que se fire, ca hastra rompe a chorar e hastra se morre.

Polos camiños de néboa, violeiros, gaiteiros, cans e santos pordioseiros."

Pra rematar o poema, cheo de vida galega, cos seguintes versos:

"Queima, alonxado, o lar unha cantiga de emigrante. E sempre, na túa paleta, unha saudade queda. ¡l o mar!"

Luis Seoane, lembranza nova, e sempre, de Galicia, da Galicia da esperanza doida, da Galicia que aínda agarda.

exposicións

EXPOSICION DE XURXO ALONSO

Na Galería Arracada de A Coruña está aberta até o 19 de Abril unha exposición do pintor arousano Xurxo Alonso. Arracada está en Zapatería 4 (Cidade Vella).



convocatorias

III PRÊMIO XERAI S DE NOVELA

Edicións Xerais de Galicia, S.A., convoca a terceira edición do Premio "Xerais" de Novela en lingua galega, dotado con 1.000.000 de peseta, que se rexerá polas seguintes:

BASES

Primeira.—Poderán concorrer ó premio todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme ós criterios da normativa do I.L.G.-R.A.G.

Segunda.—Os orixinais serán presentados por triplicado, en papel tamaño folio ou en holandesa, mecanografiados a dobre espazo, antes do día 10 de setembro do 1986 nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia, S.A.; r/ Dr. Marañón, 10 - Vigo.

Terceira.—Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, adxuntarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título da novela.

Quinta.—A composición do xurado darase a coñecer o día 15 de setembro.

Sexta.—O xurado emitirá o seu fallo no curso dunha cea que se celebrará en Vigo o día 15 de novembro, na semana do San Martiño, nun local que se dará a coñecer oportunamente.

Sétima.—O premio non poderá, nesta terceira edición, ser declarado deserto e a decisión do xurado será inapelable.

Oitava.—Edicións Xerais de Galicia, S.A., que reserva os dereitos de edición sobre a novela premiada en tódalas linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá publicar esta, sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os cinco mil primeiros exemplares estarán libres do pago de dereitos de autor. O beneficiario do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. Edicións Xerais de Galicia, S.A., reserva, asimismo, e durante o prazo de seis meses, a contar desde o día do outorgamento do premio, a opción de publicar calquera das obras presentadas ó mesmo, suscribindo a tal efecto, cos autores, os correspondentes contratos de edición.

A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes bases e as decisións do xurado que se teña designado. Vigo, Abril 1986

I JORNADAS DE COEDUCACION E SEXUALIDADE

A Secretaría da Muller do SGTE (Sindicato Galego de Traballa-

dores e Traballadoras do Ensino) organiza unhas Xornadas sobre Coeducación e Sexualidade, os días 11, 12 e 13 de Abril no Centro Cultural da Caixa de Aforros Municipal de Vigo.

As Xornadas están dirixidas a profesores e profesoras de EXB, BUP e FP, e os obxectivos das mesmas son, básicamente:

—Ofrecer información e abrir un debate entre o profesorado.

—Proporcionar aos alumnos e alunas unha información sexual no marco dun ensino máis igualitario e liberador.

—Dar alternativas de traballo concretas aos profesores e profesoras que se animen a experimentar nas súas aulas.

Anímámo-vos a participar nestas Xornadas coas vosas aportacións, experiencias e propostas.

PROGRAMA

VENES 11 ABRIL

4,30-6,30 h. RECEPCIÓN 6,30-8,30 h. PLENARIO: Apresentação das Xornadas

SABADO 12

9,30-11,30 h. EXPERIENCIAS (Simultáneas, en diferentes aulas)

—TALLER DE XEOGRAFIA (Isabel Martín, Prof. Historia do

libros

POESIA... SEM DISTANCIÃO Alexandre Castanheira

Un libro de poemas con fins militantes. Castanheira, director da revista da FSM (Federación Sindical Mundial) en portugués e veterano sindicalista, destina o produto da venda do libro "para entregar á Unión dos Sindicatos de Álzada, para canalizalo aos fillos dos traballadores da construción e a reparación naval". E non só iso. A propia edición foi costeada mediante o traballo gratuito dos artistas que colaboran coas ilustracións, da imprenta e até a da empresa que suministró o papel.

Curiosa concomitancia a que se pode establecer coa crise naval en Galiza.



—Por qué non me funcionará este aparato? Solución ao do nº anterior Eles fan té (Ele S fante)

I.B. de Betanzos) —INVESTIGACIÓN PARTICIPATIVA: Traballo doméstico (Sec. Muller do SGTE) —UN PROXECTO DE EDUCACIÓN SEXUAL na F.P. (Nigrán, Riveira)

12-2 h. EXPERIENCIAS: —TALLER DE SEXUALIDADE (E.G.B.): Programa de Educación Sexual na Escola, polo Colectivo de Renovación Pedagógica "MARIMAGUADA" de Carnarias.

—EXPERIENCIA INTERDISCIPLINAR (Carme Vázquez, Prof. Literatura BUP, Isabel Martín, Prof. Historia BUP)

—INVESTIGACIÓN PARTICIPATIVA: COEDUCACION (Colectivo de alunas da Escola de Maxisterio de Vigo)

6,30-8,30 h. PLENARIO —CONDUTA SEXUAL 1ª e 2ª etapa (até os 14 anos) 3ª etapa (14-15-16 anos) Colexio de Psicoloxos de Galicia

9,30-11,30 h. EXPERIENCIAS: —OBRADOIRO DE COEDUCACIÓN (Alicia Palau da Secretaría de la Dona, da USTEC, Catalunya)

E.X.B. BUP e FP) —OBRADOIRO DE SEXUALIDADE (BUP e FP): Mª José Urruzola de Euzkadi

—OBRADOIRO DE HISTORIA (Isabel Martín)

—OBRADOIRO DE SEXUALIDADE (Suso Jares) (E.X.B.)

12 á 1 h. PLENARIO SINDICALISMO E COEDUCACIÓN (Sec. da Muller do SGT)

1 á 2 h. MESA REDONDA COEDUCACIÓN E SEXUALIDADE

Participación: ASPG, CNOF, NEG, COLEXIO DE PSICÓLOGOS

MODERA: SEC. DA MULLER DO SGTE

2 h. CLAUSURA

HABERÁ UNHA EXPOSICIÓN PERMANENTE DE MATERIAL BIBLIOGRÁFICO E AUDIOVISUAL

III CONCURSO NACIONAL DE CONTOS DE TERROR

Bases

—O conto estará escrito en galego e admitirá-se calquer normativa.

—Terá unha extensión máxima de 20 fólíos.

—Remitirase a dobre espazo, por triplicado e baixo plica a EDRA Federico Tápi, 12-1º, 15005 A Coruña; antes do 2 de Maio.

—O fallo do xurado darase a coñecer o día 17 de Maio, outorgando un único premio de 15.000 ptas., e accésits, en caso de que o xurado o considere conveniente.

—O xurado estará composto por Francisco Pillado, Xosé Manuel Martínez Oca e un membro de Edral.

—Edral reservará-se o dereito a publicar a obra.

ENCONTRO: ESTADO ACUAL DA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Table with columns: Día, Hora, Tipo de Acto, and Tema. It lists various linguistic events from April 18 to 20, including inaugurations, seminars, and conferences.



# A NOSA TERRA

alguén,  
no faiado



## A remodelación do Obradoiro

MANUEL RIVAS

Xerardo Estévez non pasará á historia: a Praza do Obradoiro segue tal como estaba. Esta dita praza, repetida até o tópico nas postais é un perfecto monumento ao atraso, pedra sobre pedra, c on estilos tan retrogradados e superados como o románico, o barroco, o plateresco e o neoclásico. "Harmonías de arquitecturas" dixo Don Ramón Otero Pedraio, tan despistado no seu anacronismo que mesmo foi nacionalista.

En ladeira como está, na Praza do Obradoiro podíase facer un aparcadeiro soterraneo con capacidade tamén para autobuses. Na súa parte superior podíase substituír o paleolítico granito por unha plancha de fibra plástica transparente. Entre o aparcadeiro e a superficie da praza, a xeito de exótica capa intermedia, situaríase un acuario con peixes tropicais e pirañas, porque o postmoderno non quita o heavy.

No caso de que prospere a moción de censura e Xerardo Estévez leve unha merecida lección por non sumarse á corrente imparable do progreso, contaminando de especies arboreas a paisaxe fermosamente inhumana do Ensanche, brindando xa o proxecto de remodelación da Praza do Obradoiro ao seu sucesor. Teño patentado, claro, porque ultimamente hai moito chourizo medido a urbanista.

Mala sorte a dos compostelans. Ahí se quedan, entre pedras milenarias e árbores recién plantadas. O resto, imos a cen con estas xeracións de alcaldes que queren pasar á historia. Menudas palmeiras teñen.

## Volver ao rego

A xente, chamémoslle, normal, empeza xa a falar do "galego Xunta". Reférese con ese termo, non á normativa, que non alcanza a tanto, senón aos erros da TVG abundantemente comentados e a ese acento extraño que utilizan.

Teño entendido que as normas da "casa" son non admitir dobradores con acento de nengun sitio de Galiza, para non facer galego local e contribuir así a que se fale un galego estandar.

O argumento, así de principio, podería colar; mais non cando se observa a práctica: os dobradores e algúns presentadores non teñen acento de nengunha zona de Galiza, efectivamente, téñeno de Sória, o cal vai en consonancia co feito de que a maioría sexan español-falantes. En resumo que por evitar localismo o que nos están metendo é acento castellano de matute.

Os do "galego Xunta" deberían saber que cada idioma ten a súa fonética, vaia.

M.V.

## Castelao:

"Os galeguistas víñamos condenados a facer unha política compaxinadora para compensarmos o retraso en que collemos á nosa Terra"

Seguemos co "Sempre en Galiza". Un libro complexo, no que se fai difícil tirar textos sen medo de caer na descontextualización. A risco de rachar esa unidade pero coa intención de que estes textos servan de estímulo para un maior aprofundamento na obra de Castelao, escolmamos este anaco dese libro (páxinas 199-200-201).

XIV

Na campaña preparatoria do plebiscito estatutista os galeguistas cansámonos de repetir en todol-os mítins a mesma promesa: "Declaramos que non somos partidarios da violencia e que o noso Partido aspira a realizar o seu programa dentro da máis estricte legalidade; pero da mesma maneira que consideramos o separatismo como unha idea anacrónica e non embarcantes estaríamos dispostos a abrazalo como derradeira posibilidade de salvación, asimesmo decimos que non aceptaríamos endexamáis a violencia como sistema; pero que estamos dispostos a aceptala para defender a República contra calisquera ameaza de tiranía". Esto dixemos a esto fariamos; pero non-os cadrou a nós orgaizar a defensa do réxime en Galiza, e os que tiñan esta misión descoidárona e morreron pendurados do teléfono que comunicaba con Madrid e co Ministerio da Gobernación. Se nós gobernásemos en Galiza procuraríamos salvarla sen auto-



Mitin republicano en "La Polar" de La Habana (4-12-1938)

rización de Madrid, e teño a seguridade (seguridade basada en informes certísimos do que alí ocorreu) que non seríamos vencidos pol-os militares acoartados. E aínda digo máis: Galiza determinaría, coa súa liberdade, a salvación definitiva da República. Por eso canto máis cavilamos no que pasou, sentímonos invadidos pol-o arrepentimento; pois tamén nós somos culpables ao renunciarmos a interferir as decisións do Goberno en asuntos xeraes, prestándonos a servilo cegamente. Confesemos a nosa imprevisión, de paso que decramos a dos demáis.

¿Cómo pensábase no intre de xurdir a sedición? Para nós a política do Frente Popular estaba descomposta e fracasada. Sabíamos que o Goberno republicán —por conminación dos seus grupos parlamentarios— tiña que impor a Lei ou deixar o Poder. En ambos casos o fin da coalición era cousa de meses, e, pol-o tanto, a rebeldía das "dereitas" resultaba ilóxica e irracional. Sóio axentes estranos podían precipitar unha guerra que, no intre de xurdir, era inutilmente criminal. Nós intuíamos que algo extraordinario nos ameazaba, e o amor a Galiza sóio nos facía cavilar



Castelao e Virxinia con Luis Soto en Nova York

na sorte do Estatuto. Custáranos tanto traballo e tantos sacrificios!

Nos primeiros meses da República xa tropezamos coa incompreensión dos republicáns, i esto determinou a política que seguimos. Tiñamos de ser xenerosos, para gañarmos a estimación do povo, e tiñamos que ser compaxinadores, deixando facer aos demáis e aplazando para máis tarde a explosión do que verdadeiramente sentíamos. Fomos cautelosos e tan precavidos que o que gañábase por unha banda perdíamolo pol-a outra. A nosa táctica sería boa se a República vivise máis tempo; pero compre decir que a nosa fé era tan desmedida como a dos gobernantes.

En realidade os galeguistas víñamos condenados a facer unha política compaxinadora para compensarmos o retraso en que collemos a nosa Terra, por culpa dos nosos devanceiros políticos, que non popularizaran as súas doutrinas nin orgaizaran a forza que debía difundilas. N-este sentido nós actuamos aceleradamente e non podemos queixarnos do resultado; pero faltounos,

eso sí, a ambición de ocupar postos, e cometemos o erro de deixar que os ocupasen aqueles homes que nós sabíamos incapaces e insensibles á nosa idea.

Galiza é unha nación perfectamente diferenciada; pero a súa vontade política non podía compararse coa de Cataluña e a do País Vasco, o que non é motivo para negarlle o dereito a ser libre. ¿Mideuse algunha vez a vontade política do povo hespañol para saber se Hespaña debe ou non ser independente? Galiza tivo sempre unha "élite" de homes capaces de rexila (rexiron a Hespaña moitas veces e souperon mantela en paz) e non se pode medir a capacidade d-un povo pol-os resultados d-un referendum, e menos aínda por un referendum que as torpes eixencias da Constitución obrigaban a mistificar. Por esto nós estábamos colidos antre dous deberes e sacrificámos todo ante a idea de presentar ás Cortes da República o noso Estatuto e lograr a súa promulgación. Dispois xa non teríamos máis que un deber: salvar a Galiza i engrandecela. Pero ese "dispois" non chegou.